



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA**

Venres, 4 de xuño de 2010  
Taxa 0,94 € (IVE incluído)

## SUMARIO

Páxs.

### I. DISPOSICIÓN XERAIS

#### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

— Orde do 28 de maio de 2010 pola que se incorpora un novo procedemento ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

10.099

#### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

— Decreto 85/2010, do 27 de maio, polo que se modifica o Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, aprobado polo Decreto 431/2009, do 19 de novembro.

10.099

Páxs.**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto 86/2010, do 3 de xuño, polo que se concede a Medalla Castelao. 10.101
- Decreto 87/2010, do 3 de xuño, polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 8 de xuño de 2010. 10.101
- Resolución do 30 de marzo de 2010 pola que se aproba a proposta da comisión de avaliación dos candidatos para a adxudicación dunha bolsa de formación en dinamización de contidos na área de teleformación, convocada por Resolución do 4 de decembro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* número 242, do 14 de decembro). 10.114
- Resolución do 30 de marzo de 2010 pola que se aproba a proposta da comisión de avaliación dos candidatos para a adxudicación dunha bolsa de formación en competencias técnicas vinculadas aos sistemas de xestión da teleformación, convocada por Resolución do 4 de decembro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* número 242, do 14 de decembro). 10.115
- Resolución do 29 de abril de 2010 pola que se aproba a proposta da comisión de avaliación dos candidatos para a adxudicación de dúas bolsas de formación na área de documentación e biblioteconomía, convocadas por Resolución do 4 de decembro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* número 241, do 11 de decembro). 10.115

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA**

- Corrección de erros.-Resolución do 30 de abril de 2010, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se publica a relación de solicitudes de outorgamento de autorización administrativa de instalación de parques eólicos para promotores titulares de plans eólicos empresariais. 10.116

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Orde do 2 de xuño de 2010 pola que se determinan os servizos mínimos esenciais durante a folga convocada na empresa *Ambugallegas, S.L.* que se levará a efecto desde as 00.00 horas do 5 de xuño de 2010 con carácter indefinido. 10.116

Páxs.

- Orde do 3 de xuño de 2010 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais durante as tres folgas convocadas para o día 8 de xuño de 2010, das 00.00 ás 24.00 horas, nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, fundacións e empresas públicas sanitarias e empresas contratistas de servizos que teñen as súas condicións laborais equiparadas co persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. 10.117

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Orde do 31 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a mellora da eficacia e sustentabilidade das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos agrarios, e se convocan para o ano 2010. 10.125

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Orde do 31 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade, cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca. 10.164

**IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS****AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL**

- Resolución do 26 de abril de 2010 pola que se fai pública a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), pola quenda de promoción interna e cambio de categoría. 10.175

**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

- Resolución do 26 de abril de 2010, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión do posto de xefatura de persoal facultativo de xefe de Servizo de Pneumoloxía deste complexo hospitalario. 10.176

Páxs.**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA**

- Resolución do 20 de maio de 2010 pola que se aproba e fai pública a listaxe definitiva de admitidos e excluídos e se convocan os aspirantes pola quenda de promoción interna á realización do primeiro exercicio do proceso selectivo para cubrir unha praza de técnico superior de publicacións desta universidade. 10.176
- Resolución do 20 de maio de 2010 pola que se aproba e fai pública a listaxe definitiva de admitidos e excluídos e se convocan os aspirantes pola quenda de promoción interna á realización do primeiro exercicio do proceso selectivo para cubrir unha praza de técnico superior de información desta universidade. 10.177

**V. ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA****XULGADO DO SOCIAL  
NÚMERO CATRO DA CORUÑA**

- Cédula de notificación de sentenza (1181/2009). 10.178
- Cédula de notificación de sentenza (783/2008). 10.178

**VI. ANUNCIOS****a) DA ADMINISTRACIÓN  
AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO  
AMBIENTE, TERRITORIO  
E INFRAESTRUTURAS**

- Resolución do 20 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Infraestruturas, pola que se somete ao trámite de información pública complementaria o documento para información pública da autovía Curro-Baión, treito II: enlace de Costa-Baión. Adaptación do trazado entre o p.k. 1+930 ao 3+400. (Clave PO/02/199.01.3.2). 10.179
- Resolución do 25 de maio de 2010, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto, para a contratación das obras que se citan. 10.180

Páxs.

- Cédula do 7 de maio de 2010, do Servizo de Mobilidade de Ourense, pola que se notifican as denuncias por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servizo de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar. (Expediente OU-00063-O-2010 e seis máis). 10.181
- Anuncio do 20 de abril de 2010, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se empraza a interesada para ser notificada por comparecencia no expediente PO-RES-2010-014. 10.182
- Anuncio do 6 de maio de 2010, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, polo que se fai pública a Decisión do 5 de maio de 2010 de non someter a modificación puntual número 3 do Plan especial do núcleo histórico do concello de Allariz (Ourense) ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. 10.182

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA**

- Resolución do 26 de abril de 2010, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Cambados. (Expediente IN407A 10/91-4). 10.183
- Resolución do 26 de abril de 2010, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Vigo. (Expediente IN407A 10/92-4). 10.183
- Resolución do 27 de abril de 2010, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello da Guarda. (Expediente IN407A 09/928-4). 10.183
- Resolución do 28 de abril de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello da Coruña. (Expediente IN407A 07/456). 10.184

Páxs.

- Resolución do 30 de abril de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello da Coruña. (Expediente IN407A 09/374). 10.184
- Resolución do 30 de abril de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Arteixo. (Expediente IN407A 09/389). 10.185
- Resolución do 30 de abril de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello da Coruña. (Expediente IN407A 09/407). 10.185
- Resolución do 5 de maio de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados polas instalacións eléctricas L.M.T., C.T.A. e R.B.T., Campo-Peizás (Boimorto e Mesía). (Expediente 406/2008). 10.186

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Cédula do 27 de abril de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se notifica a resolución do expediente sancionador 2009243SEA, por infraccións en materia sanitaria. 10.187
- Cédula do 4 de maio de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se notifica a resolución do expediente sancionador 2009203PRO, por infraccións en materia sanitaria. 10.187

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Cédula do 14 de maio de 2010, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se lles dá audiencia aos interesados no procedemento de baixa da autorización turística dos establecementos que se relacionan. 10.188
- Cédula do 14 de maio de 2010, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se notifica a resolución do expediente sancionador OU-S-69/2009, por infracción leve en materia de turismo. 10.188

Páxs.**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Cédula do 4 de maio de 2010, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se fai pública a notificación de resolucións de expedientes tramitados por este departamento territorial. 10.189
- Cédula do 10 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se notifica resolución do expediente sancionador incoado por infracción administrativa na orde social 2001/0042-2. 10.189
- Cédula do 11 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se notifica resolución do expediente sancionador incoado por infracción administrativa na orde social 2007/0540-4. 10.190
- Cédula do 12 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se notifica resolución do expediente sancionador incoado por infracción administrativa na orde social 2007/0401-1. 10.190
- Cédula do 14 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se notifica resolución do expediente sancionador incoado por infracción administrativa na orde social 2007/0713-1. 10.191
- Edicto do 6 de maio de 2010, do Departamento Territorial de Vigo, polo que se notifican resolucións xestionadas neste departamento territorial. 10.191

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Resolución do 10 de maio de 2010, da Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural, pola que se fai pública a convocatoria mediante o procedemento aberto con criterio único (prezo) para o alleamento das madeiras que se citan da provincia da Coruña. 10.191
- Anuncio do 5 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, polo que se notifica a resolución do recurso de alzada contra a resolución ditada polo director xeral de Desenvolvemento Rural con data do 14 de novembro de 2009 en relación coa zona de concentración parcelaria de Santo André de Campo Redondo (Ribadavia-Ourense). 10.192

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Cédula do 27 de xaneiro de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de incoación e trámite de audiencia de expedientes sancionadores (PESAN1 2009/001483-1 e dous máis). 10.193

|                                                                                                                                                                                                                     | <u>Páxs.</u> |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| — Cédula do 10 de maio de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha notificación de resolución de recurso de alzada de expediente sancionador PESAN1 2009/001244-1.                 | 10.193       |
| — Cédula do 10 de maio de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolucións de expedientes sancionadores (PESAN1 2009/001238-1 e catro máis).      | 10.194       |
| — Cédula do 13 de maio de 2010, do Departamento Territorial de Vigo, pola que se fai pública unha notificación dos efectos da resolución de inhabilitación referida ao expediente sancionador PESAN1 2009/000015-5. | 10.194       |
| — Cédula do 13 de maio de 2010, do Departamento Territorial de Vigo, pola que se fai pública unha notificación de resolución do expediente sancionador PESAN1 2009/000705-5.                                        | 10.195       |
| — Cédula do 13 de maio de 2010, do Departamento Territorial de Vigo, pola que se fai pública unha relación de notificacións de incoación de expedientes sancionadores (PESAN1 2010/000208-5 e cinco máis).          | 10.195       |
| — Cédula do 13 de maio de 2010, do Departamento Territorial de Vigo, pola que se fai pública unha notificación de incoación do expediente sancionador PESAN1 2010/000264-5.                                         | 10.196       |
| — Cédula do 13 de maio de 2010, da Delegación Comarcal de Ferrol, pola que se fai pública unha relación de notificacións de incoación de expedientes sancionadores (PESAN1 2010/000293-1 e cinco máis).             | 10.196       |

## AUGAS DE GALICIA

|                                                                                                                  |        |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|
| — Resolución do 12 de maio de 2010 pola que se fai pública a adxudicación definitiva dos contratos que se citan. | 10.196 |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|

## AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

|                                                                                                                                                                                                                                                                            |        |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|
| — Cédula do 29 de abril de 2010 pola que se notifica a resolución do expediente de autorización de obras na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, devolta polo servizo de correos por resultar a súa destinataria ausente na repartición. | 10.197 |
| — Cédula do 5 de maio de 2010 pola que se notifica a resolución do expediente 71.2/98, devolta polo servizo de correos por resultar o enderezo do destinatario incorrecto.                                                                                                 | 10.198 |

|                                                                                                                                                                                                                                                                                    | <u>Páxs.</u> |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| — Cédula do 5 de maio de 2010 pola que se notifica o prego de cargos derivado do expediente S-2010/001-C, devolto polo servizo de correos por resultar o enderezo incorrecto.                                                                                                      | 10.198       |
| — Cédula do 5 de maio de 2010 pola que se notifica o acordo de incoación de expediente sancionador e de reposición da legalidade por infracción na zona de servidume, derivado do expediente S-2010/12-P, devolta polo servizo de correos por resultar o destinatario descoñecido. | 10.199       |
| — Cédula do 7 de maio de 2010 pola que se notifica o acordo de execución subsidiaria de orde de demolición, derivado do expediente P-UL-76.97/02, devolta polo servizo de correos por resultar o seu destinatario ausente na repartición.                                          | 10.199       |
| — Cédula do 18 de maio de 2010 de emprazamento para trámite de audiencia, devolta polo servizo de correos por non poderse efectuar a notificación no último domicilio coñecido.                                                                                                    | 10.200       |

## PORTOS DE GALICIA

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |        |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|
| — Resolución do 3 de maio de 2010 pola que se fai pública a declaración de deserto do procedemento aberto convocado para a adxudicación, polo sistema multicriterio, do arrendamento, con opción de compra, dun inmovible no concello de Santiago de Compostela para este ente para sede dos servizos centrais. | 10.200 |
| — Anuncio do 26 de maio de 2010 polo que se somete a información pública a relación de bens e dereitos que se consideran de necesaria expropiación para a execución do proxecto das obras da nova vía no porto de Vilanova de Arousa (Pontevedra).                                                              | 10.200 |

## b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

### CONCELLO DE DOZÓN

|           |        |
|-----------|--------|
| — Edicto. | 10.201 |
|-----------|--------|

### CONCELLO DA FONSAGRADA

|           |        |
|-----------|--------|
| — Edicto. | 10.201 |
|-----------|--------|

### CONCELLO DE GOMESENDE

|                                                                        |        |
|------------------------------------------------------------------------|--------|
| — Anuncio de aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal. | 10.201 |
|------------------------------------------------------------------------|--------|

|                                                                                                                                                                                      | <u>Páxs.</u> |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| <b>CONCELLO DE VIGO</b>                                                                                                                                                              |              |
| — Anuncio de contratación por procedemento aberto de adxudicación dos servizos de produción de concertos e espectáculos no auditorio ao aire libre de Castrelos Festas de Vigo 2010. | 10.202       |
| <b>CONCELLO DE VILA DE CRUCES</b>                                                                                                                                                    |              |
| — Anuncio de licitación.                                                                                                                                                             | 10.203       |
| <b>DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE</b>                                                                                                                                              |              |
| — Anuncio.                                                                                                                                                                           | 10.203       |

|                                                                 | <u>Páxs.</u> |
|-----------------------------------------------------------------|--------------|
| <b>e) OUTROS ANUNCIOS</b>                                       |              |
| <b>AUTORIDADE PORTUARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A SÚA RÍA</b> |              |
| — Anuncio.                                                      | 10.203       |
| — Anuncio.                                                      | 10.204       |
| — Anuncio.                                                      | 10.204       |
| <b>SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.</b>                 |              |
| — Anuncio.                                                      | 10.204       |



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA****EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN****Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia,  
Administracións Públicas e Xustiza**

Edificio Administrativo San Caetano - Santiago de Compostela

Teléfonos: 981 54 42 68 - 981 54 42 70 - 881 99 90 15

Fax: 981 54 42 72

<http://www.xunta.es>Correo electrónico: [dog@xunta.es](mailto:dog@xunta.es)

INSS 1130-9229

Depósito legal C. 73-1982

**IMPRIME***La Voz de Galicia, S.A.*Avda. da Prensa, 84-85. Polígono Industrial de Sabón  
15142 Arteixo (A Coruña)

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 28 de maio de 2010 pola que se incorpora un novo procedemento ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño.*

O Decreto 164/2005, do 16 de xuño, crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, que permite a presentación por vía telemática de solicitudes, escritos e comunicacións. Esta orde inclúe no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, un novo procedemento, co fin de continuar impulsando o emprego de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos no desenvolvemento da actividade da Xunta de Galicia e no exercicio das súas competencias.

De conformidade co disposto no artigo 2.2º e na disposición adicional primeira b) e derradeira primeira do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán,

#### DISPOÑO:

##### Artigo único.

1. Inclúese no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, procedementos para os que está habilitado o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, e queda, pois, habilitado cos efectos previstos no seu artigo 5.1º, o seguinte procedemento:

IG640A.-Axudas do Igape para o apoio financeiro á hostalaría, turismo e servizos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

2. O procedemento para a tramitación electrónica estará dispoñible no enderezo.

<http://www.xunta.es/presentacion-electronica-da-xunta-de-galicia>

#### *Disposición derradeira*

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Decreto 85/2010, do 27 de maio, polo que se modifica o Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, aprobado polo Decreto 431/2009, do 19 de novembro.*

O artigo 27.29º do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma galega a competencia sobre as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación do seu territorio, sen prexuízo do disposto no artigo 149 da Constitución.

A Xunta de Galicia aprobou o Decreto 116/1997, do 14 de maio, polo que se regula o réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia. O obxectivo desta norma era adaptar o procedemento electoral, establecido no Real decreto 816/1990, do 22 de xuño, ao disposto na Lei 3/1993, do 22 de marzo, básica das cámaras de comercio, industria e navegación, e introducir as modificacións aconselladas pola experiencia obtida en anteriores procesos electorais, para garantir a obxectividade e transparencia das eleccións e lograr un maior nivel participativo e, por conseguinte, unha maior representatividade dos diversos sectores representados nas devanditas corporacións.

Posteriormente, o Parlamento galego aprobou a Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, que no seu capítulo IV regula o réxime electoral das referidas corporacións de dereito público.

As novidades introducidas por esa lei e polos preceptos de carácter básico contidos no Regulamento xeral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación, así como a experiencia e mais a práctica adquirida nos últimos procesos electorais aconsellaron que esta realidade fose adaptada aos postulados da nova normativa e que se abordase o procedemento electoral desde unha perspectiva máis actual.

Por esa razón, a Xunta de Galicia aprobou, mediante o Decreto 431/2009, do 19 de novembro, o Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, que no seu título III aborda as cuestións referentes á constitución e elección dos órganos de goberno do Consello Galego de Cámaras.

O artigo 63.4º do referido regulamento establece que a elección da presidencia do Consello Galego de Cámaras, da vicepresidencia, tesouraría e membros vogais do comité executivo, recaerá en calquera das persoas vogais natas. Deste xeito, o devandito precepto non prevé a posibilidade de que tales cargos os poidan desempeñar as persoas vogais consultoras do pleno.

Este decreto modifica o tan repetido precepto no sentido de recoller nel que a elección da presidencia, da vicepresidencia, da tesouraría e dos membros

vogais do comité executivo pode recaer tanto nas persoas vogais natas como nas persoas vogais consultoras do pleno.

Así mesmo, mediante este decreto modifícase tamén o artigo 65 do Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia para recoller que o cesamento das persoas titulares dos devanditos cargos do comité executivo se efectuará mediante acordo adoptado pola maioría absoluta dos membros do pleno do consello con dereito a voto e que as vacantes se cubrirán por votación deles.

No procedemento de elaboración deste decreto foron consultadas as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, o Consello Galego das Cámaras e as organizacións empresariais intersectoriais e territoriais máis representativas.

Na súa virtude, en exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34.5º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, por proposta da persoa titular da Consellería de Economía e Industria, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e sete de maio de dous mil dez,

### DISPÓÑO:

Artigo 1º.-*Modificación do artigo 63 do Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, aprobado polo Decreto 431/2009, do 19 de novembro.*

O título do artigo 63 do Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia e mais o número 4 deste precepto quedan redactados nos seguintes termos:

«Artigo 63º.-*Sesión constitutiva do pleno do Consello Galego de Cámaras e elección de cargos.*

(...)

4. Nunha segunda sesión do pleno posterior á constitutiva, convocada para o efecto pola Administración tutelante e presidida pola representación dela, procederase á elección da presidencia do consello, e despois á da vicepresidencia, se é o caso, tesouraría e membros vogais do comité executivo, sucesivamente e por esta orde, eleccións que recaerán en calquera dos membros do pleno do consello con dereito a voto que nunha primeira votación obteña a maioría absoluta dos votos. Para cada unha delas formulará candidaturas quen asista, e só poderá emitirse o voto a favor dalgunha das formalmente propostas. Se houbese unha única persoa candidata considerarase, sen máis trámite, electa.

Resultará elixida a persoa candidata ao cargo que obteña a maioría absoluta dos votos nunha primeira votación. De non lograrse esta maioría, realizarase unha segunda votación, entre o segundo e o cuarto día seguinte á data da primeira, na cal unicamente

serán persoas candidatas as dúas máis votadas naquela, salvo renuncia dunha delas. Neste caso, pasará a ser candidata a terceira máis votada, aínda que non sexa nomeada ata ese momento. Nesta segunda volta bastará a maioría simple. En caso de empate nesta segunda votación, proclamarase electa a persoa candidata de maior idade. En caso dunha soa candidatura, considerarase electa».

Artigo 2º.-*Modificación do artigo 65 do Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia.*

O artigo 65 do Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia queda redactado nos seguintes termos:

«1. As persoas titulares da presidencia, vicepresidencia, se é o caso, tesouraría e demais membros do comité executivo cesarán:

a) Por perda da confianza mediante acordo adoptado pola maioría absoluta dos membros do pleno do consello con dereito a voto. A proposta de destitución deberá ser formulada polo mesmo comité executivo ou por, polo menos, catro presidencias de cámaras galegas

b) Por perda da condición de membro do pleno.

c) Por renuncia a estes cargos, sen prexuízo de manter a súa condición de membro do pleno.

2. As vacantes que se produzan nos órganos unipersoais ou no comité executivo cubriranse igualmente por votación dos membros do pleno do consello con dereito a voto entre calquera destes e para o tempo que faltase ata cumprir o mandato daqueles a quen sucedan.

3. Para as eleccións e acordos a que se refiren este artigo exixiranse os mesmos requisitos e formalidades establecidos con carácter xeral para estas eleccións no artigo 63.4º, pero sen a convocatoria da Administración tutelante, nin presidencia da representación dela; observaranse a este respecto as regras sobre funcionamento do pleno, sen prexuízo das adaptacións que preveña o seu regulamento de réxime interior».

### Disposición derradeira

Única.-*Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e sete de maio de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Javier Guerra Fernández  
Conselleiro de Economía e Industria

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Decreto 86/2010, do 3 de xuño, polo que se concede a Medalla Castelao.*

En atención aos méritos que neles concorren, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día tres de xuño de dous mil dez, concédeselles a Medalla Castelao a:

- María Luz Casal Paz.
- Rosalina Celada Juan.
- Antón Manuel Lamazares Silva.
- César Antonio Molina Sánchez.
- Prudencia Santasmarinas Raposo.

Santiago de Compostela, tres de xuño de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

*Decreto 87/2010, do 3 de xuño, polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 8 de xuño de 2010.*

O exercicio do dereito de folga queda condicionado ao mantemento dos servizos esenciais definidos no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG nº 116, do 20 de xuño).

O artigo 13.13º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia faculta ao Consello da Xunta de Galicia para aprobar as medidas para garantir os servizos mínimos nos casos de exercicio do dereito de folga polo persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma.

As centrais sindicais Confederación General del Trabajo (CGT), a Confederación Intersindical, Confederación Unión Sindical Obrera (USO), Unión Xeral de Traballadores (UGT-Galicia), Comisións Obreiras de Galicia (CC.OO.-Galicia), Central Sindical Independente e de Funcionarios de Galicia (CSI-F Galicia) e Confederación Intersindical Galega (CIG), comunicaron a convocatoria de folga xeral nas administracións públicas de ámbito estatal, autonómico e local, organismos públicos vinculados ou dependentes dela, así como entidades públicas empresariais de ámbito estatal, autonómico e local, que afectará a todos os traballadores/as, funcionarios/as, docentes e laborais de todas as entidades anteriormente referidas, e que

se desenvolverá entre as 0.00 horas e as 24.00 horas do próximo 8 de xuño de 2010.

A necesaria conciliación entre o exercicio do dereito constitucional de folga e o mantemento dos servizos esenciais obriga á Administración autonómica, de acordo coa normativa vixente, a fixar uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais que se concretan neste decreto.

Así pois, establécense servizos mínimos respecto dos sectores e actividades cuxa a regulación é competencia dalgunha das consellerías da Xunta de Galicia e que poden afectar ao desenvolvemento ordinario da actividade cidadá, no sentido do artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño, é dicir, sanidade, seguridade, protección civil, transportes e comunicacións, medios de comunicación social, rexistros públicos, edificios, bens e instalacións públicas, asistencia social e educación, servizos de vixilancia e extinción de incendios e bombeiros.

Neste sentido, en atención ao criterio establecido no auto do 19 de xuño de 2002 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, enténdese que os servizos mínimos que hai que fixar para o período de folga convocado non poderán exceder en cada centro, departamento ou oficina o número de persoas que normalmente permanecen neles con ocasión dun domingo ou día festivo, salvo que se trate de órganos que tales días permanecen pechados, no que haberá que atermos ás quendas establecidas para os sábados. No entanto, e á marxe disto, resulta necesario que na Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa permanezan 2 auxiliares administrativos/as para efectos da captura dos datos de seguimento da folga. Na mesma liña, e para a garantía da defensa dos intereses e dereitos dos consumidores e usuarios na posta de manifesto de situacións que poidan representar un risco para a seguridade ou a saúde colectiva, é precisa a existencia dun funcionario/a no rexistro do Instituto Galego de Consumo para atender dito servizo.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por iniciativa de todas as consellerías da Xunta de Galicia, oído o comité de folga, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día tres de xuño de dous mil dez,

#### DISPOÑO:

##### Artigo único

1) Terán a consideración de servizos mínimos os que se relacionan seguidamente:

##### 1.1. Presidencia da Xunta de Galicia.

1. Presidencia da Xunta: 1 secretario/a, o/a porteiro/a maior e 1 condutor/a.

## 2. Secretaría Xeral de Medios.

-Redes de Telecomunicación Galegas (*Retegal, S.A.*).

\* San Lázaro: departamento de banda larga, 1 enxeñeiro/a; departamento de enlaces, 1 enxeñeiro/a titulado/a superior; departamento TDT, 1 enxeñeiro/a e no rexistro e administración, 1 auxiliar administrativo/a.

\* Rede Trunking: 1 técnico/a de comunicacións/enxeñeiro/a técnico/a.

\* Centro emisor de San Marcos: 2 oficiais técnicos/as electrónicos (1 de mañá e 1 de tarde).

\* Centro emisor do Pedroso: 2 oficiais técnicos/as electrónicos (1 de mañá e 1 de tarde).

\* Centro emisor da Bailadora: 2 oficiais técnicos/as electrónicos (1 de mañá e 1 de tarde).

\* Centro emisor de Domaio: 2 oficiais técnicos/as electrónicos (1 de mañá e 1 de tarde).

\* Centro emisor do Xistral: 2 oficiais técnicos/as electrónicos (1 de mañá e 1 de tarde).

\* Centro emisor do Páramo: 2 oficiais técnicos/as electrónicos (1 de mañá e 1 de tarde).

\* Centro emisor da Meda: 2 oficiais técnicos/as electrónicos (1 de mañá e 1 de tarde).

\* CEXAR: 3 oficiais de comunicacións (1 por quenda de 8 horas).

3. Secretaría Xeral da Igualdade: débese garantir a atención do servizo «teléfono da muller».

## 4. Secretaría Xeral para o Deporte.

-Centro Galego de Tecnificación Deportiva: na queda de mañá e de tarde, 1 ordenanza; na queda de noite, 1 ordenanza e 1 preceptor/a e de 18.00 ata ás 22.00 horas, 1 oficial primeira cociñeiro/a, 1 axudante de cociña, 2 camareiros/as-limpadores/as e 1 preceptor/a.

-Complexo Polideportivo de Monterrei: de 8.00 ás 15.00 horas, 1 oficial segunda de mantemento e de 15.00 ás 22.00 horas, 1 oficial segunda de mantemento.

-Fundación Deporte Galego: na quenda de mañá, 1 técnico/a deportivo e na quenda de tarde, 1 técnico/a deportivo.

## 5. Compañía de Radio e Televisión de Galicia.

5.1. *TVG, S.A.:*

-Servizos xerais: 1 axudante de mantemento na quenda de mañá e outro/a na quenda de tarde e 1 oficial técnico/a electricista na quenda de mañá e outro/a na quenda de tarde.

-Técnicos:

\* Operacións técnicas: 1 técnico electrónico de 00.00 ás 9.00 horas, outro/a de 9.00 ás 16.00 horas e outro/a de 17.00 ás 24.00 horas e 1 técnico/a

electrónico de primeira de 10.00 ás 17.00 horas e outro/a de 17.00 ás 24.00 horas.

\* Control central: 1 oficial técnico/a electrónico ou axudante de realización de 7.30 ás 14.30, outro/a de 10.00 ás 17.00 horas e outro/a de 16.00 ás 23.00 horas.

\* Almacenistas: 1 almacenista de 8.00 ás 15.30 e outro/a de 15.30 ás 23.00 horas.

-Informativos e deportes:

\* Servizo de redacción: 1 redactor/a de 2.00 ás 9.00 horas, 2 redactores/as de 5.00 ás 12.00 horas, 2 de 6.00 ás 13.00 horas, 1 de 6.30 ás 13.30 horas, 26 de 8.00 ás 15.00 horas, 4 de 13.30 ás 20.30 horas, 13 de 15.00 ás 22.00 horas, 1 de 18.00 ás 1.00 horas e 1 de 19.00 ás 2.00 horas; 1 reporteiro/a gráfico/a de 00.00 ás 7.00 horas, 1 de 7.00 ás 14.00 horas, 4 de 8.00 ás 15.00 horas, 1 de 10.00 ás 17.00 horas, 2 de 15.00 ás 22.00 horas e 1 de 17.00 ás 24.00 horas; 1 auxiliar de informativos de 9.00 ás 16.00 horas e 1 de 16.00 ás 23.00 horas e 1 asesor/a lingüista de 8.00 ás 15.00 horas e outro/a de 15.00 ás 22.00 horas.

\* Produción: 2 produtores/as de 8.00 ás 15.00 horas e 1 de 10.00 ás 17.00 horas e 1 axudante de produción de 7.00 ás 14.00 horas, 1 de 8.00 ás 15.00 horas, 1 de 10.00 ás 17.00 horas e 2 de 17.00 ás 24.00 horas.

-Medios e realización: 1 realizador/a de 6.30 ás 13.30 horas, 1 de 8.00 ás 15.00 horas, 1 de 9.30 ás 16.30 horas, 1 de 15.00 ás 22.00 horas e 1 de 18.00 ás 1.00 horas; 1 axudante de realización de 6.30 ás 13.30 horas, 2 de 7.30 ás 14.30 horas, 1 de 8.00 ás 15.00 horas, 1 de 9.30 ás 16.30 horas, 1 de 11.30 ás 18.30 horas, 1 de 14.30 ás 21.30 horas, 1 de 15.00 ás 22.00 horas e 2 de 18.00 ás 00.00 horas; 1 operador/a-montador/a de vídeo de 00.00 ás 7.00 horas, 1 de 00.00 ás 7.30 horas, 4 de 7.00 ás 14.00 horas, 1 de 7.30 ás 14.30 horas, 4 de 8.00 ás 15.00 horas, 2 de 10.00 ás 17.00 horas, 3 de 14.00 ás 21.00 horas, 1 de 14.30 ás 21.30 horas, 1 de 15.00 ás 22.00 horas, 4 de 17.00 ás 24.00 horas, 1 de 17.30 ás 00.00 e 1 de 18.00 ás 00.00 horas; 2 operadores/as de posproducción de 8.00 ás 15.00 horas, 1 de 15.00 ás 22.00 horas e 1 de 18.00 ás 00.00 horas; 1 grafista titular/a de 7.00 ás 14.00 horas, 1 de 7.45 ás 14.45 horas, 1 de 8.00 ás 15.00 horas, 1 de 8.30 ás 15.30 horas, 1 de 15.00 ás 22.00 horas e 1 de 18.00 ás 00.00 horas e 1 deseñador/a gráfico de 7.30 ás 14.30 horas e 1 de 16.00 ás 23.00 horas.

\* Cámaras: 2 operadores/as de cámara de 7.30 ás 14.30 horas, 1 de 8.15 ás 15.15 horas e 2 de 14.15 ás 21.15 horas e 1 cámara de primeira de 7.30 ás 14.30 horas, 1 de 14.15 ás 21.15 e 1 de 18.00 ás 00.00 horas.

\* Son: 1 técnico/a de son de 7.30 ás 14.30 horas e 1 de 10.00 ás 17.00 horas e 1 operador/a produtor/a de son de 7.30 ás 14.30 horas, 1 de 14.00 ás 21.00 horas e 1 de 18.00 ás 00.00 horas.

\* Control de cámara: 1 control de cámara de 7.30 ás 14.30 horas, 1 de 13.30 ás 18.00 horas e 1 de 18.00 ás 00.00 horas.

\* Maquillaxe: 1 maquillador/a de 7.30 ás 14.30 horas, 1 de 13.30 ás 18.00 horas e 1 de 18.00 ás 00.00 horas.

\* Iluminación: 1 técnico/a de iluminación de 7.30 ás 14.30 horas e 1 de 11.00 ás 18.00 horas e 1 iluminador/a de 18.00 ás 00.00 horas.

\* Retransmisións: 1 auxiliar administrativo/a de 9.00 ás 16.00 horas e 1 produtor/a de 15.00 ás 22.00 horas.

\* Documentación: 1 documentalista de 7.00 ás 14.00 horas, 1 de 10.00 ás 17.00 horas e 1 de 17.00 ás 24.00 horas e 1 almacenista de 8.00 ás 15.00 horas.

-A Coruña: 1 reporteiro/a gráfico/a de 8.00 ás 15.00 horas; 1 operador/a-montador/a de vídeo de 8.00 ás 15.00 horas e 1 redactor/a de 8.00 ás 15.00 horas e 1 de 15.00 ás 22.00 horas.

-Vigo: 1 redactor/a de 8.00 ás 15.00 horas e 1 de 15.00 ás 22.00 horas.

-Madrid: 1 redactor/a de 8.00 ás 15.00 horas e 1 de 15.00 ás 22.00 horas.

-Lugo: 1 operador/a-montador/a de vídeo de 10.30 ás 14.30 horas e de 17.00 ás 21.00 horas; 1 reporteiro/a gráfico/a de 8.00 ás 15.00 horas e 1 de 15.00 ás 22.00 horas e 1 redactor/a de 8.00 ás 15.00 horas e 1 de 15.00 ás 22.00 horas.

-Ferrol: 1 operador/a-montador/a de vídeo de 12.30 ás 15.00 horas e 1 de 17.00 ás 21.30 horas; 1 reporteiro/a gráfico/a de 8.00 ás 15.00 horas e 1 de 15.00 ás 22.00 horas e 1 redactor/a de 8.00 ás 15.00 horas e 1 de 15.00 ás 22.00 horas.

-Ourense: 1 redactor/a de 8.00 ás 15.00 horas.

-Pontevedra: 1 redactor/a de 8.00 ás 15.00 horas e 1 de 15.00 ás 22.00 horas.

## 5.2. RTG, S.A.

-Técnico: 1 técnico/a electrónico de 8.00 ás 15.00 horas.

-Emisións: 1 operador/a de control de 00.00 ás 1.00 horas, 1 de 00.00 ás 5.15 horas, 1 de 1.00 ás 8.00 horas, 1 de 5.15 ás 12.15 horas, 1 de 8.00 ás 15.00 horas, 1 de 10.00 ás 17.00, 1 de 16.00 ás 23.00 horas, 1 de 17.00 ás 24.00 horas, 1 de 18.00 ás 24.00 horas e 1 de 22.15 ás 24.00 horas.

-Informativos e deportes: 1 redactor/a de 00.00 ás 7.00 horas, 1 de 7.00 ás 14.00 horas, 6 de 8.00 ás 15.00 horas, 3 de 15.00 ás 22.00 horas e 2 de 17.00 ás 24.00 horas; 1 auxiliar de programas de 7.00 ás 14.00 horas, 1 de 8.00 ás 15.00 horas e 1 de 15.00 ás 22.00 horas e 1 locutor/a de 00.00 ás 7.00 horas, 1 de 7.00 ás 14.00 horas, 2 de 8.00 ás 15.00 horas, 5 de 15.00 ás 22.00 horas e 1 de 17.00 ás 24.00 horas.

\* A Coruña: 1 redactor/a de 7.00 ás 14.00 horas.

\* Ferrol: 1 redactor/a de 7.00 ás 14.00 horas.

\* Vigo: 1 redactor/a de 7.00 ás 14.00 horas.

\* Ourense: 1 redactor/a de 7.00 ás 14.00 horas.

\* Lugo: 1 redactor/a de 7.00 ás 14.00 horas.

\* Pontevedra: 1 redactor/a de 7.00 ás 14.00 horas.

## 1.2. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

### 1. Servizos centrais:

-Secretaría Xeral: 1 funcionario da oficina técnica e 3 persoas en quenda de mañá e 2 persoas en quenda de tarde no rexistro xeral.

-Dirección Xeral de Emerxencias e Interior: 2 técnicos do sistema integrado de protección civil e emerxencias con tarefas de garda do sistema.

-Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa: 1 auxiliar administrativo/a na secretaría do director xeral e 1 auxiliar administrativo/a no equipo de auditores e analistas.

-Dirección Xeral de Xustiza:

\* Nas seccións das salas do contencioso-administrativo e do Social do Tribunal Superior de Xustiza e nas seccións civís das audiencias provinciais: 1 xestor/a ou tramitador/a procesual e administrativo por cada sección e, para atender o conxunto das seccións, un funcionario de auxilio.

\* Nas seccións penais e mixtas das audiencias provinciais, xulgados do penal, xulgados de menores, xulgados de vixilancia penitenciaria e xulgados de violencia sobre a muller : 1 xestor/a, 1 tramitador/a e 1 funcionario/a de auxilio xudicial por cada sección ou xulgado.

\* Nos xulgados de instrución e xulgados de primeira instancia e instrución de garda, o equipo de persoal que presta o servizo de garda e 1 funcionario/a para atender os servizos mínimos non incluídos no ámbito da garda. Nos restantes xulgados de instrución e xulgados de primeira instancia e instrución, o persoal especificado no punto anterior.

\* Nos xulgados de primeira instancia, do mercantil, do contencioso-administrativo e do social: 1 xestor/a ou tramitador/a procesual e administrativo por cada xulgado e, para atender o conxunto de xulgados da mesma clase na localidade, 1 funcionario/a de auxilio por cada catro xulgados.

\* Nas oficinas de fiscalías, 1 funcionario/a por cada oficina e os funcionarios/as que prestan o servizo de garda.

\* Nas subdireccións territoriais do Instituto de Medicina Legal, os médicos forenses de garda e 1 tramitador/a ou funcionario/a de auxilio xudicial.

\* Nos rexistros civís exclusivos, 1 xestor/a, 1 tramitador/a e 1 funcionario/a de auxilio xudicial.

\* Nos servizos comúns de Notificacións e Embargos, 1 xestor/a e 2 funcionarios/as de auxilio xudicial.

\* Nas oficinas de rexistro e repartición e decanatos dos xulgados que realizan as ditas funcións nas cidades, 1 xestor/a ou tramitador/a procesual e administrativo e 1 funcionario/a de auxilio xudicial; como excepción, nas dos xulgados da Coruña e Vigo atenderán os servizos mínimos 1 xestor/a, 1 tramitador/a e 1 funcionario/a de auxilio xudicial.

\* No resto das unidades, oficinas e servizos, 1 funcionario/a por cada oficina.

## 2. Servizos periféricos:

### 2.1. Delegación Territorial da Coruña.

-2 funcionarios/as o rexistro xeral.

-1 funcionario/a para o mantemento do edificio administrativo da Coruña.

### 2.2. Delegación territorial de Lugo.

-2 funcionarios/as no rexistro xeral.

-1 funcionario/a para o mantemento do edificio administrativo de Lugo.

### 2.3. Delegación Territorial de Ourense.

-1 funcionario/a no rexistro xeral.

-1 funcionario/a para o mantemento do edificio administrativo de Ourense.

### 2.4. Delegación Territorial de Pontevedra.

-2 funcionarios/as no rexistro xeral.

-1 funcionario/a para o mantemento do edificio administrativo de Pontevedra.

### 2.5. Delegación Territorial de Vigo.

-2 funcionarios/as no rexistro xeral.

-1 funcionario/a para o mantemento do edificio administrativo de Vigo.

## 1.3. Consellería de Facenda.

### 1. Servizos centrais:

#### 1.1. CIXTEC.

-1 analista programador da área de sistemas.

### 1.4. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

#### 1. Centros educativos:

-1 membro do equipo directivo e 1 subalterno/a en cada centro educativo.

-1 auxiliar coidador/a en cada centro educativo que non sexa centro de educación especial e no que neste curso teña asignado persoal desta categoría.

-O 30% dos auxiliares coidadores/as, ATS e persoal médico nos centros de educación especial.

## 2. Universidades galegas:

### 2.1. Reitorados:

-1 funcionario/a no rexistro.

-1 secretario/a do reitor ou auxiliar administrativo.

### 2.2. Campus:

-1 funcionario/a no rexistro.

-1 auxiliar de servizos por quenda de traballo.

-1 secretario dos vicerreitores responsables dos campus onde non estea a sede reitoral.

### 2.3. Facultades, escolas e outros centros:

-1 auxiliar de servizos por quenda de traballo.

-1 membro do equipo directivo de cada centro docente.

-1 persoa por biblioteca e quenda de traballo, no caso daqueles que contén cun horario extraordinario de apertura.

### 2.4. Residencias universitarias e/ou colexios maiores:

-1 persoa por edificio e quenda de traballo.

## 1.5. Consellería de Sanidade.

### 1. Servizos periféricos:

#### 1.1. Departamento Territorial da Coruña.

-Zona da Coruña: 4 inspectores/as veterinarios/as de saúde pública de comarca, xefe/a de zona ou directores/as técnicos/as de industrias alimentarias; 2 inspectores/as veterinarios/as de saúde pública de matadoiros e 1 inspector/a de lonxa.

-Zona de Ferrol: 2 inspectores/as veterinarios/as de saúde pública de comarca, xefe/a de zona; 1 inspector/a veterinarios/as de saúde pública de matadoiros.

-Zona de Santiago de Compostela: 2 inspectores/as veterinarios/as de saúde pública de comarca, xefe/a de zona ou directores/as técnicos de industrias alimentarias e 1 inspector/a veterinario/a de saúde pública de matadoiros.

-Zona de Noia: 2 inspectores/as veterinarios/as de saúde pública de comarca, xefe/a de zona ou directores/as técnicos de industrias alimentarias e 1 inspector/a veterinario/a de saúde pública de matadoiros.

#### 1.2. Departamento Territorial de Lugo.

-Zona de Lugo: 3 inspectores/as veterinarios/as de saúde pública de comarca, xefe/a de zona ou directores/as técnicos de industrias alimentarias e 1 inspector/a veterinario/a de saúde pública de matadoiros.

-Zona de Burela: 2 inspectores/as veterinarios/as de saúde pública de comarca, xefe/a de zona e 1 inspector/a veterinario/a de saúde pública de matadoiros.

-Zona de Monforte de Lemos: 2 inspectores/as veterinarios/as de saúde pública de comarca, xefe/a de zona e 1 inspector/a veterinario/a de saúde pública de matadoiros.

### 1.3. Departamento Territorial de Ourense.

|                         |                          |                          |              |    | 603.792,00                                                                                                                                                                                                                                            | 4.753.100,00 | A07 |

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

*Orde do 2 de xuño de 2010 pola que se determinan os servizos mínimos esenciais durante a folga convocada na empresa Ambugallegas, S.L. que se levará a efecto desde as 00.00 horas do 5 de xuño de 2010 con carácter indefinido.*

O artigo 28.2º da Constitución española reconece como dereito fundamental da persoa o dereito á folga.

O exercicio deste dereito na Administración e nas empresas, entidades e institucións públicas ou privadas, que presten servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade, no ámbito e competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, está condicionado ao mantemento dos servizos esenciais

fixados no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG nº 116, do 20 de xuño), entre os que se encontra a sanidade.

O exercicio público da prestación da asistencia sanitaria non se pode ver afectado gravemente polo lexítimo dereito do exercicio de folga, xa que aquel é considerado e recoñecido prioritariamente en relación con este.

O artigo 3 do citado decreto faculta os conselleiros competentes, por razón dos servizos esenciais afectados para que, mediante orde, e ante cada situación de folga, decidan o mínimo de actividade necesaria para asegurar o mantemento de tales servizos, así como para determinar o persoal necesario para a súa prestación.

A folga foi convocada pola organización sindical CC.OO. e afecta os traballadores da empresa *Ambu-gallegas, S.L.*, que realiza os servizos que ten concertados coa Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde da Coruña.

Despois da audiencia ao comité de folga e aos responsables das prestacións sanitarias no ámbito da folga, con base no anterior, a Consellería de Sanidade

### DISPÓN:

Artigo 1º.-A convocatoria de folga que afecta o persoal da empresa *Ambu-gallegas, S.L.*, e que se levará a efecto desde as 00.00 horas do 5 de xuño de 2010 con carácter indefinido, enténdese condicionada ao mantemento dos servizos mínimos que se establecen a continuación.

Para a determinación dos servizos mínimos tense en conta a realización de tratamentos ambulatorios continuados e dos outros servizos concertados que poidan ser demandados pola dirección provincial, co fin de asegurar unha correcta atención sanitaria, tendo en conta a patoloxía e as necesidades tecnolóxicas e de coidados específicos que presentan.

De acordo con esta motivación, os servizos mínimos que se fixan resultan totalmente imprescindibles para manter a necesaria cobertura asistencial respecto ao transporte de enfermos a través da empresa afectada pola folga para evitar que se produzan graves prexuízos para a saúde, tendo en conta, fundamentalmente, que a folga ten incidencia ao longo de toda a xornada laboral e con carácter indefinido.

Eses mínimos responden á necesidade de compatibilizar o respecto ineludible ao exercicio do dereito á folga coa adecuada atención a enfermos que, baixo ningún concepto, poden quedar desasistidos polas características do servizo dispensado.

E para garantir os servizos esenciais requírese a cobertura de:

-O 100% dos servizos de transporte para enfermos que requiran tratamentos ambulatorios continuados de oncoloxía e diálise. No resto de pacientes ambulatorios, os vehículos necesarios para a realización de tratamentos, consultas externas e probas, no caso de que o paciente necesite padiola ou o seu estado xeral así o aconselle, ao xuízo do facultativo prescriptor, non sendo o número de vehículos inferior ao 50% dos que fan a cobertura habitual.

Artigo 2º.-A determinación dos efectivos necesarios será realizada pola empresa aplicando os criterios do artigo 1º, coa designación nominal e individual, con carácter rotatorio, do persoal que deberá cubrir os distintos servizos. A xustificación deberá constar no expediente do centro e deberán publicarse os efectivos en servizos mínimos nos taboleiros de anuncios do centro de traballo.

O persoal designado como servizo mínimo que desexa exercer o seu dereito de folga poderá instar a subs-

titución da súa designación por outro profesional que voluntariamente acepte o cambio de xeito expreso.

Artigo 3º.-Os paros e alteracións no traballo por parte do persoal necesario para o mantemento dos servizos mínimos determinados serán considerados ilegais para os efectos do establecido no artigo 16.1º do Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo (BOE nº 58, do 9 de marzo).

Artigo 4º.-O disposto nos artigos anteriores non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga reconece ao persoal nesta situación, nin tampouco sobre a tramitación e efectos das peticións que a motiven.

Artigo 5º.-Sen prexuízo do que establecen os artigos anteriores, deberanse observar as normas legais e regulamentarias vixentes en materia de garantías á poboación e aos usuarios do servizo sanitarios. Os altercados o incidentes que se produzan serán obxecto de sanción con base nas normas vixentes.

### Disposición derradeira

Esta orde producirá efectos e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2010.

Pilar Farjas Abadía  
Conselleira de Sanidade

### ANEXO

#### Servizos mínimos persoal

|                                   | Mañá | Tarde |
|-----------------------------------|------|-------|
| Luns, mércores, venres            | 4    | 3     |
| Martes, xoves, sábado             | 2    | 2     |
| Festivos (luns, mércores, venres) | 3    | 3     |
| Festivos (martes, xoves, sábado)  | 2    | 2     |

*Orde do 3 de xuño de 2010 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais durante as tres folgas convocadas para o día 8 de xuño de 2010, das 00.00 ás 24.00 horas, nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, fundacións e empresas públicas sanitarias e empresas contratistas de servizos que teñen as súas condicións laborais equiparadas co persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.*

O artigo 28.2º da Constitución española reconece, como dereito fundamental da persoa, o dereito á folga.

O exercicio deste dereito na Administración e nas empresas, entidades e institucións públicas ou privadas, que presten servizos públicos ou de recoñeci-

da e inaprazable necesidade, no ámbito e competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, está condicionado ao mantemento dos servizos esenciais fixados no artigo 2 do Decreto 155/1988 do 9 de xuño (DOG nº 116, do 20 de xuño), entre os que se atopa a sanidade.

O exercicio público da prestación da asistencia sanitaria non se pode ver afectado gravemente polo lexítimo dereito do exercicio de folga, xa que aquel é considerado e recoñecido prioritariamente en relación a este.

O artigo 3 do citado decreto faculta os conselleiros competentes, por razón dos servizos esenciais afectados, para que, mediante orde e ante cada situación de folga, decidan o mínimo de actividade necesaria para asegurar o mantemento de tales servizos, así como para determinar o persoal necesario para a súa prestación.

Convocadas as folgas seguintes:

Por FSP-UGT, FT-UGT, FSC-CC.OO., FE-CC.OO., FSS-CC.OO. e CSIF, que afectará todas as actividades laborais, estatutarias e funcionarias desempeñadas polos traballadores e empregados públicos de todas as administracións públicas e organismos delas dependentes, institucións, organismos autónomos, entidades empresarias públicas.

Pola CIG, que afectará o persoal estatutario, funcionario e laboral, así como o persoal con contrato en formación ou persoal residente en formación, que prestan os seus servizos nos centros de traballo do Servizo Galego de Saúde e nos centros adscritos á Consellería de Sanidade (fundacións públicas e empresas públicas).

Pola CIG Servizos, que afectará as diferentes empresas privadas que realizan tarefas de servizos contratados para o Servizo Galego de Saúde e que teñen as súas condicións laborais equiparadas co persoal do Servizo Galego de Saúde.

As tres folgas desenvolveranse desde as 00.00 horas ás 24.00 horas do día 8 de xuño de 2010.

Outorgada audiencia aos comités de folga, esta conselleira

### *DISPÓN:*

#### Artigo 1º

As tres folgas desenvolveranse desde as 0.00 horas ás 24.00 horas do día 8 de xuño. As folgas convocadas por unha banda polas organizacións sindicais FSP-UGT, FT-UGT, FSC-CC.OO., FE-CC.OO., FSS-CC.OO. e CSIF e por outra banda pola organización sindical CIG afectarán todo o persoal estatutario, funcionario e laboral que presta servizos nos centros de traballo do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións e empresas sanitarias públicas independentemente da súa condición xurídica. A folga convocada pola CIG Servizos afectará as diferentes empresas privadas que realizan tarefas de servizos contratados para o Servizo Galego de Saúde e que teñen as súas condicións laborais equiparadas co persoal do Servizo Galego de Saúde.

As folgas convocadas deberán entenderse condicionadas ao mantemento dos servizos mínimos, segundo os criterios que se dispoñen nesta orde que comprenden as tres convocatorias de folga.

Os servizos mínimos que se fixan resultan totalmente imprescindibles para manter a adecuada cobertura dos servizos esenciais de asistencia sanitaria nos centros sanitarios, para os efectos de evitar que se produzan graves prexuízos á cidadanía.

Tales mínimos responden á necesidade de compatibilizar o respecto ineludible ao exercicio do dereito á folga, coa atención á poboación que, baixo ningún concepto, pode quedar desasistida polas características do servizo dispensado.

Por iso, mantéñense os servizos mínimos necesarios para garantir a asistencia imprescindible a doentes hospitalizados, así como a atención urxente e permanente aos usuarios, que non se pode aprazar sen consecuencias negativas para a saúde.

Entrando na análise pormenorizada dos servizos esenciais, establécense os seguintes criterios reitores na determinación do persoal necesario para o seu mantemento nos centros de traballo, nas institucións afectadas:

1. Persoal mínimo necesario para a cobertura da atención urxente e permanente e as emerxencias do 061.

2. No Centro de Transfusións de Galicia, os servizos necesarios para o mantemento do abastecemento sanguíneo en toda a comunidade autónoma.

3. Nos centros e institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde:

A) Persoal facultativo dependente de atención especializada:

1. Cobertura do 100% da actividade urxente nos seguintes ámbitos:

-Servizos de urxencias e gardas médicas.

-Quirófanos urxentes para a atención dos usuarios que requiran intervención cirúrxica inaprazable.

-Paritorios.

2. Cobertura do 100% da actividade nas seguintes áreas:

-Unidades de reanimación.

-Unidades de coidados intensivos, de adultos ou pediátricas, e unidades coronarias, de ser o caso.

-Área de diálise.

-Área de tratamentos oncolóxicos (radioterapia, hospital de día).

3. Cobertura da actividade cirúrxica nos doentes, tanto hospitalizados como ambulatorios, con respecto ás patoloxías que poñan en perigo a vida deles ou agraven o seu estado de saúde, en especial procesos neoplásicos.

4. Na área de hospitalización establecerase o número necesario para garantir as visitas médicas, a atención indefectible dos doentes hospitalizados e as altas clínicas.

5. No ámbito de consulta, así como as interconsultas dos doentes hospitalizados que o requiran, atenderanse as consideradas como urxentes ou preferentes, ao criterio do persoal facultativo. Así mesmo, atenderanse as consultas inaprazables dos doentes oncolóxicos que requiran tratamento citostático e os doentes desprazados.

6. Garantirase, así mesmo, a realización de determinacións e probas complementarias urxentes, e as que se refiren aos doentes hospitalizados que, ao criterio do persoal facultativo, sexan necesarias e inaprazables, entendéndose incluídas as dos doentes con neoplasias malignas.

7. Garantirase a dispensación de sangue, medicamentos e de produtos sanitarios, que ao criterio do facultativo sexan necesarias.

8. Garantirase a atención necesaria a pacientes subsidiarios de hospitalización a domicilio e coidados paliativos.

B) Persoal facultativo dependente de atención primaria: (médicos pediatras e odontólogos).

1. Cobertura do 100% da actividade urxente.

2. Os servizos mínimos que se fixan no tramo ordinario de atención prestarán a asistencia urxente ou inaprazable desa unidade calquera que sexa a modalidade da prestación:

-En centros con catro ou menos profesionais: 1 efectivo.

-En centros con cinco a oito profesionais: 2 efectivos.

-En centros con nove a doce profesionais: 3 efectivos.

-En centros con máis de 13 profesionais: 4 efectivos.

C) Persoal sanitario non facultativo de atención especializada:

1. Cobertura do 100% da actividade urxente nun triplo ámbito:

-Servizos de urxencias.

-Quirófanos urxentes (xerais e de tocoloxía) para a atención dos usuarios que requiran intervencións cirúrxicas inaprazables no ingreso.

-Atención aos paritorios.

2. Na área de hospitalización establecerase o número necesario para garantir os coidados dos doentes hospitalizados, en correspondencia cos efectivos dun domingo ou festivo.

3. No ámbito de consultas estableceranse mínimos nun dobre ámbito:

-Apoio á atención das consultas especializadas consideradas como urxentes ou preferentes.

-Así mesmo, atenderanse as consultas inaprazables dos doentes oncolóxicos que requiran tratamento citostático e os doentes desprazados.

4. No ámbito dos servizos centrais, garantirase a realización das probas complementarias urxentes e as que se refiren aos doentes hospitalizados que, ao criterio dos facultativos, sexan necesarias e inaprazables, en correspondencia cos efectivos dun domingo ou festivo.

5. Garantirase a dispensación de medicamentos, hemoderivados e produtos sanitarios, en correspondencia cos efectivos dun domingo ou festivo.

6. Unidades especiais: o número necesario para garantir o coidado dos pacientes, en correspondencia cos efectivos dun domingo ou festivo.

D) Persoal sanitario non facultativo de atención primaria:

1. Cobertura do 100% da actividade urxente.

2. Os servizos mínimos que se fixan no tramo ordinario de atención prestarán asistencia urxente e inaprazable desa unidade calquera que sexa a modalidade da prestación:

-En centros con catro ou menos profesionais: 1 efectivo.

-En centros con cinco a oito profesionais: 2 efectivos.

-En centros con nove a doce profesionais: 3 efectivos.

-En centros con máis de trece profesionais: 4 efectivos.

E) Persoal de xestión e servizos de atención especializada:

1. Urxencias: o 100% do persoal.

2. Área de hospitalización: un número de efectivos equivalente ao de domingos ou festivos.

3. Cita previa: un número de efectivos que garantan a atención ao doente que o requira, cun mínimo dun efectivo por centro e ata un máximo do 50% dos efectivos da quenda.

4. Atención ao doente: un número de efectivos que garantan a atención ao doente que o requira, cun mínimo de 1 por centro e ata un máximo do 50% dos efectivos da quenda.

5. Servizos de mantemento: un número equivalente aos domingos ou festivos.

6. Servizo de lavandaría e lenzaría: un número equivalente aos domingos e festivos ou ata o 50% dos efectivos da quenda.

7. Limpeza: ata o 50% dos efectivos da quenda.

8. Hostalaría: un número mínimo igual aos domingos ou festivos, ou ben un 60% dos efectivos da quenda, en función do tamaño das prestacións dependentes de hostalaría en cada centro.

Coa finalidade de garantir o adecuado mantemento do servizo, servirase, con carácter xeral, un único menú aos doentes que non requiran dieta médica especial.

9. Condutores: o mesmo número de efectivos cos domingos ou festivos, cun mínimo, en todo caso, dun efectivo.

10. Servizos administrativos:

-Información: o número de profesionais necesarios para garantir a debida información aos pacientes.

-Persoal: o número imprescindible para garantir as incidencias e xestións derivadas da folga e como máximo ata o 40% dos efectivos da quenda.

-Subministracións: o número imprescindible para garantir os pedidos urxentes e ata un máximo do 25% dos efectivos da quenda.

-Almacén: un número imprescindible para a xestión do almacén e ata un máximo do 25% dos efectivos da quenda.

-Contabilidade: un número imprescindible para as xestións urxentes e ata un 25% dos efectivos da quenda.

11. Outras áreas de traballo ou servizos: establece-se, con carácter xeral, un número equivalente aos domingos ou festivos.

F) Persoal de xestión e servizos de atención primaria:

1. Urxencias: o 100% do persoal.

2. En centros con catro ou menos facultativos: 1 efectivo.

-En centros con cinco ou máis facultativos: 1 efectivo por centro e, en caso de teren varios andares, un máis por andar.

G) Persoal de empresas privadas que realizan tarefas de servizos contratados co Servizo Galego de Saúde e que teñan as súas condicións laborais equiparadas co persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

1. Servizos de mantemento: un número equivalente aos domingos ou festivos.

2. Limpeza: ata o 50% dos efectivos da quenda.

3. Hostalaría: un número mínimo igual aos domingos ou festivos, ou ben un 60% dos efectivos da quenda, en función do tamaño das prestacións dependentes de hostalaría en cada centro.

Coa finalidade de garantir o adecuado mantemento do servizo, servirase, con carácter xeral, un único

menú aos doentes que non requiran dieta médica especial.

#### Artigo 2º

A determinación dos profesionais necesarios con base nos criterios anteriores faraa a dirección, e a súa fixación deberá estar adecuadamente motivada mediante a designación nominal e individual.

As/os profesionais necesarios para a cobertura dos servizos mínimos deberán ser publicados nos taboleiros de anuncios do centro, con antelación ao comezo da folga.

A/O profesional designado como servizo mínimo, que desexa exercer o seu dereito de folga, poderá instar a substitución da súa designación por outra/o profesional que voluntariamente acepte o cambio de xeito expreso.

A xustificación debe constar no expediente de determinación de mínimos da institución e exteriorizarse adecuadamente para xeral coñecemento do persoal destinatario. Deberá quedar constancia no expediente dos factores ou criterios cuxa ponderación conduce a determinar as prestacións mínimas.

Con tales premisas, no anexo desta resolución recóllese o número de efectivos de servizos mínimos para cubrir as xornadas de folga.

#### Artigo 3º

Os paros e alteracións no traballo por parte do persoal necesario para o mantemento dos servizos mínimos determinados no anexo, así como os expostos nos taboleiros de anuncios de cada centro, serán considerados ilegais para os efectos do establecido no artigo 16.1º do Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo (BOE nº 58, do 9 de marzo).

#### Artigo 4º

O disposto nos artigos anteriores non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga lle recoñece ao persoal nesta situación, nin tampouco sobre a tramitación e efectos das peticións que a motiven.

#### Artigo 5º

Sen prexuízo do que establecen os artigos anteriores, deberanse observar as normas legais e regulamentarias vixentes en materia de garantías dos usuarios dos establecementos sanitarios. Os altercados ou incidentes que se produzan serán obxecto de sanción con base nas normas vixentes.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde producirá efectos e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2010.

Pilar Farjas Abadía  
Conselleira de Sanidade

ANEXO I

Provincia da Coruña

\*Centro: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

|                         |                            | Servizos mínimos |       |       |
|-------------------------|----------------------------|------------------|-------|-------|
|                         |                            | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo     | Urxencias                  | 10               | 11    | 5     |
|                         | A. Cirúrxica               | 17               | 11    | 11    |
|                         | A. Clínica/Hospitalización | 115              | 36    | 38    |
|                         | SS. CC.                    | 25               | 10    | 9     |
| Persoal DUE             | Urxencias                  | 13               | 14    | 12    |
|                         | A. Cirúrxica               | 32               | 8     | 4     |
|                         | A. Clínica/Hospitalización | 177              | 133   | 92    |
|                         | SS. CC.                    | 55               | 7     | 1     |
| Persoal sanitario FP    | T. Coidad. Aux. Enfermaría | 228              | 125   | 82    |
|                         | Técnico especialista       | 46               | 24    | 11    |
| Celadores/as            |                            | 57               | 49    | 30    |
| Persoal administrativo  |                            | 37               | 3     | 4     |
| Mantemento              | Mecánicos                  | 2                | 2     | 2     |
|                         | Electricistas              | 2                | 2     | 2     |
|                         | Calefactores               | 2                | 2     | 2     |
|                         | Fontaneiros                | 2                | 1     | 0     |
| Telefonista             |                            | 2                | 2     | 1     |
| Hostalaría              | Cociñeiro/a                | 6                | 3     | 0     |
|                         | Pinche                     | 42               | 37    | 0     |
| Conductor/a             |                            | 1                | 1     | 0     |
| Lavandaría              | Lavandeira/o               | 9                | 0     | 0     |
| Limpeza (contratada)    |                            | 67               | 40    | 1     |
| Mantemento (contratado) |                            | 2                | 1     | 1     |

\*Centro: Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

|                        |                            | Servizos mínimos |       |       |
|------------------------|----------------------------|------------------|-------|-------|
|                        |                            | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo    | Urxencias                  | 13               | 7     | 6     |
|                        | A. Cirúrxica               | 76               | 35    | 35    |
|                        | A. Clínica/Hospitalización | 62               | 20    | 20    |
|                        | SS. CC.                    | 28               | 10    | 10    |
| Persoal DUE            | Urxencias                  | 21               | 20    | 19    |
|                        | A. Cirúrxica               | 11               | 17    | 16    |
|                        | A. Clínica/Hospitalización | 148              | 143   | 123   |
|                        | SS. CC.                    | 20               | 9     | 7     |
| Persoal sanitario FP   | T. Coidad. Aux. Enfermaría | 225              | 135   | 94    |
|                        | Técnico especialista       | 29               | 19    | 9     |
| Celadores/as           |                            | 51               | 47    | 26    |
| Persoal administrativo |                            | 38               | 9     | 3     |
| Mantemento             |                            | 7                | 7     | 7     |
| Telefonista            |                            | 2                | 1     | 1     |
| Hostalaría             | Cociñeiro/a                | 8                | 6     | 0     |
|                        | Pinche                     | 60               | 58    | 2     |
| Conductor/a            |                            | 2                | 1     | 0     |
| Lavandaría             | Lavandeira/o               | 7                | 7     | 0     |
| Limpeza (contratada)   |                            | 109              |       |       |

Matronas: mañá: 6; tarde: 4; noite: 4.  
Pasadoras de ferro: mañá: 9; tarde: 9; noite: 0.  
Traballo social: mañá: 1; tarde: 0; noite: 0.

\*Centro: Hospital da Barbanza.

|                     |                            | Servizos mínimos |       |       |
|---------------------|----------------------------|------------------|-------|-------|
|                     |                            | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo | Urxencias                  | 4                | 4     | 3     |
|                     | A. Cirúrxica               | 6                | 6     | 6     |
|                     | A. Clínica/Hospitalización | 3                | 2     | 2     |
|                     | SS. CC.                    | 4                | 2     | 2     |
| Persoal DUE         | Urxencias                  | 5                | 5     | 4     |
|                     | A. Cirúrxica               | 4                | 4     | 3     |
|                     | A. Clínica/Hospitalización | 9                | 7     | 4     |
|                     | SS. CC.                    | 1                | 0     | 0     |

|                      |                             | Servizos mínimos |       |       |
|----------------------|-----------------------------|------------------|-------|-------|
|                      |                             | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal sanitario FP | T. Coidados Aux. Enfermaría | 16               | 11    | 7     |
|                      | Técnico especialista        | 2                | 2     | 2     |

\*Centro: Hospital Virxe da Xunqueira.

|                        |                            | Servizos mínimos |       |       |
|------------------------|----------------------------|------------------|-------|-------|
|                        |                            | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo    | Urxencias                  | 3                | 3     | 2     |
|                        | A. Cirúrxica               | 12               | 5     | 5     |
|                        | A. Clínica/Hospitalización | 10               | 2     | 2     |
|                        | SS. CC.                    | 5                | 1     | 1     |
| Persoal DUE            | Urxencias                  | 4                | 4     | 3     |
|                        | A. Cirúrxica               | 3                | 3     | 2     |
|                        | A. Clínica/Hospitalización | 8                | 6     | 4     |
|                        | Paritorio                  | 1                | 1     | 1     |
| Persoal sanitario FP   | T. Coidad. Aux. Enfermaría | 13               | 8     | 5     |
|                        | Técnico especialista       | 2                | 2     | 2     |
| Celadores/as           |                            | 0                | 0     | 0     |
| Persoal administrativo |                            | 10               | 3     | 1     |
| Mantemento             |                            | 0                | 0     | 0     |
| Telefonista            |                            | 0                | 0     | 0     |
| Hostalaría             | Cociñeiro/a                | 0                | 0     | 0     |
|                        | Pinche                     | 0                | 0     | 0     |
| Conductor/a            |                            | 0                | 0     | 0     |
| Lavandaría             | Lavandeira/o               | 0                | 0     | 0     |

\*Centro: Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela.

|                                                       | Servizos mínimos |       |       |
|-------------------------------------------------------|------------------|-------|-------|
|                                                       | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo (médicos, pediatras, odontólogos) | 108              | 25    | 18    |
| Persoal de enfermaría                                 | 77               | 15    | 15    |
| Persoal de servizos xerais                            | 66               | 16    | 1     |
| Auxiliar administrativo                               | 0                | 1     | 0     |
| Celadores/as                                          | 0                | 12    | 14    |

\*Centro: Centro de Transfusións de Galicia.

|                                   | Servizos mínimos |       |       |
|-----------------------------------|------------------|-------|-------|
|                                   | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo               |                  |       |       |
| Responsables área                 | 2                | 0     | 0     |
| Hemodoazón                        | 7                | 12    | 0     |
| Persoal sanitario non facultativo |                  |       |       |
| Control calidade                  | 1                | 1     | 0     |
| HLA                               | 2                | 1     | 0     |
| Criobioloxía                      | 1                | 1     | 0     |
| Procesamento                      | 2                | 1     | 1     |
| Fraccionamento                    | 6                | 6     | 1     |
| Hemodoazón                        | 9                | 19    | 0     |
| Persoal non sanitario             |                  |       |       |
| Administración                    | 7                | 0     | 1     |
| Promoción                         | 1                | 0     | 0     |
| Hemodoazón                        | 3                | 8     | 0     |

\*Centro: Xerencia de Atención Primaria da Coruña.

|                                                       | Servizos mínimos |       |       |
|-------------------------------------------------------|------------------|-------|-------|
|                                                       | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo (médicos, pediatras, odontólogos) | 132              | 66    | 18    |
| Persoal de enfermaría                                 | 96               | 48    | 17    |
| Outro persoal sanitario                               |                  |       |       |
| Persoal de servizos xerais                            | 65               | 27    | 3     |
| Auxiliar administrativo                               | 16               |       |       |
| Celadores/as                                          | 4                | 15    | 15    |

\*Centro: Urgencias Sanitarias de Galicia-061.

|                                   | Servizos mínimos   |                      |                                    |
|-----------------------------------|--------------------|----------------------|------------------------------------|
|                                   | Mañá<br>(8 a 15 h) | Tarde<br>(15 a 22 h) | Noite<br>(00 a 8 h)<br>(22 a 00 h) |
| Persoal facultativo               |                    |                      |                                    |
| Médicos asistenciais              | 11                 | 11                   | 9                                  |
| Médicos coordinadores (1*)        | 6+1(1*)            | 6+1(1*)              | 3                                  |
| Persoal sanitario non facultativo |                    |                      |                                    |
| ATS/DUE de base simple/dobre      | 11                 | 11                   | 9                                  |
| ATS/DUE de consulta sanitaria     | 1                  | 1                    | 1                                  |
| ATS/DUE Xacobeo                   | 1 (*)              | 1(**)+(***)          | 0                                  |
| Persoal non sanitario             |                    |                      |                                    |
| Tecnoloxía                        | 1                  | 0                    | 0                                  |
| Recursos humanos                  | 1                  | 0                    | 0                                  |
| Área económico-financeiro         | 4                  | 0                    | 0                                  |
| Administrativos Xacobeo           | 1 (*)              | 1(**)+(***)          | 0                                  |

1 (\*) Aos seis traballadores en quenda de mañá hai que sumarlles un en horario das 10.00 ás 16.00 horas  
1 (\*) Aos seis traballadores en quenda de tarde hai que sumarlles un en horario das 16.00 ás 23.00 horas  
(\*) Xacobeo centro de traballo: Casa do Deán. Quenda de mañá das 10.00 ás 14.00 horas  
(\*\*) Xacobeo centro de traballo: Casa do Deán. Quenda de tarde das 16.00 ás 20.00 horas  
(\*\*\*) Xacobeo centro de traballo: Monte do Gozo. Quenda de tarde das 17.00 ás 20.30 horas

\*Centro: Instituto Galego de Oftalmoloxía (Ingo).

|                      | Servizos mínimos |       |       |
|----------------------|------------------|-------|-------|
|                      | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo  |                  |       |       |
| Hospital de Conxo    | 1                | 0     | 0     |
| Hospital da Barbanza | 1                | 0     | 0     |

Área Ferrol.

\*Centro: Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

|                        |                            | Servizos mínimos |       |       |
|------------------------|----------------------------|------------------|-------|-------|
|                        |                            | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo    | Urxencias                  | 5                | 5     | 4     |
|                        | A. Cirúrxica               | 20               | 12    | 12    |
|                        | A. Clínica/Hospitalización | 25               | 9     | 9     |
|                        | SS. CC.                    | 13               | 4     | 4     |
| Persoal DUE            | Urxencias                  | 13               | 12    | 9     |
|                        | A. Cirúrxica               | 20               | 10    | 10    |
|                        | A. Clínica/Hospitalización | 38               | 19    | 18    |
|                        | SS. CC.                    | 45               | 2     | 2     |
| Persoal sanitario FP   | T. Coidad. Aux. Enfermaría | 94               | 40    | 25    |
|                        | Técnico especialista       | 30               | 4     | 4     |
| Celadores/as           |                            | 25               | 16    | 11    |
| Persoal administrativo |                            | 29               | 2     | 1     |
| Mantemento             |                            | 4                | 4     | 4     |
| Telefonista            |                            | 1                | 1     | 1     |
| Hostalaría             | Cociñeiro/a                | 2                | 2     | 0     |
|                        | Pinche                     | 18               | 18    | 1     |
|                        | Limpador/a                 | 3                | 3     | 0     |
| Conductor/a            |                            | 1                | 0     | 0     |
| Lavandaría             | Lavandeira/o               | 5                | 0     | 0     |
|                        | Pasador/a de ferro         | 5                | 0     | 0     |
| Limpeza (contratada)   |                            | 29               | 18    | 2     |

\*Centro: Atención Primaria de Ferrol.

|                    | Servizos mínimos |       |       |
|--------------------|------------------|-------|-------|
|                    | Mañá             | Tarde | Noite |
| Médicos de familia | 40               | 11    | 0     |
| Médicos PAC        | 0                | 12    | 11    |
| Pediatras          | 15               | 4     | 0     |

|                             | Servizos mínimos |       |       |
|-----------------------------|------------------|-------|-------|
|                             | Mañá             | Tarde | Noite |
| Odontólogos                 | 1                | 0     | 0     |
| Farmacéuticos               | 1                | 0     | 0     |
| Persoal de enfermaría       | 48               | 11    | 0     |
| Persoal de enfermaría (PAC) | 0                | 12    | 9     |
| Outro persoal sanitario     | 1                | 0     | 0     |
| Persoal non sanitario       | 42               | 12    | 0     |
| Celadores/as PAC            | 0                | 9     | 9     |

Provincia de Lugo

\*Centro: Complexo Hospitalario Xeral-Calde.

|                        |                            | Servizos mínimos |               |               |
|------------------------|----------------------------|------------------|---------------|---------------|
|                        |                            | Mañá             | Tarde         | Noite         |
| Persoal facultativo    | Urxencias                  | 9 (1 local.)     | 11 (1 local.) | 8 (1 local.)  |
|                        | A. Cirúrxica               | 31               | 14 (4 local.) | 14 (4 local.) |
|                        | A. Clínica/Hospitalización | 41               | 10 (2 local.) | 10 (3 local.) |
|                        | SS. CC.                    | 21               | 8 (3 local.)  | 8 (3 local.)  |
| Persoal DUE            | Urxencias                  | 8                | 8             | 7             |
|                        | A. Cirúrxica               | 4                | 4             | 4             |
|                        | A. Clínica/Hospitalización | 79               | 66            | 45            |
|                        | SS. CC.                    | 14               | 2             | 2             |
| Persoal sanitario FP   | T. Coidad. Aux. Enfermaría | 106              | 63            | 41            |
|                        | Técnico especialista       | 12               | 11            | 6             |
| Celadores/as           |                            | 40               | 24            | 13            |
| Persoal administrativo |                            | 32               | 5             | 2             |
| Mantemento             |                            | 8                | 3             | 3             |
| Telefonista            |                            | 1                | 1             | 1             |
| Hostalaría             | Cociñeiro/a                | 5                | 5             |               |
|                        | Pinche                     | 23               | 23            |               |
| Conductor/a            |                            | 1                |               |               |
| Lavandaría             | Lavandeira/o               | 3                | 3             |               |
|                        | Pasador/a ferro            | 4                | 4             |               |
| Limpeza (contratada)   |                            | 22               | 19            | 3             |

\*Centro: Hospital Comarcal de Monforte.

|                        |                            | Servizos mínimos |           |            |
|------------------------|----------------------------|------------------|-----------|------------|
|                        |                            | Mañá             | Tarde     | Noite      |
| Persoal facultativo    | Urxencias                  | 4 (1 loc.)       | 3 (1loc.) | 3 (1 loc.) |
|                        | A. Cirúrxica               | 9                | 9         | 9          |
|                        | A. Clínica/Hospitalización | 4                | 3         | 3          |
|                        | SS. CC.                    | 6                | 6         | 6          |
| Persoal DUE            | Urxencias                  | 3 (1 loc.)       | 3 (1loc.) | 3 (1 loc.) |
|                        | A. Cirúrxica               | 2                | 2         | 2          |
|                        | A. Clínica/Hospitalización | 10               | 10        | 6          |
|                        | SS. CC.                    | 6                | 0         | 0          |
| Persoal sanitario FP   | T. Coidad. Aux. Enfermaría | 13               | 12        | 8          |
|                        | Técnico especialista       | 5                | 4         | 2          |
| Celadores/as           |                            | 7                | 6         | 3          |
| Persoal administrativo |                            | 10               | 1         | 2          |
| Mantemento             |                            | 2                | 2         | 2          |
| Telefonista            |                            | 1                | 1         | 0          |
| Hostalaría             | Cociñeiro/a                | 1                | 1         | 0          |
|                        | Pinche                     | 5                | 5         | 0          |
| Pasador/a de ferro     |                            | 2                | 0         | 0          |
| Lavandaría             | Lavandeira/o               | 2                | 0         | 0          |
| Matrona (1)            |                            | 1                | 1         | 1          |

\*Centro: Hospital Comarcal da Costa.

|                        |                            | Servizos mínimos |       |       |
|------------------------|----------------------------|------------------|-------|-------|
|                        |                            | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo    | Urxencias                  | 5                | 4     | 3     |
|                        | A. Cirúrxica               | 11               | 11    | 11    |
|                        | A. Clínica/Hospitalización | 7                | 3     | 3     |
|                        | SS. CC.                    | 6                | 2     | 2     |
| Persoal DUE            | Urxencias                  | 3                | 3     | 2     |
|                        | A. Cirúrxica               | 2                | 2     | 1     |
|                        | A. Clínica/Hospitalización | 20               | 17    | 11    |
|                        | SS. CC.                    | 2                | 0     | 0     |
| Persoal sanitario FP   | T. Coidad. Aux. Enfermaría | 22               | 15    | 11    |
|                        | Técnico especialista       | 6                | 3     | 2     |
| Celadores/as           |                            | 8                | 6     | 2     |
| Persoal administrativo |                            | 15               | 2     | 1     |
| Mantemento             |                            | 2                | 2     | 2     |
| Telefonista            |                            | 1                | 1     | 0     |
| Hostalaría             | Cociñeiro/a                | 1                | 1     | 0     |
|                        | Pinche                     | 4                | 4     | 0     |
| Conductor/a            |                            | 0                | 0     | 0     |
| Lavandaría             | Lavandeira/o               | 1                | 0     | 0     |

\*Centro: Xerencia de Atención Primaria de Lugo.

|                                                       | Servizos mínimos |       |       |
|-------------------------------------------------------|------------------|-------|-------|
|                                                       | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo (médicos, pediatras, odontólogos) | 323              | 23    | 25    |
| Persoal de enfermaría                                 | 235              | 16    | 25    |
| Outro persoal sanitario                               | 78               | 7     | 0     |
| Persoal de servizos xerais                            | 105              | 13    | 0     |
| Auxiliar administrativo                               | 35               | 1     | 0     |
| Celadores/as                                          | 22               | 0     | 18    |

Provincia de Ourense

\*Centro: Complexo Hospitalario de Ourense.

|                             |                                            | Servizos mínimos |       |       |
|-----------------------------|--------------------------------------------|------------------|-------|-------|
|                             |                                            | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo         | Urxencias                                  | 8                | 8     | 4     |
|                             | A. Cirúrxica                               | 32               | 8+8   | 8+8   |
|                             | A. Clínica/Hospitalización                 | 58               | 13+1  | 9+2   |
|                             | SS.CC.                                     | 44               | 13+2  | 9+4   |
| Matrona                     |                                            | 2                | 2     | 2     |
| Fisioterapeuta              |                                            | 3                | 0     | 0     |
| Persoal DUE                 | Urxencias                                  | 9                | 9     | 7     |
|                             | A. cirúrxica                               | 40               | 28    | 19    |
|                             | A. clínica/hospitalización                 | 85               | 55    | 43    |
|                             | SS.CC.                                     | 18               | 12    | 10    |
| Persoal Sanitario FP        | T. Coidad Aux. Enfermaría                  | 128              | 88    | 72    |
|                             | Técnico especialista                       | 26               | 11    | 6     |
| Celadores                   |                                            | 52               | 40    | 25    |
| Persoal administrativo      | Admisión e apoio asistencial               | 32               | 8     | 2     |
| Persoal administrativo      | Persoal, secretaría e Atención ao Paciente | 8                | 0     | 0     |
| Mantemento                  |                                            | 13               | 7     | 5     |
| Telefonista                 |                                            | 2                | 2     | 1     |
| Hostalaría                  | Cociñeiro/a                                | 5                | 5     | 0     |
|                             | Pinche                                     | 39               | 32    | 0     |
| Conductor/a                 |                                            | 1                | 0     | 0     |
| Lenzaría, Limpeza, Servizos |                                            | 7                | 1     | 1     |

|                       |  | Servizos mínimos |       |       |
|-----------------------|--|------------------|-------|-------|
|                       |  | Mañá             | Tarde | Noite |
| Información Recepción |  | 3                | 4     | 0     |
| Informática           |  | 2                | 0     | 0     |
| Limpeza (contratada)  |  | 40               | 27    | 3     |

\*Centro: Hospital Comarcal do Barco de Valdeorras.

|                        |                            | Servizos mínimos |       |       |
|------------------------|----------------------------|------------------|-------|-------|
|                        |                            | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo    | Urxencias                  | 3                | 2     | 2     |
|                        | A. Cirúrxica               | 3                | 2     | 2     |
|                        | A. Clínica/Hospitalización | 9                | 7     | 7     |
|                        | SS. CC.                    | 5                | 3     | 3     |
| Persoal DUE            | Urxencias                  | 2                | 2     | 2     |
|                        | A. Cirúrxica               | 2                | 2     | 2     |
|                        | A. Clínica/Hospitalización | 8                | 8     | 7     |
|                        | SS. CC.                    | 5                | 1     | 1     |
| Persoal sanitario FP   | T. Coidad. Aux. Enfermaría | 19               | 12    | 6     |
|                        | Técnico especialistas      | 4                | 3     | 2     |
| Celadores/as           |                            | 7                | 6     | 2     |
| Persoal administrativo |                            | 14               | 1     | 1     |
| Mantemento             |                            | 2                | 2     | 1     |
| Telefonista            |                            | 1                | 1     |       |
| Hostalaría             | Cociñeiro/a                | 1                | 1     |       |
|                        | Pinche                     | 4                | 4     |       |
| Conductor/a            |                            |                  |       |       |
| Lavandaría             | Lavandeira/o               | 3                |       |       |
| Limpeza (contratada)   |                            | 40               | 27    | 3     |

\*Centro: Hospital de Verín.

|                        |                            | Servizos mínimos |       |       |
|------------------------|----------------------------|------------------|-------|-------|
|                        |                            | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo    | Urxencias                  | 3                | 3     | 2     |
|                        | A. Cirúrxica               | 7                | 4     | 4     |
|                        | A. Clínica/Hospitalización | 6                | 5     | 5     |
|                        | SS. CC.                    | 4                | 0     | 0     |
| Persoal DUE            | Urxencias                  | 2                | 2     | 3     |
|                        | A. Cirúrxica               | 2                | 2     | 2     |
|                        | A. Clínica/Hospitalización | 6                | 4     | 4     |
|                        | SS. CC.                    | 1                | 0     | 0     |
| Matrona                |                            | 1                | 1     | 1     |
| Persoal sanitario FP   | T. Coidad. Aux. Enfermaría | 6                | 6     | 5     |
|                        | Técnico especialista       | 2                | 2     | 2     |
| Celadores/as           |                            | 3                | 2     | 1     |
| Persoal administrativo |                            | 4                | 3     | 1     |
| Limpeza (contratada)   |                            | 5                | 3     | 1     |

\*Centro: Xerencia de Atención Primaria de Ourense.

|                                                       | Servizos mínimos |       |       |
|-------------------------------------------------------|------------------|-------|-------|
|                                                       | Mañá             | Tarde | Noite |
| Médico de familia                                     | 113              | 39    | 24    |
| Pediatra de Atención Primaria                         | 16               | 3     |       |
| Odontólogo                                            | 12               |       |       |
| Persoal de enfermaría                                 | 110              | 32    | 17    |
| Outro persoal sanitario (AE)                          | 12               |       |       |
| Persoal de xestión e servizos: citación               | 78               | 10    |       |
| Persoal de xestión e servizos: ss.adtvos.e mantemento | 13               |       |       |
| Celadores/as de PAC                                   |                  | 15    | 15    |

| Provincia de Pontevedra                               |                                                                       |                  |       |       |
|-------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|------------------|-------|-------|
| *Centro: Complexo Hospitalario Universitario de Vigo. |                                                                       |                  |       |       |
|                                                       |                                                                       | Servizos mínimos |       |       |
|                                                       |                                                                       | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo                                   | Urxencias                                                             | 13               | 13    | 8     |
|                                                       | A. Cirúrxica                                                          | 50               | 33    | 33    |
|                                                       | A. Clínica/Hospitalización                                            | 39               | 18    | 17    |
|                                                       | SS. CC.                                                               | 34               | 18    | 18    |
| Matrona                                               |                                                                       | 4                | 4     | 4     |
| Fisioterapeuta, logopeda e TO                         |                                                                       | 8                | 2     | 0     |
| Persoal DUE                                           | Urxencias                                                             | 16               | 17    | 13    |
|                                                       | A. Cirúrxica                                                          | 29               | 18    | 13    |
|                                                       | A. Clínica/Hospitalización                                            | 117              | 98    | 87    |
|                                                       | SS. CC.                                                               | 33               | 5     | 4     |
| Persoal sanitario FP                                  | T. Coidad. Aux. Enfermaría                                            | 180              | 126   | 88    |
|                                                       | Técnico especialistas                                                 | 34               | 13    | 9     |
| Celadores/as                                          |                                                                       | 74               | 54    | 37    |
| Persoal administrativo                                |                                                                       | 42               | 13    | 3     |
| Mantemento                                            |                                                                       | 5                | 4     | 2     |
| Telefonista                                           |                                                                       | 3                | 3     | 3     |
| Hostalaría                                            | Cociñeiro                                                             | 4                | 3     | 0     |
|                                                       | Pinche                                                                | 37               | 32    | 0     |
| Condutor/a                                            |                                                                       | 2                | 0     | 0     |
| Lavandaría                                            | Inclúe 9 pasadoras de ferro, 4 lavandeiras, 1 encargada, 1 gobernanta | 15               | 1     | 0     |
| Limpeza                                               |                                                                       | 1                | 0     | 1     |
| Limpeza (contratada)                                  |                                                                       | 57               | 37    | 8     |
| Hostalaría (contratada)                               |                                                                       | 27               | 25    | 0     |
| Mantemento (contratado)                               |                                                                       | 5                | 3     | 2     |

\*Centro: Complexo Hospitalario de Pontevedra.

|                         |                            | Servizos mínimos |       |       |
|-------------------------|----------------------------|------------------|-------|-------|
|                         |                            | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo     | Urxencias                  | 6                | 6     | 5     |
|                         | A. Cirúrxica               | 37               | 13    | 13    |
|                         | A. Clínica/Hospitalización | 43               | 13    | 13    |
|                         | SS. CC.                    | 33               | 9     | 9     |
| Persoal DUE             | Urxencias                  | 9                | 9     | 8     |
|                         | A. Cirúrxica               | 21               | 9     | 6     |
|                         | A. Clínica/Hospitalización | 48               | 45    | 43    |
|                         | SS. CC.                    | 34               | 16    | 9     |
| Persoal sanitario FP    | T. Coidad. Aux. Enfermería | 95               | 66    | 51    |
|                         | Técnico especialista       | 19               | 11    | 9     |
| Celadores/as            |                            | 43               | 37    | 20    |
| Persoal administrativo  |                            | 70               | 6     | 4     |
| Mantemento              |                            | 5                | 3     | 3     |
| Telefonista             |                            | 2                | 2     | 2     |
| Hostalaría              | Cociñeiro/a                | 1                | 1     |       |
|                         | Pinche                     | 14               | 11    |       |
| Condutor/a              |                            | 1                |       |       |
| Lavandaría              | Lavandeira/o               | 7                |       |       |
| Limpeza (contratada)    |                            | 25               | 21    | 2     |
| Hostalaría (contratada) |                            | 12               | 12    | 0     |

\*Centro: Hospital do Salnés.

|                     |                              | Servizos mínimos |       |       |
|---------------------|------------------------------|------------------|-------|-------|
|                     |                              | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal Facultativo | Urxencias                    | 4                | 4     | 2     |
|                     | Área Cirúrxica               | 5                | 4     | 4     |
|                     | Área Clínica/Hospitalización | 5                | 2     | 2     |
|                     | SS.CC.                       | 3                | 2     | 2     |
| Persoal DUE         | Urxencias                    | 4                | 4     | 3     |
|                     | Área Cirúrxica               | 2                | 2     | 2     |
|                     | Área Clínica/Hospitalización | 13               | 9     | 7     |
|                     | SS.CC.                       |                  |       |       |

|                        |                            | Servizos mínimos |       |       |
|------------------------|----------------------------|------------------|-------|-------|
|                        |                            | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal Sanitario FP   | T. Coidados Aux.Enfermería | 14               | 11    | 9     |
|                        | Técnico especialista       | 3                | 3     | 2     |
| Celadores/as           |                            | 4                | 4     | 2     |
| Persoal administrativo |                            | 10               | 3     | 2     |
| Mantemento             |                            |                  |       |       |
| Hostalaría             | Cociñeiro/a                |                  |       |       |
|                        | Pinche                     |                  |       |       |
| Lavandaría             | Lavandeira/o               |                  |       |       |
|                        | Pasador/a de ferro         |                  |       |       |

\*Centro: Xerencia de Atención Primaria Pontevedra.

|                                                       | Servizos mínimos |       |       |
|-------------------------------------------------------|------------------|-------|-------|
|                                                       | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo (médicos, pediatras, odontólogos) | 104              | 36    | 17    |
| Persoal de enfermaría                                 | 82               | 27    | 14    |
| Persoal de servizos xerais                            | 44               | 11    | 2     |
| Auxiliar administrativo                               | 11               | 1     | 0     |
| Celadores/as                                          | 6                | 11    | 11    |

\*Centro: Xerencia Atención Primaria Vigo.

|                                                       | Servizos mínimos |       |       |
|-------------------------------------------------------|------------------|-------|-------|
|                                                       | Mañá             | Tarde | Noite |
| Persoal facultativo (médicos, pediatras, odontólogos) | 81               | 53    | 18    |
| Persoal de enfermaría                                 | 78               | 49    | 15    |
| Persoal de servizos xerais                            | 40               | 20    | 0     |
| Auxiliar administrativo                               | 6                | 2     | 0     |
| Celadores/as                                          | 5                | 12    | 11    |
| Condutor/a                                            | 0                | 2     | 2     |
| Telefonista                                           | 0                | 1     | 1     |

\*Centro: Galaria Vigo.

|                                                         | Servizos mínimos |       |               |
|---------------------------------------------------------|------------------|-------|---------------|
|                                                         | Mañá             | Tarde | Noite         |
| Especialista Cardioloxía (cardioloxía intervenciónista) | 1                | 1     | 1 localizado  |
| Pesoal DUE                                              | 2                | 2     | 2 localizado  |
| Persoal auxiliar de enfermaría                          | 1                | 1     | 1 localizado  |
| Celador                                                 | 1                | 1     | 0             |
| Cirurxián cardíaco (quirófano)                          | 2                | 2     | 2 localizados |
| Persoal DUE instrumentista                              | 1                | 1     | 1 localizado  |
| Persoal DUE perfusionista                               | 1                | 1     | 1 localizado  |
| Persoal DUE circulante                                  | 1                | 1     | 1 localizado  |
| Persoal auxiliar de enfermaría                          | 1                | 1     | 1 localizado  |
| Celador                                                 | 1                | 1     | 0             |
| Unidade de recuperación de cirurxía cardíaca            |                  |       |               |
| Persoal DUE                                             | 3                | 3     | 3             |
| Persoal auxiliar de enfermaría                          | 2                | 2     | 2             |
| Celador                                                 | 1                | 1     | 0             |
| Esp. Radioloxía (diagnóstico por imaxe)                 | 1                | 1     | 1 localizado  |
| TER                                                     | 1                | 1     | 1 localizado  |
| PSX                                                     | 1                | 1     | 0             |
| Esp. Radioloxía (diagnóstico por imaxe Meixoeiro)       | 1                | 1     | 0             |
| TER                                                     | 1                | 1     | 0             |
| PSX                                                     | 1                | 1     | 0             |
| Esp. Medicina Nuclear (medicina nuclear)                | 1                | 1     | 0             |
| DUE                                                     | 2                | 1     | 1             |
| TER                                                     | 1                | 1     | 0             |
| Auxiliar de enfermaría                                  | 1                | 0     | 0             |
| PSX                                                     | 1                | 1     | 0             |
| Esp. Radiofísica                                        | 1                | 1     | 1 localizado  |
| TER                                                     | 1                | 1     |               |

|                          |  | Servizos mínimos |       |       |
|--------------------------|--|------------------|-------|-------|
|                          |  | Mañá             | Tarde | Noite |
| Esp. Radioterapia        |  | 3                | 2     | 1     |
| DUE                      |  | 2                | 2     | 1     |
| TER                      |  | 8                | 8     | 2     |
| Auxiliar de enfermaría   |  | 2                | 2     | 0     |
| PSX                      |  | 2                | 1     | 1     |
| Estrutura administrativa |  |                  |       |       |
| Administrativo           |  | 1                | 1     | 0     |
| Auxiliar administrativo  |  | 1                | 0     | 0     |
| PSX                      |  | 1                | 0     | 0     |

\*Centro: Galaria Ourense.

|                                          |  | Servizos mínimos |       |       |
|------------------------------------------|--|------------------|-------|-------|
|                                          |  | Mañá             | Tarde | Noite |
| Esp. Medicina Nuclear (medicina nuclear) |  | 1                | 0     | 0     |
| DUE                                      |  | 1                | 0     | 0     |
| PSX                                      |  | 1                | 0     | 0     |

\*Centro: Galaria Santiago.

|                         |  | Servizos mínimos |       |
|-------------------------|--|------------------|-------|
|                         |  | Mañá/noite       | Tarde |
| Radiofarmacéutico       |  | 1                | 0     |
| Auxiliar administrativo |  | 1                | 0     |
| Radiofísico             |  | 1                | 0     |
| TEL                     |  | 2                | 0     |
| Mantemento              |  | 1                | 0     |

\*Centro: Galaria Centro Itinerante (Unidade de Resonancia Móbil).

|     |  | Servizos mínimos |       |
|-----|--|------------------|-------|
|     |  | Mañá/noite       | Tarde |
| DUE |  | 1                | 0     |
| TER |  | 1                | 0     |

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 31 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a mellora da eficacia e sustentabilidade das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos agrarios, e se convocan para o ano 2010.*

Coa finalidade de garantir un desenvolvemento sustentable do noso espazo rural é necesario apoiar a mellora da renda das explotacións agrarias nun sentido amplo que inclúa a mellora da calidade das producións, o respecto polo ambiente e a diversificación das actividades.

Neste sentido, a axuda aos investimentos ten por obxecto modernizar as explotacións agrarias, aumentar o rendemento económico a través dunha utilización adecuada dos factores de produción, incluída a utilización de novas tecnoloxías e a innovación, centrándose na calidade e a diversificación, así como en mellorar a seguranza ambiental e a seguranza no tra-

ballo, a hixiene e o benestar dos animais nas explotacións.

Este proceso debe continuar no marco do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), o Regulamento (CE) 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen as disposicións de aplicación do antedito Regulamento do Consello, así como no previsto na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

As axudas reguladas nesta orde van dirixidas á realización de investimentos para a mellora do sistema produtivo, así como á incorporación de agricultores mozos e mozas como titulares das explotacións do sector agrario, no marco dos anteditos regulamentos e en concordancia coas liñas estratéxicas comunitarias e estatais reflectidas tamén na redacción do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2007-2013. O cofinanciamento do Feader nestas axudas poderá acadar unha porcentaxe do 57,56% do gasto executado.

Para acadar os obxectivos é necesario dirixir as actuacións ás explotacións agrarias que acrediten a súa viabilidade económica, que cumpran as normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais, nas cales a persoa titular teña a capacidade e competencia profesionais adecuadas. Así mesmo, é preciso velar pola actividade agraria alén da condición de agricultor/a profesional, sempre que se acredite a viabilidade económica e se cumpran as normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais.

A incorporación da poboación nova e capacitada á titularidade das explotacións agrarias é unha das mellores vías para estimular a introdución de novas tecnoloxías no sector e contribuír a asegurar a súa competitividade e a continuidade do tecido agrario.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-Obxecto e beneficiarios.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2010 das seguintes liñas de axuda:

- Realización de plans de mellora nas explotacións agrarias.
- Primeira instalación de agricultores mozos ou mozas.

2. Poderán ser beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións ou que pretendan selo e que cumpran os requisitos recollidos nesta orde.

#### Artigo 2º.-*Definicións.*

Para os efectos desta orde, e sen prexuízo das definicións dadas pola Lei 19/1995, de modernización das explotacións agrarias, e polo Decreto 253/2008, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, entenderase por:

1. Actividade agraria: o conxunto de traballos que se requiren para a obtención de produtos agrícolas e gandeiros.

Así mesmo, considerarase como actividade agraria a venda directa por parte do agricultor ou da agricultora da produción propia sen transformación, dentro dos elementos que integren a explotación, en mercados municipais ou en lugares que non sexan establecementos comerciais permanentes.

2. Explotación agraria: o conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente pola/s persoa/s titular/es no exercicio da actividade agraria, primordialmente con fins de mercado, e que constitúe en si mesma unha unidade técnico-económica. Consideraranse como unha única explotación as pertencentes a unha mesma persoa titular ou sociedade conxugal en réxime de gananciais, aínda que a base territorial radique en lugares xeograficamente distintos e teñan distintas orientacións produtivas.

3. Elementos da explotación: os bens inmoables de natureza rústica e calquera outros que son obxecto de aproveitamento agrario permanente; a vivenda con dependencias agrarias; as construcións e instalacións agrarias, mesmo de natureza industrial, e o gando, máquinas e apeiros integrados na explotación e afectos a ela, cuxo aproveitamento e utilización corresponde á persoa titular en réxime de propiedade, arrendamento, dereitos de uso e desfrute e mesmo por mera tolerancia do seu dono. Así mesmo, constitúen elementos da explotación todos os dereitos e obrigas que poidan corresponder á/s persoa/s titular/es e se encontren afectos á explotación.

4. Titular da explotación: a persoa física ou xurídica que exerce a actividade agraria, organizando os bens e dereitos integrantes da explotación con criterios empresariais e asumindo os riscos e as responsabilidades civil, social e fiscal que poidan derivar da xestión da explotación.

5. Agricultor profesional, a persoa física que, sendo titular dunha explotación agraria, polo menos o 50% da súa renda total a obteña de actividades agrarias ou outras actividades complementarias, sempre que a parte de renda procedente directamente da actividade agraria non sexa inferior ao 25% da súa renda total e o volume de emprego dedicado a actividades agrarias ou complementarias sexa igual ou superior á metade dunha unidade de traballo agra-

rio. Ademais dos anteriores requisitos, e no caso de exercer outras actividades diferentes das agrarias ou outras actividades complementarias, os contratos exclusivamente deberán ser a tempo parcial, e a media xornada, como máximo.

6. Agricultor/a mozo/a: a persoa que cumprise os dezaoito anos e non cumprise os corenta anos e exerza ou pretenda exercer a actividade agraria.

7. Plan de mellora da explotación: o conxunto de investimentos que, con carácter anual ou plurianual e con deseños técnicos, económicos e financeiros adecuados, proxecta introducir a persoa titular da explotación agraria para a súa modernización e a mellora da súa estrutura tal como se indica no artigo 5º.

#### 8. Primeira instalación:

Aquela en que un mozo ou unha moza acceden por primeira vez á titularidade exclusiva ou compartida dunha explotación agraria prioritaria ou á calidade de socio/a dunha entidade titular dunha explotación prioritaria de carácter asociativo.

Tamén se considerará primeira instalación a realizada por unha persoa agricultora moza nos seguintes supostos:

a) Aquela en que se instala por primeira vez como persoa titular dunha explotación agraria non prioritaria, compatibilizando a actividade agraria desenvolvida na súa propia explotación con calquera outra actividade económica.

b) Cando, sendo titular dunha explotación agraria cuxa marxe neta non supere o 20% da renda de referencia, pase a ser titular dunha explotación prioritaria.

c) Cando, sendo titular dunha explotación agraria cuns niveis de dedicación de tempo e traballo e de renda unitaria deste, inferiores aos mínimos establecidos para os titulares de explotacións prioritarias, acaden esta consideración en calidade de agricultor a título principal.

#### 9. Agricultor/a mozo/a cotitular dunha explotación:

Aquela persoa que na súa primeira instalación accede á titularidade compartida dunha explotación agraria conforme as seguintes condicións:

a) Que a persoa titular e o/a agricultor/a mozo/a acorden que este compartirá as responsabilidades xerenciais, os resultados económicos da explotación, os riscos inherentes á súa xestión e os investimentos que nela se realicen, nunha proporción mínima do 50%. O devandito acordo deberá ter unha duración mínima de seis anos.

b) Que a persoa titular transmita ao agricultor mozo ou á agricultora moza, polo menos, un terzo da propiedade dos elementos que integran a súa explotación de xeito referenciado, cuxo uso e aproveitamento continuarán integrados nela.

O acordo previsto na alínea a) deberá formalizarse en escritura pública, e a transmisión a que se refire a alínea b) deberá formalizarse en escritura pública e inscribirse no Rexistro da Propiedade, se están previamente inscritas as leiras a favor do titular.

Para os efectos do sinalado neste número, cando un agricultor mozo ou unha agricultora moza sexa cotitular dunha explotación que reúna os requisitos da explotación prioritaria, bastará, para que a explotación acade tal consideración que o mozo ou moza reúna persoalmente os requisitos exixidos á persoa titular da explotación prioritaria.

10. Unidade de traballo agrario (UTA): o traballo efectuado por unha persoa dedicada a tempo completo, cun mínimo de 1.920 horas durante un ano, á actividade agraria.

11. Renda total do/s titular/es da explotación: a renda fiscalmente declarada como tal pola/s persoa/s titular/es da explotación no último exercicio, excluindo do cómputo as ganancias e perdas patrimoniais. Para estes efectos, imputarase á persoa titular da explotación:

a) A renda da actividade agraria da explotación, que se calculará:

1º No caso de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas en réxime de estimación obxectiva, sumando ao rendemento neto de módulos os importes das dotacións á amortización e outras reducións efectuadas na súa determinación, sen incluír as correspondentes aos índices correctores aplicados.

2º No caso de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas en réxime de estimación directa, sumando ao rendemento neto as dotacións á amortización deducidas no exercicio.

b) As rendas procedentes doutras actividades empresariais ou profesionais, así como as rendas procedentes do traballo desenvolvido fóra da explotación, incluídas as pensións e haberes pasivos que fiscalmente teña obriga de declarar.

c) O 50% das rendas do capital mobiliario e inmobiliario, no caso de réxime de ganancias, e o 100% das súas rendas privativas.

Non obstante o anterior, poderá utilizarse para a avaliación da renda total do titular da explotación a media das rendas fiscalmente declaradas como tales por este durante tres dos cinco últimos anos, incluíndo o último exercicio, excluindo do cómputo as ganancias e perdas patrimoniais.

Nas zonas xeográficas ou sectores produtivos en que se produzan situacións excepcionais de danos motivadas por secas, xeadas, inundacións, epizootias ou outras causas similares, sempre que oficialmente se declaren e o titular da explotación acredite a súa dedicación á agricultura no último ano fiscal declarado, poderanse eliminar, para o cálculo da

media dos cinco últimos exercicios declarados, os exercicios fiscais en que se producisen as circunstancias excepcionais.

No caso de que as situacións excepcionais se producisen no último exercicio fiscal declarado e non sexa posible considerar tres exercicios normais nos catro anteriores, por non terse dedicado o/a titular da explotación á actividade agraria, poderá utilizarse a media das rendas fiscalmente declaradas como tales durante o máximo posible de exercicios normais computables.

12. Renda de referencia: indicador relativo aos salarios brutos non agrarios en España. A determinación anual da súa contía será feita polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, en concordancia co previsto ao respecto na normativa da Unión Europea e tendo en conta os datos de salarios publicados polo Instituto Nacional de Estatística.

13. Renda unitaria de traballo: o rendemento económico xerado na explotación agraria que se atribúe á unidade de traballo e que se obtén dividindo, entre o número de unidades de traballo agrario dedicadas á explotación, a cantidade resultante de sumar a marxe neta ou o excedente neto da explotación e o importe dos salarios debidos.

Para a súa determinación observárase o establecido no artigo 4º desta orde.

14. Explotación agraria prioritaria: aquela que cumpra o indicado na Lei 19/1995, de modernización das explotacións agrarias, e no Decreto 253/2008, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

15. Agricultor a tempo parcial, persoa física que, sendo titular dunha explotación agraria, dedica a actividades agrarias nela non menos da quinta parte nin máis da metade do seu tempo total de traballo.

16. Viabilidade económica da explotación: considerárase que unha explotación é viable economicamente cando a súa renda unitaria de traballo non sexa inferior ao 20% da renda de referencia.

Tamén se considerarán viables as explotacións clasificadas como prioritarias de conformidade co establecido no Decreto 253/2008, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

17. Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). Este indicador creado polo Real decreto lexislativo 3/2004, do 5 de marzo, utilízase como referencia do nivel de renda que serve para determinar a contía de determinadas prestacións ou para acceder a determinados beneficios, prestacións ou servizos públicos.

## SECCIÓN PRIMEIRA

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A MELLORA DA EFICACIA E SUSTENTABILIDADE DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS E DE NOVOS ACTIVOS AGRARIOS

## 1 Plans de mellora.

Artigo 3º.-*Requisitos das persoas beneficiarias.*

Para solicitar a axuda presentarán unha solicitude, segundo o modelo que se especifica no anexo I, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento das condicións, que, segundo o tipo de titular -persoa física, xurídica ou comunidade de bens-, e as características da explotación, será a seguinte:

## 1. En todos os casos deberán:

a) Ser titular dunha explotación agraria no momento da solicitude, agás que simultaneamente solicite unha axuda para primeira instalación conforme a sección 2ª.

b) Presentar un plan de mellora da súa explotación conforme o indicado no artigo 5º.

c) Presentar un compromiso asinado de comprometerse a exercer a actividade agraria na explotación obxecto da axuda durante, polo menos, cinco anos contados desde a data da certificación dos investimentos realizados.

Este compromiso será sometido a seguimento, en virtude das inspeccións e controis que se establezan, podéndosele exixir, para eses anos e unha vez finalizado o período voluntario de presentación da declaración do IRPF, que remita ao servizo provincial de explotacións agrarias a copia cotexada da declaración do IRPF e os boletíns de cotización á Seguridade Social ou o informe de vida laboral.

d) Acreditar a súa viabilidade económica conforme o definido no número 16 do artigo 2º desta orde.

e) Xustificar estar ao día nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e de que non ter ningunha débeda pendente de pagamento coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Acadar polo menos unha UTA, tendo en conta a definición de agricultor profesional do artigo 2.5º.

g) Cumprir as normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais, de conformidade coa normativa comunitaria e nacional, coa propia orde e co programa de desenvolvemento rural de Galicia aprobado pola Unión Europea.

2. As persoas físicas titulares deberán cumprir, ademais do indicado no número 1,

## a) A condición de agricultor/a profesional:

1º A renda que se obteña das actividades agrarias acreditarase mediante fotocopia cotexada da declaración do IRPF do último exercicio cuxo prazo xa finalizase para a súa presentación en período voluntario, ou coa media das rendas fiscalmente declara-

das como tales por el durante tres dos cinco últimos anos, incluíndo o último exercicio, exceptuando do cómputo as ganancias e perdas patrimoniais.

2º A acreditación dun volume de emprego de polo menos unha UTA efectuarase de acordo co establecido no punto 1 do artigo 4º desta orde.

## b) Posuír a capacitación profesional suficiente:

Poderá acreditarse dalgunha das seguintes formas:

1º Coa documentación xustificativa de ter obtido o título de capataz agrícola, de técnico ou técnico superior en ciclos formativos da familia profesional de actividades agrarias ou outra titulación superior na rama agraria.

2º Con cinco anos de exercicio da actividade agraria, que deberá acreditarse, con carácter xeral, cun informe de vida laboral da Seguridade Social ou, de ser o caso, conforme o seguinte:

i) No caso de que unha parte ou a totalidade do exercicio da actividade agraria se levase a cabo como man de obra familiar, será precisa unha declaración da persoa titular da explotación onde realizou tal actividade na cal se especifique o tempo traballado na explotación e as tarefas desenvolvidas.

ii) Os anos en que non se exercea a actividade agraria, ata acadar os cinco anos requiridos, poderán substituírse pola asistencia a cursos ou seminarios de formación agroforestal cunha duración de 50 horas lectivas por cada ano, os cales estarán previamente homologados pola Consellería do Medio Rural ou consellería correspondente, de acordo co Decreto 247/2000, do 29 de setembro.

iii) En calquera caso, os servizos provinciais de explotacións agrarias estudarán a documentación presentada e establecerán a súa idoneidade para os efectos de xustificar a actividade agraria do solicitante.

3º No caso de agricultores/as mozos/as, ademais de para os efectos da súa primeira instalación, conforme a sección 2ª, para considerar o incremento nas axudas aos investimentos en plans de mellora, a capacitación profesional suficiente xustificarse dalgún dos seguintes xeitos:

i) Mediante copia cotexada da titulación académica de capataz agrícola, de técnico ou técnico superior en ciclos formativos da familia profesional de actividades agrarias, ou outra titulación superior da rama agraria.

ii) Cun certificado de asistencia a cursos relacionados coa incorporación da persoa moza, cunha duración mínima de 250 horas lectivas, establecidos pola Consellería do Medio Rural, de acordo co Decreto 247/2000, do 29 de setembro.

iii) Mediante certificación de asistencia a cursos relacionados coa incorporación da persoa moza, cunha duración mínima de 250 horas lectivas,

desenvolvidos por outras entidades competentes en ensinanza agrarias, sempre que estean previamente homologados pola Consellería do Medio Rural ou consellería correspondente, de acordo co Decreto 247/2000, do 29 de setembro.

c) Ter dezaioito anos cumpridos e non ter cumpridos os sesenta e cinco. O requisito da idade xustificase mediante copia cotexada do DNI, no caso de non prestar autorización á Consellería de Medio Rural para a consulta dos datos de identidade, no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

3. As persoas xurídicas, ademais das sinaladas no número 1, deberán cumprir:

a) Ser unha explotación agraria prioritaria ou acadar tal condición coa aplicación destas axudas, o cal se acreditará segundo se establece no Decreto 253/2008, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

b) Que a súa actividade principal sexa a agraria, presentando os estatutos ou documento de constitución, e a declaración do imposto de sociedades do último exercicio. Así mesmo, a procedencia agraria dos ingresos comprobarase en función das marxes brutas das orientacións produtivas e das actividades económicas da explotación.

4. Cando a explotación pertenza a unha comunidade de bens, ademais dos requisitos sinalados no número 1, deberá presentar:

a) Os estatutos da comunidade e a súa acta de constitución.

b) Acreditar por parte de polo menos, o 50% dos comuneiros ou das comuneiras, que reúnen os requisitos establecidos para os titulares persoas físicas, para o que presentarán toda a documentación especificada no punto 2 deste artigo (persoa física titular de explotación).

5. Así mesmo, cando a explotación pertenza a unha comunidade de bens ou sociedade civil poderá resultar beneficiaria da axuda, coa condición de que cumpra as exixencias previstas para estas agrupacións no artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que deberán facer constar expresamente, segundo o modelo do anexo II desta orde, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Deberán nomear un representante ou apoderado único con poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiario correspondan á agrupación. Así mesmo, deberán acreditar a existencia dun pacto de indivisión da comunidade por un período mínimo de 5 anos contados a partir da data de certificación dos investimentos realizados. En calquera caso a agrupación non poderá disolverse ata que

transcorra o prazo de prescrición de 4 anos do artigo 35 da citada lei.

6. Plans de mellora (R-non profesionais) de persoas titulares que, non cumprindo os requisitos recollidos nos puntos 2 a) e b) deste artigo para as persoas físicas, número 3 para as persoas xurídicas e 4 b) nas comunidades de bens, poderán solicitar estas axudas, e sempre que cumpran o resto das obrigas, ademais de ocuparen polo menos 1 UTA, e comprometérense a exercer a actividade agraria durante, polo menos, cinco anos contados desde a data da certificación dos investimentos realizados. Así mesmo, deberán obter polo menos o 10% da súa renda total de actividades agrarias ou complementarias.

#### Artigo 4º.-*Cálculo da renda unitaria de traballo.*

Para os efectos do cálculo da renda unitaria de traballo (RUT) a que se refire o punto 13 do artigo 2º, teranse en conta os seguintes criterios:

1. En relación coas unidades de traballo agrario (UTA) da explotación:

a) Cando o titular sexa persoa física, a achega de man de obra acreditarase, segundo os casos, do xeito seguinte:

1º A man de obra familiar da persoa titular, cotitular e familiares que estean afiliados á Seguridade Social, co informe de vida laboral de cada un deles.

2º A man de obra familiar da persoa titular da explotación, ata o segundo grao incluído, por consanguinidade ou afinidade e, se é o caso, por adopción, que convivan no seu domicilio e estean ao seu cargo, que, estando ocupados na súa explotación, non teñan a obriga de afiliarse ao correspondente réxime da Seguridade Social, poderá estimarse ata un máximo de 0,5 unidades de traballo agrario pola primeira persoa traballadora e 0,25 unidades por cada un dos restantes membros. Esta circunstancia acreditarase mediante declaración xurada da persoa titular solicitante ou por calquera outra forma admitida en dereito, acompañada da copia do DNI de cada un dos familiares, dun informe de vida laboral e do correspondente xustificante de que a persoa ou persoas a que se refire a declaración están ao seu cargo como beneficiarios/as na Seguridade Social e tamén na declaración do IRPF.

3º A man de obra asalariada acreditarase documentalmente co DNI, contrato de traballo e informe de vida laboral da empresa.

b) Cando a persoa titular sexa persoa xurídica, computarase unicamente a man de obra achegada polos socios/as asalariados mediante DNI, o informe de vida laboral destes, as súas declaracións do IRPF e os seus certificados de rendementos de traballo; mentres que no caso de asalariados non socios computarase mediante a presentación do DNI, o contrato de traballo e o informe de vida laboral da empresa.

c) No caso de que a persoa titular da explotación sexa unha comunidade de bens, utilizaranse os mesmos criterios para a determinación das UTA que no caso de que a persoa titular sexa unha persoa física (punto 1 a deste artigo).

2. En relación coa marxe neta da explotación, entendida como a diferenza entre os ingresos da explotación derivados do conxunto das actividades produtivas, incluídas as subvencións percibidas da política comunitaria, e todos os gastos fixos e variables, agás os atribuídos á retribución dos capitais propios e da man de obra familiar, poderá determinarse en función do resultado de restar os gastos fixos contabilizados ou, na súa falta, estimados, de cada explotación, non imputados nas marxes brutas, agás os atribuídos á retribución dos capitais propios e do traballo familiar, da suma das marxes brutas estándar das actividades produtivas da explotación, moduladas con criterios técnico-económicos que teñan en conta a dimensión, a orientación técnico-económica e o sistema de produción da explotación.

3. A copia cotexada do DNI a que se fai referencia nos puntos anteriores presentárase no caso de non prestar autorización á Consellería de Medio Rural para a consulta dos datos de identidade, no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

#### Artigo 5º.-*Condicións dos plans de mellora.*

Os plans de mellora das explotacións agrarias suporán unha mellora integral e duradeira da economía da explotación agraria, e deberán cumprir, ademais, as seguintes condicións:

1. O plan de mellora deberá demostrar, mediante cálculos específicos, que os investimentos materiais ou inmateriais están xustificadas desde o punto de vista da situación da explotación e da súa economía e que a súa realización suporá unha mellora do rendemento global da explotación agrícola.

Para estes efectos, considerarase que un plan de mellora cumpre as condicións establecidas no parágrafo anterior, cando, tras a súa realización, non diminúa a renda unitaria de traballo da explotación ou, nos casos en que se incremente o número das UTA, non diminúa a súa marxe neta.

Así mesmo, deberá incluír:

a) Unha descrición das situacións anterior e posterior á realización do plan de mellora, establecidas en función dun orzamento estimativo e comprendendo, cando menos, os seguintes datos:

1º Superficie da explotación, especificando a dos distintos cultivos, e cabezas de gando, por especies, e rendementos medios de cada actividade produtiva.

2º Maquinaria e equipamento, melloras territoriais e edificios.

3º Composición e dedicación da man de obra familiar e asalariada.

4º Producción bruta de cada actividade.

5º Gastos de cada actividade produtiva e gastos fixos do conxunto da explotación.

b) Unha indicación das medidas e, en particular, dos investimentos previstos.

2. Cando o plan de mellora afecte unha explotación gandeira:

a) Deberase cumprir a normativa relativa a campañas oficiais de saneamento gandeiro.

b) Deberá cumprir as normas mínimas en materia ambiental, hixiene e benestar dos animais, conforme se dispón no anexo III desta orde.

Non obstante, cando o plan de mellora inclúa investimentos destinados a cumprir as normas mínimas recentemente establecidas, entendendo por tales as que entrasen en vigor no prazo máximo dun ano anterior á data de solicitude da axuda, poderase conceder para o seu cumprimento, un prazo de ata 36 meses a partir da data en que a devandita norma fose obrigatoria. En todo caso, os agricultores e as agricultoras deberán cumprir estas normas mínimas antes de que finalice o período de realización dos investimentos.

Así mesmo, no caso de agricultores/as mozos/as beneficiarios/as da axuda á primeira instalación, poderáselles conceder unha axuda para os investimentos destinados a axustarse ás normas comunitarias existentes. O período de graza en que deberán axustarse estas normas non poderá superar os 36 meses desde a data da instalación.

Os servizos técnicos da Consellería do Medio Rural emitirán os informes correspondentes sobre o cumprimento destas normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais.

3. Se os investimentos a que se refire o plan de mellora se realizan en obra civil, deberase presentar o correspondente bosquejo e memoria descritiva da construción, adaptándose esta á tipoloxía da zona. No caso de que o investimento en obra civil sexa superior a 30.000 euros, esta documentación completárase, como mínimo, cun anteproxecto con orzamento, asinado polo persoal técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional, tal como se indica no artigo 41.2º a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo. Nesta circunstancia deberase achegar o proxecto, asinado polo persoal técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional, ademais da certificación final de obra valorada, o máis tardar, no momento da certificación dos investimentos. Sobre os anteriores puntos, e en referencia ao proxectista, ao director de obra e ao director da execución da obra, terase en

conta o reflectido no capítulo III da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

4. Así mesmo, as construcións novas deberán contar coa preceptiva licenza municipal, de acordo co establecido na normativa urbanística. Para iso será suficiente con que entre a documentación que se vaia xuntar coa solicitude de axuda aos plans de melloras (sección 1ª.1) ou de primeira instalación de agricultores/as mozos/as (sección 1ª.2), presente a solicitude de licenza de obras, debendo presentarse antes do 1 de decembro de 2010 a licenza municipal outorgada. O non cumprimento deste requisito suporá a non aprobación da axuda. A certificación final de obra valorada presentárase no momento da solicitude de pagamento dos investimentos.

5. Todos os proxectos, anteprojectos e memorias presentados cos plans de mellora terán que incluír, obrigatoriamente, un anexo relativo á produción e xestión dos residuos da explotación.

6. O investimento en adquisición de maquinaria previsto no plan de mellora, incluído o tractor, de ser o caso, poderá chegar ata o 20% do volume máximo de investimento establecido no primeiro parágrafo do artigo 7.1º a), segundo o tipo de petionario e o número de UTA e, en todo caso, sen superar o tramo libre de investimento de que dispón cada beneficiario tendo en conta os plans de mellora que solicitáse nos últimos seis anos, tal como se determina no segundo parágrafo do mesmo artigo 7.1º a).

No caso de explotacións con orientacións produtivas maioritariamente agrícolas, estes importes poderán chegar ata un 100% do volume máximo do investimento.

7. De acordo co artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. A escolla entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na certificación dos investimentos aprobados, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a escolla cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

*Artigo 6º.-Condicións dos investimentos obxecto da axuda.*

#### 1. Investimentos obxecto de axuda:

a) A mellora das condicións de vida e traballo dos/as agricultores/as e dos/as empregados/as das

explotacións. Os investimentos considerados destinaranse, en exclusiva, á mellora das prácticas agrarias e tarefas derivadas da explotación agraria.

b) A mellora cualitativa e a ordenación de producións en función das necesidades de mercado e, se é o caso, con vistas á adaptación ás normas comunitarias de calidade, así como para a diversificación das actividades agrarias, especialmente mediante investimentos destinados á clasificación, acondicionamento, fabricación, transformación e comercialización dos produtos agrarios da propia explotación. Porén, os investimentos destinados á transformación e comercialización realizados na propia explotación limitaranse aos que dean como resultado un produto incluído no anexo I do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

c) A adaptación das explotacións con vistas a reducir os custos de produción, aforrar enerxía ou auga, ou á incorporación de novas tecnoloxías, incluídas as de informatización e telemática.

d) O cumprimento das novas normas comunitarias en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais establecidas recentemente. Para estes efectos, entenderanse como recentemente establecidas as normas que entrasen en vigor no prazo máximo dun ano anterior á data de solicitude da axuda.

e) A mellora das condicións de hixiene das explotacións gandeiras e de benestar dos animais, a protección e mellora do solo, da cobertura vexetal e do ambiente serán só elixibles os investimentos con estes fins que vaian alén dos requisitos obrigatorios, de acordo coas normas comunitarias aplicables.

#### 2. Investimentos exceptuados de axuda:

Non se concederán axudas para os seguintes investimentos:

a) Os investimentos de simple substitución non poderán optar a axudas ao investimento. Excepto no caso de maquinaria, non se considerará simple substitución unha vez transcorridos 10 anos desde a data de fabricación, indicada na súa ficha técnica ou, na súa falla, a de adquisición, se se adquire outra máquina que sirva para os mesmos traballos e conte con mellora tecnolóxica substancial. A máquina que se substitúa deberá estar inscrita no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) a nome do beneficiario ou pertencer á explotación.

b) Os investimentos na compra de dereitos de produción, animais e plantas anuais e a súa plantación.

c) Os investimentos en vehículos de transporte distintos dos considerados como maquinaria agrícola.

d) Gastos de conservación e mantemento ou os derivados de actividades de funcionamento da explotación.

e) Os gastos non subvencionables distintos dos anteriores, e a que fai referencia o artigo 3 do Real

decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos programas de desenvolvemento rural cofinanciados polo Feader.

3. No caso de investimentos en equipamentos de muxidura, deberán axustarse, no relativo á instalación e funcionamento, ao establecido na norma UNE 68050/98.

4. No caso de investimentos en equipamentos de refrixeración de leite, deberán cumprir os requisitos da norma UNE-EN 13732/03.

5. a) Durante os cinco anos seguintes ao pagamento da subvención, os investimentos subvencionados non deberán sufrir ningunha modificación importante:

1º Que afecte a súa natureza ou as súas condicións de execución, ou

2º Que resulte, ben dun cambio na natureza do réxime de propiedade dunha determinada infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade produtiva.

b) O incumprimento da obriga de destino referido anteriormente, que se producirá, en todo caso, co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, quedando o ben afecto ao pagamento do reintegro, calquera que for o seu posuidor, agás o referido no artigo 29.4º b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Non se considerará incumplida a obriga de destino referida no anterior punto cando:

1º Tratándose de bens non inscribibles nun rexistro público, fosen substituídos por outros que sirvan en condicións análogas ao fin para o cal se concedeu a subvención e este uso se manteña ata completar o período establecido, sempre que a substitución sexa autorizada pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

2º Tratándose de bens inscribibles nun rexistro público, o cambio de destino, alleamento ou gravame sexa autorizado pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria. Neste suposto, o adquirente asumirá a obriga de destino dos bens polo período restante e, no suposto de incumprimento desta, do reintegro da subvención.

#### Artigo 7º.-*Contía dos investimentos e das axudas.*

##### 1. Contía dos investimentos:

a) O investimento poderá chegar a un máximo de 100.000 euros por UTA sen superar 200.000 euros por explotación cando a persoa titular sexa unha persoa física ou unha comunidade de bens. No caso de titulares persoas xurídicas, este límite máximo por explotación poderá chegar aos 800.000 euros, sen prexuízo do límite por UTA. Estes investimentos enténdense para un período de seis anos.

O número de plans de mellora que se poderán aprobar por explotación e beneficiario/a, para ese volume de investimento, será como máximo de 3 nos seis últimos anos, contados desde a data a que corresponda a aprobación do último plan solicitado nas axudas das ordes para a modernización de explotacións agrarias de anteriores exercicios. Ademais, no caso da fusión de explotacións permitirase solicitar un plan adicional para a creación dunha entidade asociativa. Tamén os titulares de explotacións agrarias afectadas por unha catástrofe natural poderán solicitar un plan adicional, logo de informe técnico emitido polo Servizo Territorial de Explotacións Agrarias.

Para estes efectos, atribuiranse a unha soa explotación beneficiaria o conxunto de plans de investimentos agrarios realizados por calquera titular dela.

En calquera caso, serán denegadas aquelas solicitudes de axuda cando a explotación ou o peticionario tivesen pendentes de certificación un expediente de plan de mellora na data en que remata o prazo para a solicitude.

b) Para o cálculo do investimento máximo, en función do límite máximo por UTA, consideraranse as UTA iniciais indicadas no artigo 4º.1 desta orde.

Cando se trate dun plan de mellora dun agricultor/a mozo/a que se presente simultaneamente á primeira instalación, o límite máximo de investimento por UTA calcularase en función do número de UTA correspondente á situación posterior á realización do plan de mellora.

c) A determinación das axudas aos investimentos que se vaian realizar nas explotacións a que se refire o punto 2 do artigo 2º desta orde efectuarase de acordo coas condicións específicas que correspondan ao municipio asignado á explotación, en función da pertenza a este da fracción maioritaria dos bens, dereitos e elementos da explotación.

##### 2. Contía e tipo de axudas.

a) A contía máxima de axuda, expresada en porcentaxe do investimento, con carácter xeral, poderá chegar ata:

1º O 50% do investimento para bens inmoables e o 30% para bens móbiles nas zonas desfavorecidas incluídas nas listas a que fan referencia os incisos i) e ii) da alínea a) do artigo 36 do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, que poderán acadar os beneficiarios, agás os incluídos na letra c).

2º O 40% para bens inmoables e o 25% para bens móbiles nas demais zonas, que poderán acadar os beneficiarios, agás os incluídos na letra c).

3º O 50% do investimento para bens inmoables e o 30% para bens móbiles nas zonas desfavorecidas incluídas nas listas a que fan referencia os incisos i) e ii) da alínea a) do artigo 36 do Regulamento (CE)

1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, que poderán acadar os beneficiarios incluídos na letra c).

4º O 40%, para bens inmobles, e o 25%, para bens mobles, nas demais zonas, que poderán acadar os beneficiarios incluídos na letra c).

b) No caso de agricultores ou agricultoras non profesionais, a axuda para bens inmobles reducirase un 10% e a de bens mobles un 5% con respecto ao indicado nos parágrafos 2 a) 1º e 2 a) 2º deste artigo.

c) Se o beneficiario da axuda é un agricultor/a profesional, menor de 40 anos no momento da súa primeira instalación que, simultaneamente a ela, ou nos seguintes 5 anos, presente un plan de mellora para a súa explotación, poderá obter unha axuda suplementaria do 5% do investimento, como máximo, das previstas nos parágrafos 2 a) 3º e 2 a) 4º deste artigo. Esta axuda suplementaria concederase, na súa integridade, cando o plan de mellora da explotación corresponda a un agricultor/a mozo/a instalado ou que se vaia instalar na modalidade de titularidade exclusiva ou cando se trate dunha explotación prioritaria asociativa e, polo menos, a porcentaxe de socios/as mozos/as que cumpran este requisito sexa igual ou superior ao 50% dos socios totais.

d) No caso de que o beneficiario da axuda sexa titular dunha explotación de produción ecolóxica, obterá unha axuda suplementaria de ata o 5% das previstas nos parágrafos 2 a) 1º e 2 a) 2º deste artigo, que en ningún caso poderá superar os límites de intensidade establecidos no Regulamento 1698/2005.

e) A axuda consistirá nunha subvención directa de capital ou nunha subvención de capital, total ou parcial, dunha ou varias anualidades de amortización de préstamos formalizados para levar a cabo o investimento, tendo en conta que a subvención non poderá superar o límite de intensidade de axuda sobre o investimento total indicado na letra a). Estes préstamos non poderán superar o 90% do investimento total que se vaia realizar, e formalizaranse no marco do convenio financeiro entre a Consellería do Medio Rural e a entidade financeira en vigor.

f) A axuda á amortización non poderá superar o 80% do importe do préstamo e poderá aboarlla a consellería, dunha soa vez, directamente á persoa beneficiaria, logo de formalizado o préstamo e certificada a realización dos investimentos previstos.

g) Non obstante, serán denegadas as solicitudes para investimentos de plan de mellora cuxo investimento auxiliable sexa inferior a seis mil (6.000) euros por explotación, salvo que o tramo de investimento que reste sen auxiliar, de acordo co límite que corresponda conforme o sinalado no número 1, non supere a dita cantidade.

### Artigo 8º.-*Prazo de execución do plan de mellora.*

As axudas recollidas nesta sección terán carácter plurianual e o prazo de execución dos investimentos será, como máximo, de 18 meses, computados a partir do día seguinte ao da data da notificación da concesión da axuda.

En casos excepcionais en que a persoa beneficiaria, por causa debidamente xustificada, non poida rematar a mellora no prazo previsto, deberá solicitar unha prórroga do prazo de execución, con anterioridade ao transcurso do prazo máximo, especificando os motivos e o prazo de prórroga de execución, que deberá ser aprobado pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

### Artigo 9º.-*Modificación dos plans de mellora.*

1. Cando se produzan modificacións do plan de mellora relacionadas coa produción ou co programa de investimentos, presentarase un plan de mellora complementario ou alternativo. No caso de modificacións de menor entidade recoñecidas pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, bastará a certificación da realización dos investimentos que comprenda o dito plan.

2. Non obstante o establecido no número anterior, nos casos en que a persoa beneficiaria non execute o plan de mellora para o cal ten concedidas axudas ou se produzan desviacións substanciais entre o investimento realizado e o aprobado para a execución do plan ou o préstamo formulado, reducirase a axuda segundo a normativa de aplicación.

Así mesmo, axustarase, se é o caso, ao importe que corresponda a axuda suplementaria para o/a agricultor/a mozo/a.

### 2 Primeira instalación de agricultores/as mozos/as.

#### Artigo 10º.-*Requisitos dos/as beneficiarios/as.*

1. Os/as agricultores/as mozos/as que desexen acceder a estas axudas, ademais dos requisitos que se desprenden da definición recollida no artigo 2.8º, deberán cumprir os seguintes:

a) Posuír, no momento da súa instalación, o nivel de capacitación profesional suficiente, segundo o punto 2 b) 3º do artigo 3º desta orde ou comprometerse a adquirilo nun prazo de dous anos. Este prazo computarase desde a data da súa instalación.

b) Instalarse nunha explotación agraria que requira un volume de traballo equivalente polo menos a unha UTA ou acadar esta condición nun prazo máximo de dous anos desde a súa instalación.

c) Comprometerse por escrito a exercer a actividade de agraria durante cinco anos, contados desde a data de certificación da axuda.

d) Cumprir a explotación as normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais, segundo o indicado no anexo III desta orde, no

prazo máximo de dous anos desde a instalación do/a mozo/a.

e) Persoa maior de 18 anos e menor de 40 anos de idade no momento da solicitude de axuda.

2. A solicitude da axuda deberá presentarse antes da primeira instalación do peticionario ou dentro dos seis primeiros meses posteriores a ela. Os investimentos ou gastos de instalación realizados polo/a mozo/a dentro dos referidos seis primeiros meses poderán ser considerados auxiliares. Os beneficiarios presentarán a solicitude de axuda, segundo o modelo que se especifica no anexo I, acompañada da documentación seguinte:

a) Copia cotexada do DNI, no caso de non prestar autorización á Consellería do Medio Rural para a consulta dos datos de identidade, no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

b) Plan de explotación (plan empresarial do artigo 13 do Regulamento (CE) 1974/2006) que reflita o grao de viabilidade económica e a situación da explotación en que se instala e prevexa para el, en xeral, unha renda procedente daquela, medida en termos de marxe neta, polo menos do 35% da renda de referencia e inferior ao 120% desta. A marxe neta anterior deberá acadarse nos dous anos seguintes á instalación, e a revisión do plan empresarial farase ao final dos 5 anos da data da aprobación da axuda, e consistirá en comprobar o mantemento das súas condicións e unha avaliación dos progresos e previsións expostos nel.

O plan de explotación non será requirido no caso de que o/a mozo/a que se instala presente un plan de mellora.

c) Informe de vida laboral, emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social sobre afiliación, tipo de réxime e períodos de alta.

d) Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria sobre as declaracións do IRPF presentadas polo/a solicitante e, se é o caso, copia das indicadas no punto 2 a) 1º do artigo 3º desta orde.

e) Solicitude de cambio de titularidade da explotación, se é o caso, en favor do agricultor/a mozo/a, axustado ao modelo normalizado da consellería.

f) Solicitudes de transferencia, en favor da nova persoa titular, de ser o caso, dos dereitos de prima e da cota láctea que tivese a explotación, agás no caso de instalación nunha explotación asociativa.

g) A xustificación de estar ao día nas súas obrigas tributarias, fiscais e coa Seguridade Social.

h) O cumprimento na explotación das normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais, segundo o anexo III desta orde, mediante a presentación de informe, emitido polos servizos técnicos competentes desta consellería, que o confirme

ou, de non ser ese o caso, mediante documento asinado en que se manifeste o compromiso de cumprilas no prazo de dous anos, contados desde o momento da súa instalación.

Considerarase como data de primeira instalación a máis antiga da alta na Facenda na actividade agraria ou alta na Seguridade Social.

Non obstante, e para os efectos da axuda, naqueles casos en que o/a mozo/a estean dados de alta na Seguridade Social Agraria e o titular da explotación sexa outra persoa, poderase considerar como data da instalación a da alta na Facenda na actividade agraria.

Non procederán estas axudas cando a instalación do/a mozo/a implique unha segregación de parte da explotación.

Os documentos públicos sinalados nos puntos 1 e 2 do artigo 11º, así como a solicitude de cambio de titularidade da alínea e) e as solicitudes de transferencia recollidas na alínea f), poderán ser presentados unha vez aprobado o expediente xunto coa xustificación da realización dos investimentos. Nestes casos, coa solicitude de axuda á primeira instalación xuntarase un compromiso debidamente asinado polas dúas partes.

*Artigo 11º.-Modalidade da primeira instalación prevista.*

A primeira instalación dun/ha agricultor/a mozo/a poderá realizarse mediante as seguintes modalidades:

1. Acceso á titularidade exclusiva ou compartida da explotación agraria, por compra, herdanza, pacto sucesorio, doazón, arrendamento, parzaría ou figuras xurídicas análogas, asumindo o/a mozo/a que se instala, polo menos, o 50% dos riscos e das responsabilidades civil, fiscal e social da xestión da explotación. Isto acreditarase mediante a escritura pública correspondente, así como a declaración do IRPF ou imposto de sociedades, segundo o caso, do anterior titular.

2. Acceso á cotitularidade dunha explotación agraria prioritaria.

Na escritura pública que se asine para tal efecto deberá constar o seguinte:

a) A relación de todos os elementos que compoñen a explotación, valorados a prezo de mercado dos que, sendo propietario ou titular, estean integrados nela, con expresión detallada dos que se lle transmiten ao/á mozo/a, que deberán representar, polo menos, un terzo do valor total daqueles. Sen prexuízo do anterior, incluírase na transmisión, polo menos, un terzo da propiedade, tanto dos predios rústicos como do conxunto dos restantes bens inmoables. En todo caso, deberá indicarse expresamente que os usos e o aproveitamento de todos os elemen-

tos da explotación transmitidos ao/á mozo/a cotitular continuarán integrados na referida explotación.

b) O acordo, cunha duración mínima de seis anos, entre a persoa titular e o/a agricultor/a mozo/a conforme este compartirá as responsabilidades xerenciais, os resultados económicos da explotación, os riscos inherentes á súa xestión e aos investimentos que nela se realicen, nunha proporción igual ou superior ao 50%.

3. Integración como socio/a nunha entidade asociativa con personalidade xurídica, preexistente ou de nova constitución, que sexa titular dunha explotación agraria prioritaria presentarse a seguinte documentación:

a) Unha certificación expedida polo órgano reitor da entidade, onde se especifiquen as condicións de participación do/a agricultor/a mozo/a e a súa contribución.

b) Os estatutos da entidade.

c) A relación de socios/as que exercen a dirección técnica e de xestión, e

d) A condición da explotación como prioritaria, conforme o disposto no Decreto 253/2008, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

Cando entre os gastos ou investimentos dun/ha mozo/a que se instale como socio/a dunha entidade asociativa figure o concepto de achega económica do/a mozo/a á entidade, a xustificación do gasto poderá realizarse mediante a acreditación correspondente da achega en diñeiro do/a mozo/a á entidade xunto á acreditación do gasto realmente efectuada pola sociedade nos ditos investimentos.

4. Instalación por primeira vez nunha explotación agraria non prioritaria: aquela en que o/a mozo/a se instala por primeira vez como titular persoa física, que acade, polo menos, o 15% da renda de referencia en termos de marxe neta, compatibilizando a actividade agraria desenvolvida na súa propia explotación con calquera outra actividade económica. Neste caso, a axuda será de ata o 60% dos indicados no artigo 12°. Ademais, a dimensión da explotación deberá absorber 0,25 UTA. No momento da certificación presentará a alta na Facenda na actividade agraria e a declaración da renda que xustifique a obtención de ingresos agrarios, ou compromiso de presentala.

5. Cando, sendo titular dunha explotación agraria cuxa marxe neta non supere o 20% da renda de referencia, pase a ser titular dunha explotación prioritaria, ademais de cumprir os requisitos do artigo 10.1°, terase en conta:

-Que a persoa moza solicitante sexa titular de explotación agraria, o cal se acreditará coa inscrición no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

-Que a explotación non teña recibido axudas para o plan de mellora nin primeira instalación, nin tivese a cualificación de explotación prioritaria (agás se estiver situada en zona de montaña).

-Que a marxe neta da explotación sexa inferior ao 20% da renda de referencia.

-Que na última declaración do IRPF da persoa solicitante debe acreditar unha renda agraria inferior ao 20% da renda de referencia.

6. Cando, sendo titular dunha explotación agraria cuns niveis de dedicación de tempo e traballo e de renda unitaria deste inferiores aos mínimos establecidos para os titulares de explotacións prioritarias, acaden esta consideración en calidade de agricultor a título principal, ademais de cumprir os requisitos do artigo 10.1°, terase en conta:

-Que a persoa moza solicitante sexa titular de explotación agraria, o cal se acreditará coa inscrición no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

-Que a explotación non teña recibido axudas para plan de mellora nin primeira instalación, nin tivese a cualificación de explotación prioritaria (agás se estiver situada en zona de montaña).

-Que a marxe neta da explotación sexa inferior ao 35% da renda de referencia.

-Que na última declaración do IRPF da persoa solicitante debe acreditar unha renda agraria inferior ao 35% da renda de referencia.

#### Artigo 12°.-Axudas á primeira instalación.

A axuda á primeira instalación de agricultores/as mozos/as, dirixida a auxiliar gastos e investimentos derivados dela consistirá en:

1. Unha prima por explotación, nunha contía máxima de 20.000 euros que se poderá substituír, total ou parcialmente, por unha bonificación de xuro equivalente.

2. Unha bonificación de xuros, que poderá aplicarse sobre o xuro preferente na súa totalidade, por un importe non superior a 20.000 euros dun préstamo formalizado no marco do convenio financeiro establecido entre a Consellería do Medio Rural e as entidades financeiras, o importe do cal non poderá superar o 90% do gasto total e será compatible coas axudas do número 1.

A contía máxima de axuda expresada anteriormente poderase incrementar nun 10% nos seguintes casos:

a) Cando se xere na explotación, polo menos, 1 UTA asalariada adicional á do/a mozo/a que se instala;

b) Cando a explotación estea situada nas zonas desfavorecidas incluídas nas listas a que fan referencia os incisos i), ii) e iii) da alínea a) do artigo 36 do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005.

c) Cando o/a mozo/a teña aprobado un contrato de explotación sustentable. Neste caso, o incremento virá condicionado a que a dita aprobación sexa anterior á data de certificación do expediente de primeira instalación.

3. Non obstante o establecido nos parágrafos 1 e 2, as axudas á primeira instalación non poderán superar os 52.000 euros nin o importe dos gastos e investimentos da instalación realizados.

*Artigo 13º.-Casos especiais de primeiras instalacións.*

1. Respecto dunha mesma explotación non poderá percibirse máis dunha prima por primeira instalación, durante o prazo dos cinco anos seguintes á data da súa concesión. No caso de instalacións múltiples, as axudas distribuiranse en función do grao de participación de cada mozo/a no conxunto dos gastos e investimentos derivados das ditas instalacións. Exceptúanse desta regra as primeiras instalacións dos/as mozos/as mediante a súa integración como socios nunha entidade asociativa, que se outorgarán de forma íntegra a cada mozo/a solicitante, sempre que o volume de traballo na explotación asociativa requira unha UTA para cada mozo/a que se instale.

2. As axudas á 1ª instalación de agricultores/as mozos/as poderanse conceder tamén naqueles casos en que a instalación se produza nunha explotación de nova creación. Nestas situacións deberase acreditar o acceso á explotación, mediante documento público, xa sexa de arrendamento do predio ou predios, compravenda, cesión, etc., ou documento de arrendamento a través do Bantegal.

3. Os cónxuxes ou parellas de feito legalmente recoñecidas, en réxime de separación de bens, serán asimilados ás axudas á primeira instalación de agricultores/as mozos/as nalgunha das modalidades indicadas no artigo 11º. No caso de cónxuxes ou parellas de feito legalmente recoñecidas, en réxime de gananciais, só poderán ser beneficiarios das axudas á primeira instalación de agricultores/as mozos/as cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando o/a mozo/a se incorpore nunha explotación en que o titular sexa o seu cónxuxe ou parella de feito legalmente recoñecida, e constitúan unha sociedade entre si, sempre que a explotación proporcione polo menos unha RUT do 35% da renda de referencia para cada un dos membros.

b) Cando se instale por integración como socio/a dunha entidade asociativa, que sexa resultado da fusión de, polo menos, dúas explotacións preexistentes en funcionamento, aínda que figure como socio/a partícipe o outro cónxuxe ou parella de feito legalmente recoñecida, sempre que a explotación resultante proporcione unha RUT para cada mozo ou moza, polo menos, do 35% da renda de referencia.

*Artigo 14º.-Aplicación das axudas da primeira instalación.*

Para os efectos de aplicación das axudas previstas neste artigo, teranse en conta os seguintes gastos e investimentos:

-Pagamento da anualidade dun contrato de arrendamento de terras.

-Gastos notariais e rexistrals derivados da primeira instalación.

-Gastos de permisos, licenzas e autorizacións administrativas orixinados pola instalación do beneficiario.

-Achega económica do/a mozo/a á entidade asociativa para a súa integración como socio/a nela.

-Adquisición de dereitos de produción e dereitos a prima de carácter individual e transferible conforme a normativa vixente de carácter sectorial que resulte de aplicación.

-Custos de avais dos préstamos de primeira instalación.

-Pagamento dos dereitos hereditarios, se é o caso, a coherdeiros/as da explotación familiar en que se instala a persoa beneficiaria.

-Adquisición ou acondicionamento da vivenda, a cal deberá constituír a residencia habitual do/a mozo/a e estar situada na mesma comarca ou nunha comarca limítrofe á da explotación. Ademais, a construción nova efectuarase nun soar da propiedade, privativa ou ganancial, do mozo ou moza.

Pola súa banda, a construción ou acondicionamento exterior da vivenda deberá ser acorde coa tipoloxía da zona e coa normativa urbanística correspondente.

Así mesmo, as construcións novas deberán contar no momento da solicitude coa preceptiva licenza municipal, de acordo co establecido na normativa urbanística.

-Adecuación do capital de explotación.

*Artigo 15º.-Prazo de execución e acreditación da primeira instalación.*

1. O prazo de execución dos investimentos e gastos para a primeira instalación será o mesmo que o previsto para os plans de mellora, aplicándose o previsto no artigo 8º desta orde.

2. A acreditación de que se produciu a primeira instalación, con carácter previo á percepción da axuda, efectuarase coa presentación de:

a) A documentación suficiente xustificativa da realización dos gastos de instalación aprobados.

b) O documento de alta no réxime especial agrario da Seguridade Social ou no réxime de autónomos na actividade agraria e o documento de alta no censo de

actividades económicas do Ministerio de Economía e Facenda (declaración censual modelo 036 ou 037).

c) A declaración do IRPF correspondente ao último período, se é o caso.

d) Os documentos indicados no último parágrafo do artigo 10º, de non telos presentado coa solicitude de axuda.

3. Será de aplicación o disposto no artigo 10.1º c) desta orde, canto ao compromiso de exercer a actividade agraria durante cinco anos.

#### SECCIÓN SEGUNDA

##### PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

#### Artigo 16º.-*Presentación de solicitudes.*

1. A presentación das solicitudes de axudas para cada medida das incluídas nesta orde realizarase segundo o previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro e, preferentemente, nas oficinas agrarias comarcais, utilizando os impresos normalizados incluídos como anexo I, que estarán á disposición dos interesados nas mencionadas oficinas. Coa solicitude de axuda achegarase a documentación complementaria establecida nesta orde para cada tipo de axuda solicitada.

Nesta convocatoria, para dar cumprimento ao requisito da presentación da licenza municipal (artigos 5.4º e 14º desta orde), será suficiente con que entre a documentación que se vaia xuntar coa solicitude de axuda, entregue a correspondente solicitude de licenza de obras, debendo presentarse con anterioridade ao 1 de decembro de 2010 a preceptiva licenza municipal; mentres que a certificación final de obra valorada presentarse no momento da solicitude de pagamento dos investimentos. No caso de non cumprirse estes requisitos, serán causa de revogación da axuda.

2. Ademais, de acordo co artigo 11º e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas que soliciten as axudas previstas nesta orde, acreditarán, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión da axuda, que se encontran ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, así como que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por concepto ningún, coa Xunta de Galicia. A presentación da solicitude de concesión da axuda pola persoa interesada comportará, durante todo o período de compromisos, a autorización á Consellería do Medio Rural para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As oficinas agrarias comarcais asesorarán as persoas solicitantes na realización dos estudos técnico-económicos necesarios para a elaboración dos plans de mellora das estruturas das explotacións e das axudas á primeira instalación de agricultores/as mozos/as, iniciando a instrución dos expedientes, os cales serán remitidos debidamente cubertos aos servizos de explotacións agrarias nun prazo máximo de dous meses desde a data de rexistro da solicitude.

Artigo 17º.-*Conformidade previa á formalización do préstamo.*

Na tramitación de calquera das solicitudes de axuda previstas nesta orde que estean vinculadas a préstamo, e como condición para que a axuda sexa aprobada, a persoa solicitante deberá achegar a conformidade coa concesión do préstamo correspondente dunha entidade financeira asinante do convenio financeiro.

Artigo 18º.-*Criterios de prioridade.*

Posto que as axudas previstas nesta orde se concederán en réxime de concorrencia competitiva, en función das disponibilidades orzamentarias, das porcentaxes de axuda e das solicitudes recibidas que cumpran os requisitos establecidos nesta orde, clasificaranse en función dos seguintes criterios referidos ao titular e á explotación e coa seguinte puntuación máxima por criterio:

#### 1. Plans de mellora:

O conxunto de solicitudes para investimentos en explotacións agrarias clasificarase en dous grupos, distinguindo as explotacións prioritarias das do resto de solicitudes, tendo as primeiras prioridade sobre as segundas.

Posteriormente a cada un destes grupos aplicarán-selles os seguintes criterios de prioridade:

a) Tipo de investimento que supoña unha diminución da carga gandeira ata: 5 puntos.

b) Titular muller: 4 puntos.

c) Investimento por UTA ata: 4 puntos.

d) Tipo de axuda ligada a préstamo ata: 4 puntos.

e) Plan de mellora ligado a primeira instalación, modalidade de cotitularidade: 4 puntos.

f) Plans de mellora para agricultores/as profesionais: 3 puntos.

g) Diversificación da produción ata: 2 puntos.

h) Viabilidade económica da explotación ata: 2 puntos.

i) Explotacións de produción ecolóxica ata: 2 puntos.

j) Suscrición dun contrato de explotación sustentable: 2 puntos.

k) Situación da explotación nun concello de montaña ata: 2 puntos.

l) Persoas titulares inscritas nalgún rexistro de denominacións de calidade en materia agroalimentaria ata: 2 puntos.

m) Orientación produtiva da explotación de vacún de leite ata: 1 punto.

## 2. Axudas á primeira instalación:

a) Titular muller: 4 puntos.

b) Axuda ligada ao préstamo ata: 4 puntos.

c) Primeira instalación ligada a un plan de mellora ata: 4 puntos.

d) Maior dimensión produtiva da explotación ata: 3 puntos.

e) Instalación nunha explotación ecolóxica: 3 puntos.

f) Viabilidade económica da explotación ata: 2 puntos.

g) Situación da explotación nun concello de montaña ata: 2 puntos.

h) Subscrición dun contrato de explotación sustentable: 2 puntos.

i) Instalación do/a mozo/a mediante a modalidade A: 1 punto.

## Artigo 19º.-*Tramitación e resolución.*

1. O órgano responsable da instrución dos expedientes destas axudas será a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria. A resolución de cada expediente corresponderá ao conselleiro do Medio Rural por proposta da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, logo da avaliación das solicitudes polo órgano colexiado, que estará presidido pola subdirectora xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias, e integrado por tres funcionarios desa mesma subdirección xeral con categoría non inferior a xefe de negociado, un dos cales actuará como secretario. Posteriormente serán notificadas as persoas interesadas e, de ser o caso, a entidade financeira correspondente, segundo o previsto na normativa vixente e nos convenios establecidos ou que se establezan entre a Consellería do Medio Rural e as entidades financeiras.

2. O prazo para resolver e notificar as subvencións será antes do 31 de decembro de 2010. Se transcorrer o citado prazo máximo sen se ditar resolución expresa por parte do órgano competente, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes, para os efectos da interposición dos correspondentes recursos potestativos de reposición e contencioso-administrativo.

## Artigo 20º.-*Certificación dos investimentos e gasto.*

1. Só serán auxiliares os investimentos que se realicen e cuxo gasto e pagamento se xustifiquen, con posterioridade á data de presentación da solicitude, e con anterioridade á data límite de realización dos investimentos, sempre e cando recaia resolución aprobatoria da axuda sobre os ditos investimentos, agás o previsto no artigo 10.2º desta orde. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, tamén serán auxiliares aqueles gastos elixibles, previos á solicitude de axuda, derivados da obtención da preceptiva licenza de obra para o caso de investimentos en obra civil que así o exixan, e sempre que a solicitude da devandita licenza fose presentada no concello nos doce meses anteriores á data de solicitude de axuda.

2. Unha vez realizados os investimentos ou gastos previstos, e cumpridos, de ser o caso, os compromisos adquiridos, as persoas interesadas deberán comunicarllo, por escrito, preferentemente, ás oficinas agrarias comarcais, con anterioridade ao remate do prazo concedido para a execución das melloras, presentando tamén a documentación e os xustificantes dos investimentos efectuados, en que se incluírán os correspondentes ao gasto e pagamento destes. Esta comunicación terá a consideración de solicitude de pagamento, para os efectos do Regulamento (CE) 1975/2006 da Comisión, do 7 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

3. Os xustificantes do gasto consistirán, de forma xeral, nas facturas orixinais, acreditativas dos investimentos que cumpran as exixencias que establece a Axencia Tributaria (Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro).

No caso de presentar fotocopias das facturas, achegará tamén os orixinais para seren dilixenciados pola Administración, co texto «cofinanciado con Fondos Comunitarios».

As facturas deberán cumprir, como mínimo, os seguintes requisitos:

a) Número e, se é o caso, serie.

b) A data da súa expedición.

c) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.

d) Número de identificación fiscal atribuído pola Administración española ou, se é o caso, pola de outro Estado membro da Comunidade Europea, co que realizara a operación o obrigado a expedir a factura.

e) Domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.

f) Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base imponible do imposto, correspondente a aquelas, e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das ditas operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no devandito prezo unitario.

g) O tipo impositivo ou tipos impositivos, se é o caso, aplicados ás operacións.

h) A cota tributaria que, se é o caso, lle repercute, deberá consignarse por separado.

i) A data en que se efectuasen as operacións que se documentan sempre que se trate dunha data distinta á de expedición da factura.

j) No caso de que unha operación estea exenta ou non suxeita ao IVE, especificarase o artigo da normativa referida ao IVE que si o reconece.

k) Con carácter xeral, só se considerará subvencionable a base imponible que figure na factura, salvo que se trate dunha entidade non suxeita, exenta de IVE ou suxeita á regra de pro rata; nestes casos, deberá xuntarse a documentación xustificativa desta circunstancia (declaración de non suxeición ou exención de IVE emitida pola AEAT e, no caso de aplicación da regra de pro rata, o modelo 390 de declaración resumo anual IVE correspondente ao último exercicio en que figure a porcentaxe de dedución ou pro rata).

l) Non se admitirán como xustificantes de gasto albarás, notas de entrega, facturas pro forma, tickets cando sexa obrigatoria a expedición de factura, nin as facturas que non conteñan todos os requisitos citados para a súa consideración como tal ou cuxa data non se axuste aos prazos citados.

m) Unha partida do orzamento auxiliabile poderá xustificarse mediante unha ou varias facturas relativas aos conceptos de gasto incluídos na dita partida, sempre que a dita partida admita a desagregación en distintos conceptos.

4. O xustificante do pagamento de facturas realízase mediante a presentación de orixinal e copia, para a súa compulsa e selaxe, dalgún dos documentos que se relacionan a seguir:

a) Como regra xeral, presentarase a factura definitiva e o xustificante bancario do pagamento polo beneficiario (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo na entidade, certificación bancaria, etc.), en que conste o número da factura obxecto de pagamento, a identificación do beneficiario que paga e do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura. No caso de que o xustificante bancario sexa transferencia bancaria deberá ser orixinal ou copia cotexada, e estará selado pola entidade bancaria.

b) Se o pagamento se instrumenta mediante efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio, etc.) achegarase a factura xunto coa copia do efecto mercantil, acompañado da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto, etc.) en que conste claramente que o dito efecto foi efectivamente cargado na conta do beneficiario dentro do prazo de xustificación.

c) No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas imputadas ao proxecto, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas obxecto do pagamento.

d) No caso dunha factura cuxo pagamento se xustifique mediante varios documentos de pagamento, cada un destes deberá facer referencia á factura a que se imputa o pagamento, e acompañarase unha relación de todos os documentos de pagamento e importes acreditativos do pagamento desa factura.

e) No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, deberá identificarse claramente no documento de pagamento a factura ou facturas cuxo pagamento se imputa ao proxecto.

f) No caso de facturas en moeda estranxeira, deben xuntarse os documentos bancarios de cargo en que conste o cambio utilizado.

5. Cando se trate de investimentos en maquinaria, ademais da factura, achegarase xustificante da inscrición no rexistro de maquinaria agrícola. No caso de maquinaria arrastrada, presentarase a documentación de matriculación.

6. Condicións de admisibilidade da adquisición de bens mediante fórmulas de financiamento e pagamento que difiren a adquisición da plena propiedade do ben:

a) Os bens deberán ser adquiridos polo beneficiario en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de financiamento que condicionen a adquisición da propiedade do ben a un momento posterior (contratos de financiamento de bens con reserva de dominio, *leasing*, etc.) só se consideran subvencionables sempre que os bens pasen a ser da propiedade plena do beneficiario antes da finalización do prazo de xustificación da axuda. En concreto, a adquisición de maquinaria e equipamento a través de operacións de arrendamento financeiro só será subvencionable se o contrato inclúe o compromiso de compra en que se prevea que o beneficiario chegue a ser propietario da maquinaria ou equipamento de que se trate dentro do prazo límite de xustificación da axuda. O importe máximo subvencionable non superará o valor de mercado do activo arrendado.

b) En ningún caso serán subvencionables outros custos ligados ao contrato de arrendamento financeiro, tales como impostos, marxe do arrendador, custos

de refinanciamento dos xuros, gastos xerais ou gastos de seguros.

c) Non serán subvencionables as adquisicións de bens no marco dun sistema de venda e arrendamento retroactivo (*lease-back*).

d) Os anteriores supostos deberán respectar o establecido no artigo 5 do Real decreto 1852/2005.

7. Unha vez comunicada a finalización dos investimentos, o persoal técnico das oficinas agrarias comarcais, dos servizos provinciais de explotacións agrarias ou outro designado pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, realizarán as correspondentes certificacións previas ao pagamento das axudas. Non se proporán para pagamento as certificacións inferiores a 6.000 euros de investimento, agás nos casos referidos no último parágrafo do artigo 7º.

8. A falta de comunicación ou de realización dos investimentos entenderase como renuncia ás axudas concedidas, e quedará sen efecto a resolución de concesión, coa obriga de reintegrar as cantidades percibidas, de ser o caso, sen prexuízo das responsabilidades a que houber lugar.

9. Antes do pagamento das axudas para plans de mellora ou da primeira instalación de agricultores/as mozos/as, as persoas beneficiarias deberán acreditar de novo a xustificación de estaren ao día nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e de que non teñen ningunha débeda pendente de pagamento coa Administración da comunidade autónoma.

10. a) Os beneficiarios das axudas establecidas na sección 1ª.1 (plans de melloras) poderán solicitar o aboamento dun anticipo, o cal non poderá superar o 50% da axuda aprobada.

b) Así mesmo, e consonte o referido artigo 56 do Regulamento (CE) 1974/2006, a súa liquidación deberá supeditarse á constitución dunha garantía bancaria ou dunha garantía equivalente que corresponda ao 110% do importe anticipado, e a garantía liberarase cando a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria comprobe que o beneficiario cumpre todos os requisitos exixidos na convocatoria para o pagamento da axuda e o importe dos gastos considerados finalmente como elixibles supera o importe do anticipo.

11. Sen prexuízo dos anteriores puntos, e para os efectos da xustificación dos investimentos, terase en consideración o establecido no artigo 4 do Real decreto 1852/2009, de 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos programas de desenvolvemento rural cofinanciados polo Feader.

12. O beneficiario deberá dispoñer dunha contabilidade específica Feader ou dun código contable específico, no cal deben estar incluídos os gastos declarados para esta axuda.

*Artigo 21º.-Seguimento e control da concorrencia e acumulación de axudas.*

1. Estas axudas son incompatibles con calquera outra axuda, excepto as previstas no Real decreto 457/2010, do 16 de abril, polo que se regulan as bases para a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de maquinaria agrícola.

2. As persoas solicitantes das axudas previstas nesta orde xuntarán, coa solicitude inicial, unha declaración do conxunto de todas as solicitudes de axuda, efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto polas distintas administracións públicas.

Así mesmo, coa xustificación da execución total do proxecto e, en todo caso, antes do pagamento final, presentarán unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

*Artigo 22º.-Obriga de facilitar información.*

Ademais da documentación complementaria que, durante a tramitación do procedemento, lle poidan exixir os órganos competentes da Consellería do Medio Rural, as persoas beneficiarias das axudas teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas, ou polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lles sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

*Artigo 23º.-Modificación da resolución de concesión.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta orde e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución de concesión a instancia da persoa beneficiaria, sempre que cumpran as condicións previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 24º.-Reintegro das axudas.*

1. Procederá o reintegro total ou parcial do importe da axuda máis os xuros de demora producidos desde o pagamento, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta as excepcións contidas.

Procederá o reintegro nas seguintes circunstancias:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedirían.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente dos gastos xustificativos dos investimentos subvencionados.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na lei.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

## 2. Axudas non reintegrables.

a) Non procederá o reintegro das axudas percibidas cando o incumprimento dalgún dos requisitos exixidos ao beneficiario sexa debido a algunha das seguintes causas de forza maior:

1º Falecemento do beneficiario.

2º Longa incapacidade profesional da persoa beneficiaria.

3º Expropiación dunha parte importante da explotación, se esta expropiación non era previsible o día en que se subscribiu o compromiso.

4º Catástrofe natural grave que afecte considerablemente as terras da explotación.

5º Destrución accidental dos edificios para o gando da explotación.

6º Epizootia que afecte a totalidade ou a unha parte do gando do/a produtor/a.

A persoa beneficiaria ou o seu habente causa notificará por escrito á autoridade competente os casos de forza maior ou as circunstancias excepcionais, presentando as probas pertinentes á satisfacción da devandita autoridade, no prazo dos dez días hábiles seguintes á data en que a persoa beneficiaria ou o seu habente causa estea en condicións de facelo.

b) Cando, durante o período de compromiso contraído como condición para a concesión dunha axuda, a persoa beneficiaria transfira a súa explotación a outra persoa que cumpra os requisitos exixidos, esta poderá asumir o compromiso e subrogarse en compromisos e obrigas, durante a parte restante do devandito período. De non asumirse o compromiso, a persoa beneficiaria estará obrigada a reembolsar as axudas percibidas. Poderá non exixir o reembolso se, no caso de cesamento definitivo das actividades agrarias por parte dunha persoa beneficiaria que cumprise unha parte significativa do compromiso, a asunción do compromiso polo/a sucesor/a non resulta factible.

3. a) Cando se concedese un anticipo de acordo co sinalado no artigo 20.11º a), e unha vez certificados os investimentos, consonte o artigo 20, se a axuda definitiva a que ten dereito resultar inferior ao importe do anticipo, o beneficiario reembolsará a diferenza entre o anticipo percibido e a axuda que lle corresponde, máis os xuros legais contados desde o momento do pagamento do anticipo, salvo que concorra algunha das causas de forza maior sinaladas no número 2.

b) Se o beneficiario percibir un anticipo e non executar os investimentos no prazo máximo previsto nos artigos 8 e 15, deberá reintegrar todo o anticipo máis os xuros legais contados desde a data do pagamento, salvo que concorra algunha das causas de forza maior sinaladas no número 2.

## Artigo 25º.-Recursos administrativos.

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados en aplicación desta orde ou na respectiva orde de convocatoria esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os

casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa.

Artigo 26º.-*Medidas informativas e publicitarias das axudas cofinanciadas polo Feader.*

1. Nos instrumentos de información e difusión que utilice a Consellaría do Medio Rural farase constar que, á marxe doutras fontes de financiamento público, concorre o financiamento con fondos Feader, e informárase tamén os beneficiarios do eixe prioritario do programa de desenvolvemento rural en que están incluídas estas axudas.

2. Conforme o establecido no artigo 58 e no anexo VI do Regulamento (CE) 1974/2006, o beneficiario das axudas deberá cumprir coa normativa sobre información e publicidade das axudas do Feader indicadas no anexo VI do referido regulamento. En particular, no caso de investimentos subvencionados cun custo total superior a 50.000 e 500.000 €, o beneficiario deberá colocar unha placa explicativa ou un panel publicitario, respectivamente, no cal figurará unha descrición do proxecto, así como a bandeira europea e o lema Feader: «*Europa inviste no rural*». Ademais o modelo de cartel identificativo deberá cumprir tamén o disposto no Decreto 370/2009, do 23 de xullo, polo que se regula a utilización da imaxe corporativa do Xacobeo 2010. Para accións que supoñan investimentos que superen un custo total de 50.000 euros, o beneficiario deberá colocar unha placa explicativa, e nas infraestruturas cuxo custo total supere os 500.000 euros instalárase un panel publicitario.

3. Así mesmo, neste senso deberase tamén cumprir o establecido no Decreto 409/2009, do 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

Artigo 27º.-*Controis, reducións, exclusións e sancións.*

1. A Dirección Xeral de Producción Agropecuaria será a responsable de efectuar as actuacións necesarias tendentes á realización tanto dos controis administrativos das solicitudes de axuda e de pagamento como dos controis sobre o terreo, previos e posteriores ao pagamento, para verificar o cumprimento polos beneficiarios dos compromisos e obrigas que asumisen, todo isto sen prexuízo dos controis que deban realizar outras unidades con base no disposto na regulamentación aplicable a estas medidas.

2. Para estes efectos, será de aplicación o Regulamento (CE) 1975/2006 da Comisión, do 7 de decembro de 2006.

3. Os pagamentos calcularanse sobre a base do que se considera elixible, tras determinar:

a) O importe que se pode conceder ao beneficiario en función da solicitude de pagamento. Para tal efecto, tomarase en consideración a suma dos importes de gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.

b) O importe que se pode conceder ao beneficiario logo de controlar a elixibilidade dos gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.

A cantidade a pagar ao beneficiario será a definida no importe b). Cando o importe a) supera o importe b) en máis dun 3%, a cantidade pagadoira é igual ao importe b) menos a diferenza entre os dous importes. Esta redución non se aplicará cando o beneficiario poida demostrar que non é responsable da inclusión do importe non elixible.

As reducións prescritas aplicaranse igualmente sobre os gastos non elixibles identificados nos controis sobre o terreo, cando son posteriores ao pagamento, e nos controis a posteriori.

4. Cando se determine intencionalidade na presentación dunha declaración falsa, o beneficiario quedará excluído da axuda Feader en cuestión e do resto das axudas vinculadas á medida durante o exercicio Feader de que se trate e os dous seguintes. Ademais, recuperaranse os importes aboados pola operación ata ese momento, no caso de ter pagamentos parciais.

5. Así mesmo, será aplicable o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións previsto na Lei 9/2007. Todo o anterior é sen prexuízo das sancións a que puideren dar lugar a aplicación da lexislación vixente en materia de axudas.

#### SECCIÓN TERCEIRA

#### CONVOCATORIA 2010

Artigo 28º.-*Convocatoria.*

Convócanse para o exercicio orzamentario 2010 as axudas regulamentadas por esta orde. As solicitudes, documentación, condicións e procedemento de xestión das axudas serán as establecidas, con carácter xeral, nos artigos anteriores.

Artigo 29º.-*Prazo.*

1. O prazo de presentación de solicitudes será de corenta e cinco días a partir da entrada en vigor da orde.

2. As solicitudes presentaranse en calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e, preferentemente, nas oficinas agrarias comarcais da Consellaría do Medio Rural.

3. Non obstante o anterior, para os casos de primeiras instalacións de mozos/as motivado/as por cesamento anticipado na actividade agraria acollidos ás

axudas a que fai referencia o artigo 23 do Regulamento 1698/2005, de Feader, ou por falecemento, xubilación ou invalidez do actual titular da explotación, o prazo permanecerá aberto ata o 30 de novembro.

#### Artigo 30º.-*Financiamento das axudas.*

O financiamento das axudas recollidas nesta orde, cofinanciadas con fondos Feader nunha porcentaxe do 57,56%, efectuarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia:

1. 11.02.712B 772.0, para as axudas previstas na sección primeira número 1: Plans de mellora da devandita orde, na cal existe crédito adecuado para o ano 2010, de cen mil euros (100.000 euros); para o ano 2011 de tres millóns novecentos mil euros (3.900.000 euros); para o ano 2012 de cinco millóns cincocentos mil euros (5.500.000 euros); e para o ano 2013 de cinco millóns cincocentos mil euros (5.500.000 euros). A dita aplicación orzamentaria poderá incrementarse con fondos adicionais, comunitarios, estatais e da comunidade autónoma.

2. 11.02.712B 772.0 para as axudas previstas na sección primeira número 2: Primeira instalación de agricultores mozos, na cal existe crédito adecuado para o ano 2010 de cen mil euros (100.000 euros); para o ano 2011 de novecentos mil euros (900.000 euros); para o ano 2012 dun millón cincocentos mil euros (1.500.000 euros); e para o ano 2013 dun millón cincocentos mil euros (1.500.000 euros). A dita aplicación orzamentaria poderase incrementar con fondos adicionais, comunitarios, e da comunidade autónoma.

No suposto de existir remanente na aplicación sinalada no punto 2 poderíase utilizar para financiar solicitudes da aplicación sinalada no punto 1.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-*Cualificación de explotacións agrarias prioritarias.*

Nos casos en que a documentación presentada pola persoa solicitante das axudas previstas nesta orde sexa abunda e se reúnan os requisitos exixidos, o director xeral de Producción Agropecuaria efectuará a cualificación da explotación como prioritaria, de acordo co establecido no Decreto 253/2008, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

#### Segunda.-*Normativa subsidiaria.*

No non previsto nesta orde observárase o disposto no Regulamento 1698/2005, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no Regulamento 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do anterior, no Regulamento 1975/2006 da Comisión, do 7 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, no que

respecta á aplicación dos procedementos de control e condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural, no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 aprobado pola Unión Europea, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, así como na Lei 19/1995, de modernización das explotacións agrarias, do 4 de xullo.

#### Terceira.-*Publicidade das axudas.*

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos/as beneficiarios/as e da súa publicación na citada páxina web, así como tamén se procederá á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento dos datos para os efectos do disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

#### Cuarta.-*Documentación en poder da Administración.*

Os documentos exixidos nesta convocatoria e que figuren nos diferentes rexistros da Consellería do Medio Rural ou na súa base de datos, non será necesario que os presente a persoa solicitante, xa que serán obtidos directamente pola unidade tramitadora do expediente, entre outros, a folla de saneamento gandeiro, a cota láctea, dereitos de prima, axudas do pagamento único, declaración de superficie, cualificación da explotación como prioritaria, cualificación da explotación como ecolóxica ou contrato de explotación sustentable.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Producción Agropecuaria para o establecemento das marxes brutas das principais actividades produtivas das explotacións das distintas comarcas galegas, así como para ditar as instrucións precisas para o mellor desenvolvemento e execución do disposto nesta orde, as cales serán publicadas na web da Consellería do Medio Rural.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural



|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                      |                        |                                         |                                |                          |                      |                        |          |              |                        |                 |                   |                           |               |  |     |                 |             |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|------------------------|-----------------------------------------|--------------------------------|--------------------------|----------------------|------------------------|----------|--------------|------------------------|-----------------|-------------------|---------------------------|---------------|--|-----|-----------------|-------------|--|---------------------|--|--------------|--|--|--|--|--|--|---------------|--------------|--|--|----------|--|------------------|--|--|--|--|----------|--|--|--|--|------------------|--|--|--|--|-----------|--|--|--|--|
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | Nº EXPEDIENTE        |                        | DATA DE SOLICITUDE                      |                                |                          |                      |                        |          |              |                        |                 |                   |                           |               |  |     |                 |             |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
| PROCEDEMENTO<br><i>AXUDAS PARA A MELLORA DA EFICACIA E SUSTENTABILIDADE DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS E PARA A INCORPORACIÓN DE NOVOS ACTIVOS AGRARIOS</i>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                      |                        | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO<br><i>MR404A</i> | DOCUMENTO<br><i>SOLICITUDE</i> |                          |                      |                        |          |              |                        |                 |                   |                           |               |  |     |                 |             |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
| A                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | AXUDAS PARA A PRIMEIRA INSTALACIÓN DE AGRICULTORES MOZOS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |                      |                        |                                         |                                |                          |                      |                        |          |              |                        |                 |                   |                           |               |  |     |                 |             |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | <table><tr><td>SITUACIÓN DA EXPLOTACIÓN</td><td>PROVINCIA</td><td>COMARCA</td><td>CONCELLO</td><td>PARROQUIA</td></tr><tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td></td><td>CEA</td><td>OAC</td><td colspan="2">CÓDIGO INE</td></tr><tr><td></td><td></td><td></td><td colspan="2"></td></tr></table>                                                                                                                                                                                                    |                      |                        |                                         |                                | SITUACIÓN DA EXPLOTACIÓN | PROVINCIA            | COMARCA                | CONCELLO | PARROQUIA    |                        |                 |                   |                           |               |  | CEA | OAC             | CÓDIGO INE  |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
| SITUACIÓN DA EXPLOTACIÓN                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     | PROVINCIA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | COMARCA              | CONCELLO               | PARROQUIA                               |                                |                          |                      |                        |          |              |                        |                 |                   |                           |               |  |     |                 |             |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                      |                        |                                         |                                |                          |                      |                        |          |              |                        |                 |                   |                           |               |  |     |                 |             |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | CEA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | OAC                  | CÓDIGO INE             |                                         |                                |                          |                      |                        |          |              |                        |                 |                   |                           |               |  |     |                 |             |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                      |                        |                                         |                                |                          |                      |                        |          |              |                        |                 |                   |                           |               |  |     |                 |             |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
| DATOS DO/A MOZO/A                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | <table><tr><td>TIPO (ver claves 1)</td><td>CLASE (ver claves 2)</td><td>DATA NACEMENTO</td><td>NIF</td><td>Nº S. SOCIAL</td><td>TIPO SS (ver claves 3)</td></tr><tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td colspan="3">APELIDOS E NOME</td><td colspan="3">ENDEREZO</td></tr><tr><td colspan="3"></td><td colspan="3"></td></tr><tr><td>CÓDIGO POSTAL</td><td colspan="3">CONCELLO</td><td colspan="2">TELÉFONO</td></tr><tr><td></td><td colspan="3"></td><td colspan="2"></td></tr></table> |                      |                        |                                         |                                | TIPO (ver claves 1)      | CLASE (ver claves 2) | DATA NACEMENTO         | NIF      | Nº S. SOCIAL | TIPO SS (ver claves 3) |                 |                   |                           |               |  |     | APELIDOS E NOME |             |  | ENDEREZO            |  |              |  |  |  |  |  |  | CÓDIGO POSTAL | CONCELLO     |  |  | TELÉFONO |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | TIPO (ver claves 1)                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | CLASE (ver claves 2) | DATA NACEMENTO         | NIF                                     | Nº S. SOCIAL                   | TIPO SS (ver claves 3)   |                      |                        |          |              |                        |                 |                   |                           |               |  |     |                 |             |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                      |                        |                                         |                                |                          |                      |                        |          |              |                        |                 |                   |                           |               |  |     |                 |             |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
| APELIDOS E NOME                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                      | ENDEREZO               |                                         |                                |                          |                      |                        |          |              |                        |                 |                   |                           |               |  |     |                 |             |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                      |                        |                                         |                                |                          |                      |                        |          |              |                        |                 |                   |                           |               |  |     |                 |             |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
| CÓDIGO POSTAL                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                | CONCELLO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |                      |                        | TELÉFONO                                |                                |                          |                      |                        |          |              |                        |                 |                   |                           |               |  |     |                 |             |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                      |                        |                                         |                                |                          |                      |                        |          |              |                        |                 |                   |                           |               |  |     |                 |             |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
| CÓNXUXE                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | <table><tr><td>NIF</td><td>Nº S. SOCIAL</td><td>TIPO SS (ver claves 3)</td></tr><tr><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td colspan="3">APELIDOS E NOME</td></tr><tr><td colspan="3"></td></tr></table>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |                      |                        |                                         |                                | NIF                      | Nº S. SOCIAL         | TIPO SS (ver claves 3) |          |              |                        | APELIDOS E NOME |                   |                           |               |  |     |                 |             |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | NIF                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | Nº S. SOCIAL         | TIPO SS (ver claves 3) |                                         |                                |                          |                      |                        |          |              |                        |                 |                   |                           |               |  |     |                 |             |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                      |                        |                                         |                                |                          |                      |                        |          |              |                        |                 |                   |                           |               |  |     |                 |             |  |                     |  |              |  |  |  |  |  |  |               |              |  |  |          |  |                  |  |  |  |  |          |  |  |  |  |                  |  |  |  |  |           |  |  |  |  |
| <b>1. TIPO DE TITULAR</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | <b>2. CLASE DE AGRICULTOR</b>                                                                                                   |
| 0. Agricultor individual muller<br>1. Agricultor individual home<br>2. Sociedade<br>3. SAT<br>4. Cooperativa agraria<br>6. Outras<br>7. Comunidade de bens<br>8. Agrupación de servizos<br>9. Cooperativa de explotación comunitaria da terra ou de traballo asociado na actividade.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | 2. Agricultor profesional (A.P.)<br>3. Non agricultor profesional<br>4. Asociativa prioritaria<br>5. Asociativa non prioritaria |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | <b>3. SEGURIDADE SOCIAL</b>                                                                                                     |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | 1. Réxime especial agrario da S.S. conta propia<br>2. Outro da rama agraria<br>3. Outro                                         |
| <b>4. CAPACITACIÓN PROFESIONAL</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                                                                                                                                 |
| a) Capataz agrícola, FP agraria ou nivel de formación agraria máis alto.<br>b) Exercicio da actividade agraria polo menos durante 5 anos, desde a certificación dos investimentos.<br>c) Actividade agraria e cursos de capacitación suficientes.<br>d) Mozo que ten realizados cursos por un mínimo de 250 horas.<br>e) Mozo que se compromete a realizar cursos por un mínimo de 250 horas.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |                                                                                                                                 |
| <b>5. OBXECTIVOS DOS INVESTIMENTOS NO PLAN DE MELLORAS</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |                                                                                                                                 |
| a) Mellora cualitativa e reordenación da produción en función das necesidades de mercado e, se é o caso, con vistas á adaptación ás normas comunitarias de calidade, así como para a diversificación das actividades agrarias, especialmente mediante investimentos destinados á clasificación, acondicionamento, fabricación, transformación e comercialización dos produtos agrarios da propia explotación.<br>b) Adaptación das explotacións con vistas a reducir os custos de produción, aforrar enerxía ou auga, ou incorporación de novas tecnoloxías, incluídas as da informatización e telemática.<br>c) Mellora das condicións de vida e de traballo dos agricultores e dos empregados das explotacións.<br>d) O cumprimento das normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais establecidas recentemente.<br>e) A mellora das condicións de hixiene das explotacións gandeiras e de benestar dos animais, a protección e mellora do solo, da cuberta vexetal e do ambiente. |                                                                                                                                 |
| <b>B. INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A SOLICITUDE</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                                                                                                                 |
| <p>Os espazos sombreados serán cubertos polos servizos da Consellería do Medio Rural.</p> <p>A data da solicitude será a do Rexistro de Entrada na Administración.</p> <p>Situación da explotación: cubriranse todos os puntos en relación coa localización da explotación.</p> <p>Titular da explotación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Tipo de titular: segundo o indicado na clave 1.</li> <li>- Clase de agricultor: segundo o indicado na clave 2:</li> <li>- Data de constitución</li> <li>- Nº de socios e nº de socios agricultores profesionais</li> <li>- Tipo de S.S. segundo a clave 3.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |                                                                                                                                 |
| <div style="display: flex; align-items: center;"> <div style="font-size: 3em; margin-right: 10px;">}</div> <div>             No caso de entidades con personalidade xurídica           </div> </div>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                                                                                                                                 |

**B. INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A SOLICITUDE (continuación)**

Cónxuxe, ou parella de feito legalmente recoñecida ou representante: no caso de titular agricultor individual e casado ou con relación análoga, poranse os datos do cónxuxe ou parella de feito legalmente recoñecida. Deixarase en branco nos outros casos. No caso de entidade xurídica poranse os datos do representante.

**1. DATOS DA EXPLOTACIÓN:**

Orientacións produtivas da explotación: segundo as claves da páxina 2 coas súas correspondentes unidades, produto bruto e gastos variables, tanto na situación actual como na prevista despois da realización dos investimentos. Utilizaranse as claves das producións finais agrícolas ou gandeiras obtidas na explotación.

-Gastos fixos xerais da explotación: inclúe arrendamentos, contribucións, impostos, S.S., combustible, enerxía, xuros, seguros... Non inclúe amortización de edificios e maquinaria..

-Código OTE, en situación inicial e prevista.

Réxime de tenza da terra: a superficie en ha.

Man de obra: no caso de persoas xurídicas só será computable a man de obra dos socios e asalariados que cotizan á Seguridade Social en función da actividade desenvolvida na explotación.

Dedicación da terra: especificarase a superficie de cada cultivo na situación actual e na prevista. Na clave 20 súmase a superficie agrícola útil e na 24 a superficie total.

Maquinaria: na situación actual indícarase o nº de unidades, ano de adquisición, así como o valor actual de mercado na situación de uso en que se encontra. Na situación prevista, unicamente as unidades.

Gando: nº de unidades actuais e o seu valor, así como as unidades previstas ao finalizar o plan.

Instalacións: co ano de construción ou adquisición, e o seu valor unitario actual de mercado de acordo co estado de uso.

Outros datos da explotación:

- Tipo de capacitación profesional: segundo clave 4.

- Solicita cesamento anticipado o anterior titular: porase un S en caso afirmativo, e un N en caso negativo.

- Zona desfavorecida: marcarase cunha cruz no caso de que a explotación estea nunha zona desfavorecida ou de montaña.

**2. INVESTIMENTOS E OUTROS GASTOS PREVISTOS:**

- Cubriranse as claves, descrición da mellora, obxectivos dos investimentos segundo as claves 5, no caso de ser unha mellora para reforma de instalación, ano de investimento (1, 2, 3), unidades, prezo por unidade e importe.

- Ano de equilibrio dos investimentos: considérase o ano (1, 2, 3...) no cal, debido aos investimentos realizados, a explotación está a pleno rendemento.

**3. DETERMINACIÓN DO INVESTIMENTO OBXECTO DE AXUDA:**

- Límite máximo de investimento: segundo tipo de explotación e número de UTA.

- Investimentos anteriores acollidos ao R.D. 204/1996, ao R.D. 613/2001 e ás ordes do 10 de maio de 2007 e 15 de febreiro de 2008: co obxecto de determinar o tramo libre de investimento, anotaranse as datas de aprobación de anteriores plans de melloras así como o investimento certificado.

O tramo libre de investimento obtense de restar ao límite máximo de investimento, os investimentos en plans de mellora acollidos ao R.D. 204/1996, ao R.D. 613/2001 e ás ordes do 10 de maio de 2007 e do 15 de febreiro de 2008.

**4. DATOS BANCARIOS:** cubriranse os datos segundo o certificado que debe emitir a entidade bancaria.

**5. DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN Á SOLICITUDE:** marcaranse cunha cruz os documentos que se xuntan.

**6. FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE:** asinada polo solicitante.

## ANEXO II

D/Dª  con DNI nº   
 en nome e representación da comunidade de bens/sociedade civil   
 con NIF/CIF

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

Que os membros que integran a comunidade de bens/sociedade civil son os que se relacionan na seguinte táboa; a porcentaxe de execución asumido por cada membro da comunidade de bens/sociedade civil e a porcentaxe de subvención que se lle vai aplicar a cada un deles son os que se indican a continuación:

| NIF                  | NOME OU RAZÓN SOCIAL | % EXECUCIÓN          | % SUBVENCIÓN         |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

E para que conste aos efectos de solicitar as axudas para a mellora da eficacia e sostibilidade das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos agrarios, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados:

Lugar e data

, de de  
 (Sinatura)

## ANEXO III

**Aspectos relacionados coas limitacións sectoriais e o cumprimento das normas ambientais de hixiene e benestar dos animais exixibles ás explotacións beneficiarias destas axudas**

## A) Limitacións sectoriais.

1. En razón do produto, do tipo de investimento e da capacidade actual e prevista da explotación, poderán excluírse deste réxime de axudas os investimentos que aumenten a produción sen saídas nor-

mais do mercado. En todo caso, serán de aplicación as limitacións á produción, investimentos ou axudas reguladas nas organizacións comúns de mercado.

2. Os investimentos que se vaian realizar naqueles sectores para os cales se teñan establecido cotas, primas ou calquera outro dereito de produción, serán auxiliables sempre que se acredite, á súa finalización, a dispoñibilidade deles en contía suficiente, o cal se comprobará na base de datos da consellería.

3. Estas axudas non serán de aplicación aos investimentos dirixidos a mellorar a produción agraria que sexan auxiliados acolléndose aos fondos establecidos nas organizacións comúns de mercado. No caso concreto da viña, non se concederán axudas para a súa reestruturación previstas no Regulamento (CE) 1493/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, polo que se establece a OCM vitivinícola e normativa de desenvolvemento.

4. No sector da produción do mel non se auxiliarán as accións establecidas no Regulamento (CE) 797/2004, do Consello, do 26 de abril, relativo ás medidas destinadas a mellorar as condicións de produción e comercialización dos produtos da apicultura.

5. Estas axudas non se aplicarán a investimentos no sector forestal, xa contempladas na subsección segunda do Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

B) Para poder acceder ás axudas ao desenvolvemento rural no período 2007-2013, e en particular ás destinadas á mellora das estruturas agrarias, a normativa aplicable ao dito período establece no Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no artigo 26 na súa alínea b) que as explotacións agrarias cumpran as normas comunitarias aplicables aos investimentos de que se trate.

1. Normas mínimas de ambiente, hixiene e benestar dos animais exixibles ás explotacións beneficiarias.

a) As explotacións con actividade gandeira obxecto de auxilio deberán levar a efecto as accións sanitarias derivadas dos plans oficiais de profilaxe e loita contra enfermidades, establecidos ou que se establezan no futuro, de acordo co previsto na Lei 8/2003, de sanidade animal, e normativa que a desenvolve.

b) As explotacións con actividade agrícola obxecto de auxilio deberán levar a efecto as accións sanitarias derivadas dos plans oficiais de profilaxe e loita contra os axentes nocivos, establecidos ou que se establezan no futuro, de acordo co previsto na Lei 43/2002, de sanidade vexetal, e normativa que a desenvolve.

A seguir enuméranse as normas de aplicación:

Normas ambientais.

Directiva 96/61/CE, do Consello de 24 de setembro de 1996 relativa á prevención e ao control integridades da contaminación.

Lei 4/1989, de conservación de espazos naturais e da flora e fauna silvestres (Directiva 79/409 CEE e parte da Directiva 92/43/CE), e as súas modificacións.

Lei 42/2007 do Patrimonio natural e da biodiversidade.

Real decreto 1997/1995, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitat naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva 92/43 CE), e as súas modificacións.

Lei 10/1998, sobre residuos (Directiva 91/156/CEE), e as súas modificacións.

Real decreto 261/1996, sobre protección contra a contaminación por nitratos procedentes de fontes agrarias (Directiva 91/76CE), e as súas modificacións.

Real decreto 1310/1990 e Orde do 26 de outubro de 1993 sobre o emprego de lodos de depuradora en agricultura e as súas modificacións.

Normas de hixiene.

Entre as normas de hixiene que requiren adaptación das explotacións e de recente entrada en vigor figuran:

Regulamento (CE) 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios.

Regulamento (CE) 853/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal.

Directiva 2002/99/CE sobre normas zoosanitarias aplicables á produción, transformación, distribución e introdución dos produtos animais destinados a consumo humano.

Normas de benestar dos animais.

Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, relativo á protección dos animais en explotacións gandeiras (Directiva 98/58/CE), e as súas modificacións.

Sector vacún (becerras).

Real decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de becerros, modificado polo Real decreto 229/1998, do 16 de febreiro. (Directiva 91/629/CEE), e as súas modificacións.

Sector avícola.

a) Real decreto 3/2002, do 11 de xaneiro, polo que se establecen as normas mínimas de protección das galiñas poñedoras, e as súas modificacións.

b) Real decreto 1084/2005, do 16 de setembro, de ordenación de avicultura de carne, e as súas modificacións.

Sector porcino.

a) Real decreto 1135/2002, do 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección de porcos, e as súas modificacións.

b) Decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas, e as súas modificacións.

Sector cunícola.

Explotacións cunícolas: Real decreto 1547/2004 do 25 de xuño, que establece as normas de ordenación das explotacións cunícolas, e as súas modificacións.

Sector apícola.

Explotacións apícolas: Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, modificado polo Real decreto 448/2005, do 22 de abril, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, e as súas modificacións.

## CONSELLERÍA DO MAR

*Orde do 31 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade, cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca.*

O Regulamento (CE) 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Pesca, establece o marco de apoio comunitario en favor do desenvolvemento sustentable do sector pesqueiro, das zonas de pesca e da pesca interior. Este regulamento establece ademais a obriga dos estados membros de adoptar un plan estratéxico nacional para o sector pesqueiro e un programa operativo coherente co plan estratéxico para aplicar as políticas e prioridades que deba cofinanciar o Fondo Europeo de Pesca (FEP).

Por outra banda, o Regulamento (CE) 744/2008, do Consello, polo que se establece unha acción específica para promover a reestruturación das frotas pesqueiras da Comunidade Europea afectadas pola crise económica, establece medidas adicionais que permitan unha adaptación máis rápida da frota comunitaria á situación actual garantindo ao mesmo tempo condicións sociais e económicas sustentables para o sector.

No ano 2009 publicouse a Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca, investimentos regulados nos artigos 25 e 7, respectivamente, dos regulamentos anteriores.

Pero tendo en conta que o Regulamento (CE) 744/2008 ten un horizonte ata 2010 e que o Regulamento (CE) 1198/2006 será obxecto de revisión a máis tardar o 31 de decembro de 2013, cómpre establecer unhas bases reguladoras das axudas aos investimentos a bordo, que aproveiten ao máximo as

posibilidades do apoio comunitario ao sector pesqueiro, de xeito que poidamos conseguir a adaptación da nosa frota en xeral e dos seus segmentos en particular nese horizonte temporal e así poder asumir os retos de futuro dun sector estratéxico para Galicia. Por outra banda, coa aplicación da Orde do 11 de marzo xurdiron aspectos de xestión que convén corrixir á hora de establecer unhas bases reguladoras para todo o período 2007-2013 e, ao mesmo tempo, dotalas da axilidade necesaria para que sexan máis eficaces á hora de conseguir os resultados esperados.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras de concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade ao abeiro do Regulamento (CE) 1198/2006 e Regulamento (CE) 744/2008.

#### Artigo 2º.-*Finalidade das axudas.*

A finalidade destas axudas é a de contribuír á modernización da frota pesqueira galega mediante o financiamento de investimentos a bordo dos buques pesqueiros sempre que estes investimentos poidan servir para mellorar a seguridade a bordo, as condicións de traballo, a hixiene, a calidade dos produtos, o rendemento enerxético e a selectividade, sempre que iso non aumente a capacidade pesqueira dos buques, así coma a substitución dos motores, as artes de pesca e aqueles outros investimentos que reduzan os descartes, o impacto da pesca no ecosistema mariño e aqueles que protexan as capturas e as artes dos depredadores salvaxes.

#### Artigo 3º.-*Crédito orzamentario.*

1. As axudas concederanse con cargo ás aplicacións orzamentarias que sinala a correspondente Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Durante a vixencia do FEP (2007-2013) fixarase mediante a correspondente orde de convocatoria o crédito anual existente.

3. Os importes fixados en cada convocatoria, así como as aplicacións a que se imputen, poderanse ampliar con fondos incorporados e remanentes adicionais, sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

4. As axudas estarán limitadas, en todo caso, ás dispoñibilidades orzamentarias.

5. Para o ano 2010 as axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.723A.770.3 que figura no orzamento de gastos de 2010 da Consellería do Mar. Os importes máximos das subvencións que se concedan no dito exercicio orzamentario ascenderán a 11.000.000 de euros, distribuídos nas seguintes anualidades:

Anualidade 2010: 8.000.000 de euros.

Anualidade 2011: 3.000.000 de euros.

6. As axudas mencionadas contan co financiamento do FEP nun 61% e do Estado membro nun 39%.

*Artigo 4º.-Requisitos dos beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios os propietarios e/ou armadores de buques pesqueiros da 3ª lista do Rexistro de Matrícula de Buques que cumpran os seguintes requisitos:

a) O buque para o que se solicita o investimento ten que ter cinco anos ou máis, ter o seu porto base na comunidade autónoma galega e atoparse inscrito no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e no Censo de Frota Pesqueira Operativa.

Para os efectos desta orde, para calcular a idade do buque tomarase como data de inicio a de entrada en servizo do devandito buque e como data final o día en que remate o prazo de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente.

b) Ter a correspondente resolución de autorización para realizar os investimentos solicitados naqueles casos en que esta sexa necesaria.

Será necesaria a autorización para aquelas obras do buque que dean lugar á variación das características de manga, puntal, eslora total, eslora entre perpendiculares e material do casco, así como tamén para os cambios de motor propulsor ou potencia auxiliar do buque, modificación dos tanques de combustible e calquera outra reforma que poida afectar a estabilidade ou navegabilidade do buque.

c) No caso de buques cuxa primeira venda dos produtos que captura sexa en fresco, e polo tanto, obrigatoria en lonxa, o volume de vendas que se obteña da suma das notas de venda durante o ano anterior ao da convocatoria deberá ser superior ao 50% da media obtida para ese porto base e polo tipo de frota segundo se establece no artigo 15º desta orde.

d) No caso de buques para os que a primeira venda dos produtos que captura non sexa obrigada en lonxa, o buque debe dispor da autorización para realizar a devandita venda.

2. Os beneficiarios da axuda deben estar ao día das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Non poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas en que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Tampouco poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas que teñan unha sanción firme pendente de pagamento por infracción da normativa marítimo-pesqueira, para o cal deberán cubrir o anexo II.B.

*Artigo 5º.-Obrigas dos beneficiarios.*

Os beneficiarios destas axudas están obrigados a:

a) Executar as actuacións obxecto da subvención dentro do prazo conferido para o efecto, e con cumprimento das condicións establecidas na respectiva resolución de concesión e demais normativa de aplicación. Excepcionalmente, en casos xustificados, logo de petición do interesado, os prazos poderán ser prorrogados por resolución expresa do director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica.

b) Manter a propiedade do buque durante un período mínimo de cinco anos. Se durante este período o beneficiario pretendese allealo, deberá xustificar tal petición á Consellería do Mar que, en caso de autorizalo, resolverá cos condicionantes que considere oportunos.

Se o beneficiario é unha pluralidade de persoas sen personalidade xurídica propia, a agrupación non poderá disolverse ata que transcorran cinco anos desde o pagamento da axuda, aplicando o establecido no parágrafo anterior.

c) Manter o buque pesqueiro nun porto base da Comunidade Autónoma de Galicia durante un período mínimo de 5 anos contados desde a data contable do último pagamento. O cambio de porto base sen que transcorrese o devandito período dará lugar á devolución *pro rata temporis* da axuda total concedida. A devolución da devandita axuda eximiráselle sempre ao propietario do buque pesqueiro obxecto da axuda, independentemente de que esta a cobrase o armador.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente ou calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competente, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de cinco anos desde a percepción do último pagamento, para os efectos de comprobación e control.

i) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable específico en relación con todas as transaccións relacionadas coa subvención que permita seguir a pista de auditoría.

g) Comunicarlle á consellería a obtención doutras subvencións e axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente, tanto públicos como privados.

h) Comunicarlle á Consellería do Mar calquera circunstancia que poida afectar substancialmente á execución dos fins para os cales foi concedida a axuda.

I) Acreditar, mediante declaración responsable, que non teñen pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

j) Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

k) Dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento realizado, con expresa mención á participación do Fondo Europeo de Pesca, nos termos regulamentariamente establecidos.

#### Artigo 6º.-*Investimentos obxecto de subvención.*

1. Poderán ser elixibles ao abeiro desta orde os investimentos que se realicen a bordo dos buques e que teñan as seguintes finalidades:

- a) Mellora da seguridade a bordo do buque.
- b) Mellora das condicións de traballo.
- c) Mellora das condicións de hixiene.
- d) Mellora da calidade dos produtos.
- e) Mellora do rendemento enerxético.
- f) Mellora da selectividade.

g) Substitución do motor cos condicionantes do artigo 7º desta orde.

h) Substitución das artes de pesca por outras máis selectivas cos condicionantes do artigo 8º desta orde.

2. Tamén poderán ser elixibles aqueles investimentos que:

I) Permitan a conservación a bordo das capturas en que o seu descarte non estea autorizado.

II) Reduzan o impacto da pesca en especies non comerciais.

III) Reduzan o impacto da pesca nos ecosistemas e fondos mariños.

IV) Protexan as capturas e as artes dos depredadores salvaxes, sempre que non aumenten o esforzo pesqueiro nin se prexudique a selectividade das artes de pesca e se adopten todas as medidas adecuadas para evitar que se lles produzan danos físicos aos depredadores.

3. Os investimentos establecidos no artigo 7 do Regulamento (CE) 744/2008.

4. Non se concederá ningunha axuda para o aumento de capacidade das bodegas nin para aqueles investimentos non previstos no proxecto presentado coa solicitude de axuda; nin para aqueles que supoñan a conservación, substitución ou reparación de elementos salvo que supoña unha mellora substancial nestes.

5. Os investimentos ou gastos para os cales se solicita a axuda non poderán estar iniciados antes da apertura do prazo de presentación de solicitudes e debe acreditarse tal extremo a través da acta de non inicio regulada no artigo 9º desta orde. Non obstante, e con carácter excepcional, permítese a realización de investimentos previos nos termos establecidos no artigo 9º punto 4.

6. Non serán subvencionables aqueles investimentos en que o importe da axuda resulte inferior a 600 euros.

#### Artigo 7º.-*Condicións específicas para os investimentos en cambios de motor.*

1. Durante todo o período de vixencia do FEP poderase subvencionar un só cambio de motor por buque, sempre que:

a) Nos buques de eslora total inferior a 12 metros que non utilicen artes de arrastre das indicadas no cadro 3 do anexo I do regulamento da Comisión Europea do 30 de decembro de 2003 (R CE 26/2004), a potencia do novo motor sexa igual ou inferior á do motor antigo.

b) Nos buques cuxa eslora total non supere os 24 metros e non estean recollidos na letra a), a potencia do novo motor sexa inferior nun 20%, como mínimo, á do motor antigo.

c) Nos buques de arrastre cuxa eslora total supere os 24 metros, a potencia do novo motor sexa inferior nun 20%, como mínimo, á do motor antigo, o buque sexa obxecto dun plan de salvamento e reestruturación dos indicados no artigo 21.1º f) do FEP e opte por un método de pesca que consuma menos combustible.

2. A redución do 20% na potencia do motor poderá ser acadada por un grupo de buques cuxa eslora total supere os 12 metros, cos seguintes requisitos para todos os buques integrantes dos grupos:

a) Identificación individual de cada buque.

b) Que pesquen na mesma zona de xestión.

c) Que utilicen a mesma arte de pesca principal, segundo a enumeración do apéndice III, sección C, do Regulamento (CE) 1639/2001, da Comisión.

d) O número de buques integrantes do grupo non superará os 50.

3. No caso dos investimentos acollidos ao previsto no Regulamento (CE) 744/2008, os equipos deberán

cumprir co requisito da redución de emisións. Os investimentos acollidos a este regulamento só serán financiados polo FEP para as resolucións de concesión de axuda que se emitan ata o 31 de decembro de 2010.

*Artigo 8º.-Condicións específicas para os investimentos nas artes de pesca.*

Poderán ser obxecto de subvención os investimentos nas artes de pesca coas seguintes condicións:

1. Durante todo o período de vixencia do FEP poderán ser subvencionadas como máximo dúas substitucións nas artes de pesca selectivas, sempre que o buque cumpra cos requisitos seguintes:

a) Estar incluídos nun plan de axuste do esforzo pesqueiro dos indicados no artigo 21, letra a), inciso I) do Regulamento base do FEP.

Ou

b) Que a nova arte sexa máis selectiva e se axuste a criterios e prácticas ambientais recoñecidas máis estritos que as obrigas existentes no marco da normativa comunitaria.

2. Tamén poderá ser subvencionada a primeira substitución da arte de pesca co fin de:

-Garantir que se axuste aos novos requisitos técnicos en materia de selectividade estipulados na lexislación comunitaria e ata que os devanditos requisitos se fagan obrigatorios.

-Reducir o impacto da pesca en especies non comerciais.

3. Ademais, deberán estar en posesión das autorizacións oportunas, de ser o caso.

*Artigo 9º.-Certificación de non inicio.*

1. O non inicio acreditarase mediante certificación dos servizos da Consellería do Mar, certificación que se solicitará coa antelación suficiente. Quedan exentas do anterior aquelas solicitudes en que o investimento declarado polo interesado sexa igual ou inferior a 6.000 € e se refira a instalacións de equipamentos que non requiran a autorización desta consellería. Nestes casos, o non inicio do investimento acreditarase mediante declaración responsable de que os investimentos non foron iniciados, xunto coa factura ou facturas pro forma que se presentaran no momento da solicitude. En todo caso, os investimentos que se refiran a obras precisarán da acta de non inicio realizada polos servizos da Consellería do Mar.

2. Para a realización das actas de non inicio poderanse realizar convocatorias colectivas fixando unha data, un lugar e unha hora para a súa realización. Esta convocatoria expoñerase nos taboleiros de anuncios dos departamentos territoriais da consellería e da confraría de pescadores correspondente.

3. Non obstante o indicado no punto 1 deste artigo, por causas xustificadas poderase solicitar á xefa-

tura territorial correspondente da Consellería do Mar, e acordar por resolución do xefe territorial, a realización da certificación do non inicio por outros servizos, no caso de que:

3.1) As obras se realicen noutra comunidade autónoma, esta certificación poderá ser emitida polos servizos correspondentes desa comunidade autónoma.

3.2) As obras se realicen no estranxeiro, esta certificación poderá ser emitida por entidade ou organismo habilitado (feito que deberá estar debidamente acreditado) coa inescusable intervención das autoridades españolas correspondentes (embaixada, consulado ou outras con capacidade para realizala).

4. Se for necesario realizar as obras antes do inicio da data de presentación de solicitudes da convocatoria anual correspondente e sempre que se xustifique debidamente, de forma excepcional poderá facerse unha certificación de non inicio antes de que as obras comecen. Esta certificación solicitarase á xefatura territorial, acompañada do proxecto, memoria descritiva dos aspectos técnicos e económicos do investimento, facturas pro forma ou catálogos. Esta acta de non inicio previa, se for necesaria, será de obrigado cumprimento para todos os interesados, incluído os de investimentos iguais ou inferiores a 6.000 € aínda que non inclúa obras.

5. No caso de que a solicitude non fose seleccionada, a certificación de non inicio terá validez unicamente na convocatoria inmediatamente seguinte, e sempre que o solicitante confirmase a súa solicitude de axuda.

*Artigo 10º.-Tipo e contía das axudas.*

1. As axudas reguladas nesta orde teñen o carácter de subvencións de capital.

2. Para os buques iguais ou maiores de 12 m de eslora total, a porcentaxe máxima de contribución pública das axudas poderá ser igual ou menor ao 40% do total dos gastos elixibles, de acordo co establecido no anexo II do Regulamento do FEP. No caso de cambios de motor, o importe de axuda será como máximo un 20% do gasto elixible.

3. Para os buques de menos de 12 m de eslora total, a porcentaxe máxima de contribución pública das axudas poderá ser igual ou menor ao 60% do total dos gastos elixibles de acordo co establecido no anexo II do Regulamento do FEP.

4. O importe do investimento subvencionable será o que se obteña da valoración das obras ou investimentos con criterios técnico-económicos, obxectivos e homoxéneos, de acordo cos informes emitidos ao abeiro do convenio existente entre a Consellería do Mar e o Colexio de Enxeñeiros Navais e Oceánicos. Serán desestimadas aquelas solicitudes en que o importe da axuda resultante do investimento subvencionable sexa inferior a 600 €.

5. Terán a consideración de buques de pesca costeira artesanal aqueles buques pesqueiros de eslora total inferior a 12 metros, que non utilicen as artes de arrastre previstas no anexo I do Regulamento (CE) 26/2004, da Comisión, do 30 de decembro de 2003.

6. Non obstante o indicado nos puntos anteriores, no caso dos investimentos a bordo acollidos ao previsto no Regulamento (CE) 744/2008, a porcentaxe de axuda poderá acadar o 60%.

7. O número máximo de axudas para investimentos a bordo que se poderán conceder en todo o período de vixencia do FEP será de tres, salvo causas de forza maior debidamente xustificadas. En todo caso, o gasto máximo elixible en todo o período de vixencia do FEP será o 50% do valor que lle correspondería ao buque por paralización definitiva durante o primeiro ano de programación do Fondo Europeo de Pesca, valor que poderá ser incrementado para os casos de investimentos en seguridade.

8. Procederá a devolución proporcional das axudas concedidas se o buque é dado de baixa do Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Censo da Frota Pesqueira Operativa dentro do prazo de cinco anos desde a data de remate dos traballos, acreditada coa última data do pagamento contable.

#### Artigo 11º.-*Compatibilidade das axudas.*

1. As axudas establecidas nestas bases reguladoras serán compatibles con calquera outra concedida por outras administracións públicas ou por entidades públicas ou privadas, sempre que non teñan financiamento parcial ou total de fondos procedentes doutro instrumento financeiro comunitario e a suma total das axudas non supere a porcentaxe máxima fixada no Regulamento (CE) 1198/2006 para a contribución pública.

2. No suposto de que a suma de todas as axudas supere os ditos límites, procederase, por resolución do órgano concedente, á minoración da axuda concedida.

#### Artigo 12º.-*Prazos de solicitude e documentación necesaria.*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

2. A solicitude presentarse en orixinal e tres copias nas delegacións territoriais da Xunta de Galicia ou en calquera das oficinas a que se refire o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxi-

me xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e deberá constar da seguinte documentación:

a) Anexo I desta orde relativo ao modelo de solicitude de axuda.

b) Acreditación da personalidade:

I. Se o solicitante é a persoa física propietaria do buque:

-Copia cotexada do DNI ou autorización ao órgano xestor para comprobar os datos de identidade mediante consulta ao Sistema de Verificación de Datos segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro (DOG nº 221, do 13 de novembro) e a Orde do 7 de xullo de 2009 (DOG nº 134, do 10 de xullo), o interesado debe neste último caso marcar o recadro correspondente na solicitude de axuda.

II. Se o solicitante é o armador do buque e é distinto do propietario:

-Copia cotexada do DNI do armador ou autorización ao órgano xestor para comprobar os datos de identidade mediante consulta ao Sistema de Verificación de Datos segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro (DOG nº 221, do 13 de novembro) e Orde do 7 de xullo (DOG nº 134, do 10 de xullo), o interesado debe neste último caso marcar o recadro correspondente na solicitude de axuda.

-Copia cotexada do contrato de arrendamento do buque.

III. Se o solicitante é unha persoa xurídica:

-Copia cotexada da tarxeta de identificación fiscal e copia cotexada do DNI (ou autorización ao órgano xestor segundo o anexo III para comprobar os datos de identidade mediante consulta ao Sistema de Verificación de Datos segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro (DOG nº 221, do 13 de novembro) e a Orde do 7 de xullo de 2009 (DOG nº 134, do 10 de xullo).

-Certificación de rexistro en que figure a constitución da sociedade e os estatutos vixentes.

-Poder suficiente do representante no caso de que tal poder non figure nos estatutos.

IV. Se os solicitantes son unha pluralidade de persoas, ademais da sinatura de todos eles no modelo de solicitude, deberán presentar:

-Copia cotexada do DNI de cada un dos propietarios da embarcación e do CIF da comunidade de bens ou sociedade civil ou autorización ao órgano xestor de todos os membros para comprobar os datos de identidade mediante consulta ao Sistema de Verificación de Datos segundo o Decreto 255/2008 do 23 de outubro de 2008 (DOG nº 221, do 13 de novembro) e Orde do 7 de xullo de 2009 (DOG nº 134, do 10 de xullo).

-Copia cotexada da escritura de constitución e a porcentaxe de participación de cada un dos seus

membros, ou no seu defecto declaración responsable asinada por todos os socios, segundo modelo do anexo VII. En calquera caso deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación.

-Compromiso de non disolución da agrupación ata transcorridos cinco anos desde o último pagamento.

c) Anexo II relativo ao financiamento do proxecto. O investimento do proxecto sumadas todas as subvencións non poderá ser superior ao prezo de mercado.

d) Ademais do anexo IV, debidamente cuberto nas correspondentes epígrafes de investimentos elixibles coa indicación do custo máximo previsto, sen IVE, e coa memoria xustificativa da subvencionabilidade dos investimentos, xuntaranse, ademais, cando se trate de motores ou outros equipamentos: catálogos, especificacións e facturas pro forma ou, de ser o caso, certificado de importación.

e) Autorización ou copia da solicitude de autorización para a realización do investimento previsto no caso de que esta sexa necesaria, sen prexuízo da achega da autorización previa a ditarse a proposta de resolución.

f) Folla de asento actualizada ou acreditación de tela solicitada, sen prexuízo da achega da folla de asento previa a ditarse a proposta de resolución.

g) Certificación actualizada do Rexistro Mercantil acreditativa da propiedade do buque ou solicitude da devandita certificación ante o rexistro, sen prexuízo da achega da dita certificación previa a ditarse a proposta de resolución.

h) Certificación bancaria da conta onde se procederá ao pagamento da axuda. Se o solicitante é unha pluralidade de persoas a certificación bancaria debe ser dunha conta en que sexan titulares todos os integrantes da agrupación.

i) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no caso de execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministracións de bens, o beneficiario deberá presentar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que se xustifique que polas especiais características dos gastos non existe no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

j) No caso de que o buque poida obter puntos polo establecido no artigo 15º punto 4 desta orde, deberá cubrir o anexo VI e achegar:

-No caso de obter puntos polo indicado no punto I, será verificado de oficio pola Administración.

-No caso de obter puntos polo indicado no punto II, deberá achegar copia dos estatutos da asociación

onde se recolle este feito ou compromiso ante notario.

-No caso de obter puntos polo indicado no punto III, copia cotexada do rol do buque.

-No caso de obter puntos polo indicado no punto IV, copia cotexada do convenio colectivo ou indicación do convenio a que estea adherido.

-No caso de obter puntos polo indicado no punto V, certificación da OP acreditativa deste extremo.

-No caso de obter puntos polo indicado no punto VI, certificación da organización promotora da dita medida.

-No caso de obter puntos polo indicado no punto VII, copia cotexada do certificado da entidade facultada para acreditar este feito.

-No caso de obter puntos polo indicado no punto VIII, documentación en que quede perfectamente acreditado este feito.

-No caso de obter puntos polo indicado no punto IX, copia cotexada do contrato e documentación acreditativa da situación de discapacidade ou situación de exclusión social.

3. Cada solicitante só poderá presentar unha solicitude para cada buque en cada convocatoria. No caso de que no prazo establecido se presentase máis dunha solicitude, terase en conta unicamente a presentada en último lugar, e declararase a inadmisión da(s) outra(s).

4. Considérase o mínimo imprescindible para a tramitación de solicitudes presentar os documentos seguintes:

-Anexo I.

-Anexo IV debidamente cuberto nas epígrafes e coa memoria que xustifica a subvencionabilidade dos investimentos para cada un deles.

-Cando proceda, segundo o establecido, artigo 12º.2, letra d), catálogos, especificacións e facturas pro forma ou, de ser o caso, certificado de importación.

-Autorización para a realización das obras obxecto de subvención ou copia da presentación da solicitude para realizar as devanditas obras, cando proceda.

-Folla de asento actualizada ou acreditación da presentación da súa solicitude no seu defecto.

A non presentación da devandita documentación dará lugar á inadmisión da solicitude.

5. Os datos que se remitan co expediente de solicitude de axudas poderán usarse de oficio para a actualización do Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia.

6. A solicitude e os seus anexos en formato electrónico poderanse descargar a través dos servizos

de administración electrónica da páxina web <http://webpesca.xunta.es>

*Artigo 13º.-Tramitación das solicitudes.*

1. Os servizos de Competitividade e Innovación Tecnolóxica dos departamentos territoriais da Consellería do Mar analizarán os expedientes e requirirán a emenda da documentación necesaria, de ser o caso.

2. Se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a deficiencia ou remita os documentos preceptivos, salvo os considerados como documentación mínima imprescindible recollidos no punto 4 do artigo anterior. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se dará por desistido da súa solicitude. Non se aplicará o anteriormente exposto ás solicitudes que non veñan acompañadas da documentación mínima imprescindible sinalada no artigo 12º.4, que non serán admitidas.

3. Sen prexuízo do sinalado na alínea anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o solicitante non poderá modificar a súa solicitude de axuda aumentando o importe total do investimento nin incluíndo novos conceptos para os cales solicita a axuda.

5. Os expedientes serán remitidos xunto cun informe a respecto ao Servizo de Innovación Tecnolóxica da Frota que analizará e clasificará os expedientes previamente á súa remisión á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte. O Servizo de Innovación Tecnolóxica da Frota, previamente á devandita remisión, poderá solicitar outros informes, se o considerase oportuno.

6. Con carácter previo á avaliación dos expedientes pola Comisión de Valoración, daráselle un trámite de audiencia aos interesados sempre que se teñan en conta para a resolución das axudas aspectos distintos aos aducidos por estes.

7. Os expedientes que non cumpran coas exixencias destas bases ou da normativa de aplicación quedarán á disposición do órgano instrutor que formulará a proposta de resolución desestimatoria ou de inadmisión, segundo o caso.

*Artigo 14º.-Comisión de avaliación.*

1. Os proxectos que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables. A comisión de avaliación poderá considerar como non viables proxectos ou actuacións presentados e, consecuentemente, propoñer a non concesión da subvención. Así mesmo, á vista das solicitudes presentadas, poderá establecer límites máximos de investimentos

elixibles, tanto por beneficiario como por actuación ou concepto elixible.

2. Á comisión poderá propoñer a non concesión da axuda cando o custo de adquisición proposto polo solicitante sexa superior ao valor de mercado e, para estes efectos, poderá pedir que a valoración dos investimentos solicitados sexa realizada por taxador independente debidamente acreditado e inscrito no rexistro oficial correspondente.

3. Os expedientes serán avaliados por unha comisión de avaliación constituída na Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica, que emitirá un informe ou unha acta co resultado da selección das solicitudes sometidas a avaliación e beneficiarias das axudas, que será incorporado ao expediente.

4. No devandito informe figurarán de forma individualizada os solicitantes propostos para obter a subvención ordenados segundo a puntuación acadada tras aplicar os criterios de selección do artigo 15º e o importe que lle corresponda a cada un deles.

Establecerase, ademais, unha lista de reserva con aquelas solicitudes que, reunindo os requisitos, non acadaran a puntuación necesaria por falta de crédito.

5. No caso de que os investimentos subvencionables dos expedientes non supere o crédito existente para as axudas, non será necesario que figure a avaliación individualizada de cada expediente.

6. A composición da comisión avaliadora determinarase na correspondente orde de convocatoria. Para a convocatoria do ano 2010 a composición da comisión avaliadora será a seguinte:

a) Presidente: o director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica.

b) Vogais: a subdirectora xeral de Innovación Tecnolóxica, a xefa do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Frota e os xefes de Servizo de Competitividade e Innovación Tecnolóxica de cada un dos departamentos territoriais.

Un dos vogais da comisión actuará como secretario.

7. En caso de imposibilidade de asistir a algunha das sesións, os membros do órgano colexiado poderán ser substituídos pola persoa que designe o presidente. O órgano colexiado precisará de polo menos a metade dos membros para a realización da avaliación.

8. A comisión de avaliación poderá traballar asistida dos asesores que considere conveniente, así como solicitar informes a expertos técnicos na materia.

9. O presidente da comisión de avaliación elevará a proposta de resolución desta ao órgano concedente, que ditará a correspondente resolución de concesión logo da preceptiva fiscalización do gasto.

Artigo 15º.-*Criterios de selección.*

1. Os criterios de selección poderán modificarse en cada convocatoria durante a vixencia do FEP.

2. Para o ano 2010 os investimentos subvencionables valoraranse segundo o seguinte baremo, e tendo en conta o tipo de frota:

A) Frota de artes menores.

1º.-Investimentos na mellora das medidas de seguridade: 80 puntos.

2º.-Investimentos na mellora das condicións de traballo: 64 puntos.

3º.-Investimentos na mellora das condicións de hixiene ou na mellora da calidade dos produtos: entre 60 e 52 puntos.

i) Substitución de madeira naquelas partes da embarcación ou noutros elementos que estean en contacto cos produtos da pesca por material impermeable e adecuado para o contacto cos produtos da pesca: 60 puntos.

ii) Sistemas que melloren a conservación dos produtos da pesca a bordo (no caso do peixe, habilitación da embarcación para asegurar temperaturas próximas á fusión do xeo ou, no caso do marisco, que non afecte negativamente a súa inocuidade ou viabilidade): 56 puntos.

iii) Sistema de mellora da rastrexabilidade dos produtos pesqueiros a bordo e outros investimentos distintos dos anteriores: 52 puntos.

4º.-Investimentos na mellora da selectividade ou substitución das artes de pesca: 24 puntos.

5º.-Investimentos na mellora do rendemento enerxético e investimentos ao abeiro do artigo 7º do Regulamento (CE) 744/2008: 20 puntos.

6º.-Investimentos do artigo 6º.2 desta orde: 16 puntos.

7º.-Substitución do motor: 12 puntos.

B) Frota de cerco.

1º.-Investimentos na mellora das medidas de seguridade: 80 puntos.

2º.-Investimentos na mellora das condicións de traballo: 64 puntos.

3º.-Investimentos na mellora das condicións de hixiene ou na mellora da calidade dos produtos pesqueiros: entre 60 e 52 puntos.

I) Substitución da madeira nas bodegas ou partes do buque que estean en contacto cos produtos pesqueiros por material impermeable e adecuado para o contacto cos produtos da pesca: 60 puntos.

II) Sistemas que melloren a conservación dos produtos da pesca a bordo: 56 puntos.

III) Sistema de mellora da rastrexabilidade dos produtos pesqueiros a bordo e outros investimentos distintos dos anteriores: 52 puntos.

4º.-Investimentos na mellora da selectividade ou substitución das artes de pesca: 24 puntos.

5º.-Investimentos na mellora do rendemento enerxético e investimentos ao abeiro do artigo 7 do Regulamento (CE) 744/2008: 20 puntos.

6º.-Investimentos do artigo 6º.2 desta orde: 16 puntos.

7º.-Substitución do motor: 8 puntos.

C) Frota de arrastre litoral e arrastre en augas de Portugal.

1º.-Investimentos na mellora das medidas de seguridade: 80 puntos.

2º.-Investimentos na mellora das condicións de traballo: 64 puntos.

3º.-Investimentos na mellora das condicións de hixiene ou na mellora da calidade dos produtos pesqueiros: entre 60 e 52 puntos.

I) Substitución da madeira nas bodegas ou partes do buque que estean en contacto cos produtos pesqueiros por material impermeable e adecuado para o contacto cos produtos da pesca: 60 puntos.

II) Sistemas que melloren a conservación dos produtos da pesca a bordo: 56 puntos.

III) Sistema de mellora da rastrexabilidade dos produtos pesqueiros a bordo e outros investimentos distintos dos anteriores: 52 puntos.

4º.-Investimentos na mellora da selectividade ou substitución das artes de pesca: 40 puntos.

5º.-Investimentos na mellora do rendemento enerxético e investimentos ao abeiro do artigo 7 do Regulamento (CE) 744/2008: 30 puntos.

6º.-Investimentos do artigo 6º.2 desta orde: 16 puntos.

7º.-Substitución do motor: 8 puntos.

D) Frota do caladoiro Cantábrico Noroeste distinta das anteriores.

1º.-Investimentos na mellora das medidas de seguridade: 80 puntos.

2º.-Investimentos na mellora das condicións de traballo: 64 puntos.

3º.-Investimentos na mellora das condicións de hixiene ou na mellora da calidade dos produtos pesqueiros: 52 puntos.

4º.-Investimentos na mellora da selectividade ou substitución das artes de pesca: 24 puntos.

5º.-Investimentos na mellora do rendemento enerxético e investimentos ao abeiro do artigo 7 do Regulamento (CE) 744/2008: 20 puntos.

6º.-Investimentos do artigo 6º.2 desta orde: 16 puntos.

7º.-Substitución do motor: 8 puntos.

E) Frota de altura (Pesquería comunitaria).

1º.-Investimentos na mellora das medidas de seguridade: 80 puntos.

2º.-Investimentos na mellora das condicións de traballo: 64 puntos.

3º.-Investimentos na mellora das condicións de hixiene ou na mellora da calidade dos produtos: 52 puntos.

4º.-Investimentos na mellora da selectividade ou substitución das artes de pesca: 40 puntos.

5º.-Investimentos na mellora do rendemento enerxético e investimentos ao abeiro do artigo 7 do Regulamento (CE) 744/2008: 30 puntos.

6º.-Investimentos do artigo 6º.2 desta orde: 20 puntos.

7º.-Substitución do motor: 8 puntos.

F) Frota de grande altura (pesqueira internacional).

1º.-Investimentos na mellora das condicións de traballo: 64 puntos.

2º.-Investimentos na mellora das condicións de hixiene ou na mellora da calidade dos produtos: 52 puntos.

3º.-Investimentos na mellora das medidas de seguridade: 50 puntos.

4º.-Investimentos na mellora da selectividade ou substitución das artes de pesca: 40 puntos.

5º.-Investimentos na mellora do rendemento enerxético e investimentos ao abeiro do artigo 7 do Regulamento (CE) 744/2008: 30 puntos.

6º.-Investimentos do artigo 6º.2 desta orde: 20 puntos.

7º.-Substitución do motor: 8 puntos.

4. Ademais, engadiranse 5 puntos por cada un dos aspectos que a continuación se indican, para o cal deberán cubrir o anexo VI co que proceda:

I. Naquelas frotas en que proceda, o buque sexa proveedor habitual da marca de calidade «pescade-Rías».

II. O armador ou propietario do buque teña acordos con outros armadores para a redución de custos de polo menos o buque para o cal solicita axuda.

III. O buque teña mulleres enroladas desde polo menos a data da presentación da solicitude.

IV. O buque teña asinado un convenio colectivo ou estea adherido a algún existente.

V. O buque pertenza a unha organización de produtores.

VI. O buque pertenza a algunha organización promotora dalgunha medida de autorregulación (norma de extensión etc...) nos últimos 3 anos.

VII. O buque teña implantado un sistema de xestión da calidade, seguridade alimentaria ou de xestión ambiental.

VIII. Polo menos nunha parte, o buque interveña na comercialización dos seus produtos pesqueiros.

IX. A empresa solicitante da axuda favoreza a inserción laboral de discapacitados ou persoas en situación de exclusión social.

A Administración poderá requirir de oficio ou ao interesado a documentación que considere oportuna para a verificación destes feitos.

No caso de empate terán preferencia o buque de menor antigüidade. De seguir o empate, terán preferencia os que presentasen antes a solicitude de axuda.

En calquera caso, terán prioridade sobre o resto da frota os barcos de artes menores.

En último lugar serán tidas en conta aquelas solicitudes en que en anteriores convocatorias o beneficiario renunciase unha vez aceptada a concesión da axuda, salvo que esta renuncia se producise por causas xustificadas que serán sometidas á consideración da comisión avaliadora.

5. Terase en conta o Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia para a inclusión dos buques nas epígrafes indicadas no punto 3 deste artigo.

#### Artigo 16º.-*Resolución e aceptación.*

1. A resolución das solicitudes correspóndelle á Consellería do Mar, que poderá delegar a dita competencia na Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica.

2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución da axuda será de nove meses desde a data de publicación desta orde de convocatoria de axudas no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o prazo sen resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Unha vez notificada a devandita resolución, o interesado terá un prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación para a aceptación desta. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda.

### Artigo 17º.-*Recursos.*

1. Contra a resolución expresa que se dite, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor recurso potestativo de reposición perante a conselleira do Mar, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

2. Se transcorrido o prazo para resolver establecido no artigo 16º ao interesado non lle é notificada a resolución, entenderase desestimada por silencio negativo e cabe interpor recurso potestativo de reposición ante a conselleira do Mar no prazo de tres (3) meses ou recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de seis (6) meses, contados en ambos os dous casos, a partir do día seguinte a que se produza o acto presunto.

3. Sen prexuízo do anterior, os interesados poderán exercer calquera outro recurso que consideren oportuno.

### Artigo 18º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, a obtención concorrente de subvencións e axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou incumprimento dos prazos de realización das obras, variación do orzamento, cambio de beneficiario nos termos establecidos no punto 2 deste artigo ou calquera outro aspecto que se considere que afecta un aspecto substancial da resolución de concesión, poderá dar lugar á súa modificación ou á súa revogación.

2. Non se admitirá a subrogación dun novo propietario na condición de solicitante ou beneficiario das axudas, agás nos casos de enfermidade que dificulte ou imposibilite a realización desta actividade, sucesión *mortis causa*, adquisición da propiedade como consecuencia de procesos de disolución e liquidación de persoas xurídicas, operacións de fusión ou escisión parcial ou total de sociedades ou naqueloutros casos en que, a xuízo do órgano competente para a concesión das axudas, a transmisión da propiedade do buque e a subrogación do novo propietario na posición do solicitante ou beneficiario non desvirtúe a finalidade das axudas. En calquera caso, o novo beneficiario deberá cumprir os requisitos desta orde e asumir as obrigas derivadas da concesión.

### Artigo 19º.-*Actas de fin de obra.*

1. A realización do investimento xustificárase mediante a oportuna acta de fin de obra realizada polos servizos da consellería, logo de petición do beneficiario ante o Servizo de Competitividade e Innovación Tecnolóxica dos departamentos territoriais, que deberá formularse, polo menos, con 15 días de antelación á realización da acta.

2. Se as obras se realizan noutra comunidade autónoma ou no estranxeiro, aplicárase o establecido no artigo 9º punto 3 desta orde.

3. Para a realización das actas de fin de obra poderanse realizar convocatorias colectivas nos termos establecidos no artigo 9º punto 2 desta orde.

4. Exceptúanse dos puntos anteriores aqueles investimentos en que o importe da subvención sexa inferior a 9.000 €. Neste caso a realización do investimento xustificárase coas facturas e certificación bancaria dos pagamentos correspondentes ás ditas facturas, así como cunha declaración xurada do interesado de que o dito investimento foi realizado segundo a resolución de concesión.

5. A consellería poderá, en calquera momento, realizar as comprobacións que considere oportunas para verificar a efectiva e correcta realización dos investimentos antes mencionados.

6. Sen prexuízo da obriga de reintegro, se como consecuencia dunha comprobación posterior ou de calquera outra verificación, se constatase falsidade na declaración mencionada no punto 4, serán de aplicación as infraccións e sancións establecidas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

7. Con carácter excepcional e logo de solicitude do interesado, debidamente motivada, o director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica poderá autorizar a expedición da acta de fin de obra antes de que o interesado estea en posesión da resolución de concesión de axudas e precise realizar a obra. Esta autorización non suporá ningún dereito nin ningunha prioridade para ser beneficiario da axuda.

### Artigo 20º.-*Prazos de execución, xustificación e pagamento.*

1. Con carácter xeral, e salvo que a resolución individual de concesión de axuda dispoña un prazo distinto, o prazo para a xustificación material e documental da finalización dos investimentos será ata o 31 de outubro do ano correspondente ao exercicio económico de que se trate. Este prazo poderá ser prorrogado por resolución expresa do órgano concedente logo de solicitude do beneficiario e por causas debidamente motivadas.

2. Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación xustificativa, declararase decaído do seu dereito ao cobramento.

3. Para o pagamento da axuda é imprescindible o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que o investimento obxecto da axuda estea realizado de conformidade coa resolución de concesión, integramente rematado e totalmente pagado. A acreditación da realización do investimento realizarase segundo o establecido no artigo 19º desta orde.

b) Que os beneficiarios estean ao día das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e que non teñan pendente de pagamento ningunha outra débe-

da, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

c) De ser o caso, que os barcos achegados como baixa fosen retirados da actividade pesqueira, deberá acreditarse mediante certificación da Capitanía o depósito de rol e a patente de navegación.

4. Para o pagamento, o beneficiario deberá presentar, en orixinal e tres copias, nas delegacións territoriais da Xunta de Galicia ou en calquera das oficinas a que se refire o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a seguinte documentación:

I) Anexo V relativo ao financiamento do proxecto.

II) Facturas orixinais do investimento realizado, que poderán ser devoltas por pedimento do interesado, unha vez tomada razón de que foron usadas para a percepción de axudas do Fondo Europeo da Pesca. As facturas que, se é o caso, se entreguen ao beneficiario serán marcadas cun carimbo no cal se indique o financiamento do FEP.

III) Certificación bancaria acreditativa dos pagamentos realizados correspondentes ás mencionadas facturas. Os certificados bancarios indicarán a factura ou facturas que soportan. Non se admitirán pagamentos en efectivo.

IV) Certificado bancario acreditativo da titularidade do solicitante e identificación da conta para o pagamento da axuda, se é distinta da achegada no momento da solicitude.

V) No caso de que se achegasen baixas para os investimentos realizados, certificación da Capitanía Marítima correspondente acreditativa de que as baixas foron retiradas da actividade pesqueira mediante a entrega da patente de navegación e do rol e de que se iniciou o expediente de despezamento. Se o procedemento de retirada da actividade pesqueira é distinto do despezamento, acreditarase suficientemente este feito.

VI) Se o importe da subvención é inferior a 9.000 €, declaración xurada nos termos establecidos no artigo 19º punto 4.

5. No caso de que o investimento for xustificado por menor contía que a considerada como elixible inicialmente, minorarase a axuda na mesma proporción, sempre que esta minoración na xustificación da axuda non afecte aspectos fundamentais do proxecto e non supoña unha execución deficiente deste.

6. No suposto de falta de xustificación documental ou material, o beneficiario perderá o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, segundo os casos.

#### Artigo 21º.-*Garantías.*

Se ao interesado se lle concedese unha prórroga nos termos previstos no artigo 20º.1 desta orde e a data para xustificación tanto material como documental dos investimentos sexa no ano inmediata-

mente seguinte, deberá presentar ante a Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda un aval polo importe do 110% da axuda correspondente ao investimento para o cal se concedeu a prórroga.

#### Artigo 22º.-*Reintegro das axudas.*

1. Procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida, así como os xuros de mora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención e ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Ademais será tamén causa de reintegro de acordo coas directrices comunitarias para o exame das axudas estatais no sector da pesca e da acuicultura (2008/C 84/06) a comisión de infracción ao dereito comunitario polo beneficiario e, en especial, ás normas da política pesqueira común durante o período cuberto pola subvención. O reembolso das axudas será proporcional á gravidade da infracción cometida.

3. Para este procedemento de reintegro terase en conta o establecido no capítulo II do título II da Lei de subvencións de Galicia.

#### Artigo 23º.-*Infraccións e sancións.*

Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, aos beneficiarios das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei de subvencións de Galicia.

#### Artigo 24º.-*Autorizacións do beneficiario.*

1. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para incluír e facer públicos nos rexistros públicos de axudas, subvencións, convenios ou sancións os datos relevantes referidos ás axudas recibidas, así como ás sancións impostas conforme o establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de estar ao día, nas obrigas tributarias e da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puideran ser obtidos polo órgano xestor, poderanlle ser requiridos ao beneficiario.

3. Igualmente, se na solicitude de axuda o interesado marca o recadro correspondente ou no caso do representante presenta o anexo III, esta actuación implicará a autorización ao órgano xestor para comprobar os datos de identidade mediante consulta ao Sistema de Verificación de Datos segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro (DOG nº 221, do 13 de novembro), e a Orde do 7 de xullo de 2009 (DOG nº 134, do 10 de xullo). Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderanlle ser requiridos ao beneficiario.

#### Artigo 25º.-*Publicidade.*

1. En aplicación do establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas, expresando a convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

2. De conformidade co establecido no artigo 13, punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Mar publicará na súa páxina web oficial (<http://webpesca.xunta.es>) a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web.

#### *Disposición transitoria*

Unicamente para a convocatoria do ano 2010 terán validez as actas de non inicio realizadas nos dous últimos exercicios, sempre que sexa posterior ao 1 de xaneiro de 2008, salvo que o solicitante renunciase á axuda.

#### *Disposición adicional*

Delégase na Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica a resolución destas axudas.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira.-No non previsto nesta orde, observárase o que establece o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e posteriores modificacións; o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos básicos da

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e os do seu regulamento de execución; no Regulamento 1198/2006, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Pesca; o Regulamento 744/2008, do 24 de xullo, polo que se establece unha acción específica temporal para promover a reestruturación das frotas pesqueiras da Comunidade Europea afectadas pola crise económica; e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarta.-Quedan sen efecto as bases reguladoras das axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade, aprobadas por orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 11 de marzo de 2009. Non obstante, seranlles aplicables as súas disposicións aos procedementos derivados de solicitudes presentadas ao abeiro da citada orde.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2010.

Rosa María Quintana Carballo  
Conselleira do Mar

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

*Resolución do 26 de abril de 2010 pola que se fai pública a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), pola quenda de promoción interna e cambio de categoría.*

A Resolución do 9 de setembro de 2008 pola que se convocou o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) (DOG nº 195, do 8 de outubro) prevé na base décimo primeira que se publiquen no DOG os nomes das persoas aprobadas.

De conformidade co sinalado e co acordado polo tribunal nas súas xuntanzas do 5 de marzo e do 23 de abril de 2010, faise pública a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo pola quenda de promoción interna e cambio de categoría para o ingreso nas prazas de técnico I e de técnico II de Agader.

Técnico I:

José Sanlés López (DNI 33300162-A).

Puntuación total: 16,78 (1º exercicio: 1ª proba: 6,28; 2ª proba: 8; 2º exercicio: exento; concurso de méritos: 2,5).

Técnico I (Área de Xestión Económico-Financeira):

José Miguel Curiel Cepeda (DNI 13772277-S).

Puntuación total: 18,13 (1º exercicio: 1ª proba: 7,17; 2ª proba: 8,46; 2º exercicio: exento; concurso de méritos: 2,5).

Técnico II:

Patricia Boo Moar (DNI 79313641-G).

Puntuación total: 14,02 (1º exercicio: 1ª proba: 5,52; 2ª proba: 6; 2º exercicio: exento; concurso de méritos: 2,5).

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa os interesados poderán interpoñer reclamación previa á vía xudicial laboral no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, conforme os artigos 69 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2010.

Antonio Crespo Iglesias  
Director xeral da Axencia Galega  
de Desenvolvemento Rural

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 26 de abril de 2010, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión do posto de xefatura de persoal facultativo de xefe de Servizo de Pneumoloxía deste complexo hospitalario.*

De conformidade co establecido no capítulo VI do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e a Orde do 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e da Orde do 15 de xuño de 2009 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 119, do 19 de xuño) o xerente do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

### RESOLVE:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir polo sistema de avaliación colexiada o posto de traballo que se cita no anexo desta resolución.

Segundo.-As bases da citada convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios das oficinas de persoal do Complexo Hospitalario e na páxina web do Servizo Galego de Saúde [www.sergas.es](http://www.sergas.es).

Terceiro.-As solicitudes e a documentación anexa que conteña a xustificación dos requisitos e méritos alegados deberán presentarse en calquera dos rexistros do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, dirixidas ao xerente do Complexo Hospitalario, no prazo de 20 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderán presentarse a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 26 de abril de 2010.

Francisco Soriano Paredes  
Xerente do Complexo Hospitalario Universitario  
de Vigo

### ANEXO

Denominación do posto: xefe do Servizo de Pneumoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.  
Procedemento de provisión: avaliación colexiada.  
Nº de vacantes: 1.

## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Resolución do 20 de maio de 2010 pola que se aproba e fai pública a listaxe definitiva de admitidos e excluídos e se convocan os aspirantes pola quenda de promoción interna á realización do primeiro exercicio do proceso selectivo para cubrir unha praza de técnico superior de publicacións desta universidade.*

Por Resolución do 9 de febreiro de 2010 (DOG do 26 de febreiro e BOE do 20 de marzo), convocáronse probas selectivas para cubrir unha praza de técnico superior de publicacións da USC, pola quenda de promoción interna e pola quenda de acceso libre.

Por Resolución do 20 de abril de 2010 (DOG do 4 de maio), aprobouse a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas nas mencionadas probas selectivas e fixouse un prazo para emendar os defectos que motivaron a exclusión.

Rematado o dito prazo e consonte o establecido na base 4.4 da convocatoria, o reitor

**RESOLVE:**

Primeiro.-Declarar aprobada e facer pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, pola quenda de promoción interna e de acceso libre, ás citadas probas.

Segundo.-Indicar que a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas está exposta nos taboleiros de anuncios da Reitoría, da Casa da Balconada, do edificio de Servizos Administrativos e Biblioteca Intercentros e na web:

<http://www1.usc.es/webpas/SPAS/Laborais/Indice.htm/>

Terceiro.-Convocar as persoas aspirantes admitidas pola quenda de promoción interna para a realización do primeiro exercicio da primeira fase, o día 15 de setembro de 2010, ás 9.00 horas, na sala de xuntas do Servizo de Publicacións (Campus Vida, Santiago de Compostela).

De non cubrirse a vacante por promoción interna, as persoas aspirantes admitidas pola quenda de acceso libre serán convocadas para a realización do primeiro exercicio da primeira fase mediante resolución reitoral, na cal se indicará o día, a hora e o lugar e que se publicará no DOG.

Cuarto.-As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio co DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán presentarse provistos do correspondente lapis do nº 2 e goma de borrar para a realización dos exercicios tipo test.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o dito recurso contencioso-administrativo mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2010.

Senén Barro Ameneiro  
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

*Resolución do 20 de maio de 2010 pola que se aproba e fai pública a listaxe definitiva de admitidos e excluídos e se convocan os aspirantes pola quenda de promoción interna á realización do primeiro exercicio do proceso selectivo para cubrir unha praza de técnico superior de información desta universidade.*

Por Resolución do 28 de decembro de 2009 (DOG do 19 de xaneiro e BOE do 8 de febreiro de 2010), convocáronse probas selectivas para cubrir unha praza de técnico superior de información da USC, pola quenda de promoción interna e pola quenda de acceso libre.

Por Resolución do 18 de marzo de 2010 (DOG do 12 de abril), aprobouse a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas nas mencionadas probas selectivas e fixouse un prazo para emendar os defectos que motivaron a exclusión.

Rematado o dito prazo e consonte o establecido na base 4.4 da convocatoria, o reitor

**RESOLVE:**

Primeiro.-Declarar aprobada e facer pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, pola quenda de promoción interna e de acceso libre, ás citadas probas.

Segundo.-Indicar que a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas está exposta nos taboleiros de anuncios da Reitoría, da Casa da Balconada, do edificio de Servizos Administrativos e Biblioteca Intercentros e na web:

<http://www1.usc.es/webpas/SPAS/Laborais/Indice.htm/>

Terceiro.-Convocar as persoas aspirantes admitidas pola quenda de promoción interna para a realización do primeiro exercicio da primeira fase, o día 22 de setembro de 2010, ás 10.00 horas, na sala de xuntas da Casa da Balconada (Rúa Nova nº 6, Santiago de Compostela).

De non cubrirse a vacante por promoción interna, as persoas aspirantes admitidas pola quenda de acceso libre serán convocadas para a realización do primeiro exercicio da primeira fase mediante resolución reitoral, na cal se indicará o día, a hora e o lugar e que se publicará no DOG.

Cuarto.-As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio co DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán presentarse provistos do correspondente lapis do nº 2 e goma de borrar para a realización dos exercicios tipo test.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de con-

formidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o dito recurso contencioso-administrativo mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2010.

Senén Barro Ameneiro  
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL NÚMERO CATRO DA CORUÑA

*Cédula de notificación de sentenza  
(1181/2009).*

Ana María Carrasco García, secretaria xudicial do Xulgado do Social número catro da Coruña, fago saber que no procedemento de demanda 1181/2009 deste xulgado do social, seguido por instancia de Manuel Miranda Fernández contra a empresa *Tabellarius, S.L.* e *Mensajeros de los Césares, S.L.*, sobre despedimento, se ditou resolución do teor literal seguinte:

«Decido.

Que estimando a demanda promovida por Manuel Miranda Fernández, debo declarar a extinción do contrato entre as partes e condeno as demandadas a lle aboar ao demandante a cantidade de 14.123,45 euros.

Notifíqueseles esta resolución ás partes e fágaselles saber que contra ela só cabe interpor recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que se deberá anunciar ante este xulgado no prazo de cinco días desde a notificación desta sentenza e, no propio termo, se o recorrente non goza do beneficio da xustiza gratuíta deberá, ao anunciar o recurso, entregar xustificante acreditativo de ter consignado a cantidade obxecto de condena na conta de depósitos e consignacións que este xulgado ten aberta no *Banesto* desta cidade.

E igualmente deberá, no momento de interpor o recurso, consignar a suma de 150,25 euros na conta, en concepto de depósito especial para recorrer.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que lle sirva de notificación en legal forma á empresa *Mensajeros de los Césares, S.L.*, en ignorado paradoiro, expido esta cédula para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

Advírtese o destinatario de que as seguintes comunicacións se farán nos estrados deste xulgado, agás as que sexan autos, sentenzas ou emprazamentos.

A Coruña, cinco de maio de dous mil dez.

Ana María Carrasco García  
Secretaria xudicial

*Cédula de notificación de sentenza  
(783/2008).*

Ana María Carrasco García, secretaria xudicial do Xulgado do Social número catro da Coruña, fago saber que no procedemento de demanda 783/2008 deste xulgado do social, seguido por instancia de Mutua Gallega de Accidentes de Trabajo, contra a empresa *Provic Servicios y Controles, S.L.*, Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS), sobre seguridade social, se ditou resolución do teor literal seguinte:

Auto.

A Coruña, 14 de abril de 2010.

Luis Javier Rodríguez Vidal, maxistrado xuíz do Xulgado do Social número catro da Coruña, ditou este en autos 783/2008.

Feitos.

Único.-A parte demandante solicita aclaración de sentenza.

Razoamentos xurídicos.

Único.-De acordo co disposto no artigo 267 da LOPX e 214 e 215 da LAC, debe aclararse a sentenza ditada nos seguintes termos. Na decisión, onde di: «... debo declarar a *Calidad y Personalización en el Puerto, S.A.* responsable directa e principal do aboamento de todas e cada unha das prestacións anticipadas pola demandante...», debe dicir: «... debo declarar a *Provic Servicios y Controles, S.L.* responsable directa e principal do aboamento de todas e cada unha das prestacións anticipadas pola demandante ...»,

Parte dispositiva.

Aclárase a sentenza ditada en data 19 de febreiro de 2010 nos termos expostos nos razoamentos xurídicos.

Notifíqueselles esta resolución ás partes facéndolles saber que contra ela non cabe recurso ningún, sen prexuízo do que procede contra a resolución aclarada cuxo prazo de interposición comeza a correr de novo desde a notificación desta cédula.

Así o acordo, mando e asino.

E para que lle sirva de notificación en legal forma a *Provic Servicios y Controles, S.L.*, en ignorado para- doiro, expido a presente para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

Advérteselle ao destinatario que as seguintes comunicacións se farán nos estrados deste xulgado, salvo as que revistan forma de auto ou sentenza, ou se trate de emprazamento.

A Coruña, seis de maio de dous mil dez.

Ana María Carrasco García  
Secretaria xudicial

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*Resolución do 20 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Infraestruturas, pola que se somete ao trámite de información pública complementaria o documento para información pública da autovía Curro-Baión, treito II: enlace de Costa-Baión. Adaptación do trazado entre o p.k. 1+930 ao 3+400. (Clave PO/02/199.01.3.2).*

Por resolución da Dirección Xeral de Infraestruturas do 18 de marzo de 2010 aprobouse, provisionalmente, o documento para información pública da autovía Curro-Baión, Treito II: enlace de Costa-Baión. Adaptación do trazado entre o p.k. 1+930 ao 3+400 (clave PO/02/199.01.3.2).

Con data de xaneiro de 2007 redáctase o estudo informativo e estudo de impacto ambiental do corredor alternativo á PO-531 Pontevedra-Vilagarcía de Arousa. Treito: Curro-Baión. No dito documento estúdanse catro alternativas de trazado, seleccionando como alternativa máis favorable a denominada Centro 2.

O 15 de outubro de 2008 «apróbase o expediente de información pública e definitivamente o estudo informativo e estudo de impacto ambiental do corredor alternativo á PO-531 Pontevedra-Vilagarcía de

Arousa. Treito: Curro-Baión ... sendo a solución aprobada a alternativa denominada, no estudo informativo, Centro 2». Esta alternativa Centro 2 desenvólvese entre o enlace de Curro e o enlace de Baión, discorrendo polo leste da estrada PO-531. Parte do trazado desta alternativa afecta unha zona de canteiras próxima á citada estrada.

Nesta resolución aprobatoria (DOG do 27 de outubro de 2008) recóllese que «durante a fase de proxecto aquilatar o trazado na zona das canteiras co obxecto de reducir a afección a estas» e tamén que «o proxecto de trazado e construción que desenvolve o estudo informativo deberá axustarse á alternativa aprobada, tendo, por motivos construtivos, a posibilidade de flutuar dentro dunha banda de 100 metros a cada lado do eixe ...».

Para dar cumprimento á redución da afección ás canteiras, con data de xuño de 2009 redáctase o proxecto de trazado da autovía Curro-Baión no que se inclúe o desenvolvemento da citada alternativa Centro 2, pero desprazada cara ao leste, nunha lonxitude de aproximadamente 700 metros e cunha separación máxima de só 200 metros na súa parte máis desfavorable, para reducir a afección a unha das canteiras, permitindo a súa explotación durante o seu período de concesión.

Esta minimización da afección, aínda que discorre polo mesmo corredor da alternativa proposta e ten a mesma concepción global do trazado, supón un desprazamento superior ao establecido na resolución de aprobación, polo que se somete esta ao trámite de información pública.

Por todo isto, e de acordo co establecido no artigo 15.1º da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, o mencionado estudo sométese ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Dirección Xeral de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas ás circunstancias que xustifiquen a declaración de interese xeral da estrada e sobre a concepción global do seu trazado.

A exposición ao público, para os efectos desta resolución, realízase na Dirección Xeral de Infraestruturas, no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra e nos concellos de Portas e Meis. Así mesmo, na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (<http://www.emati.xunta.es/portal/cidadan/lang/gl/pid/2199>), atópase á disposición dos interesados un documento resumo do estudo.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2010.

Isabel Vila Barbosa  
Directora xeral de Infraestruturas

*Resolución do 25 de maio de 2010, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto, para a contratación das obras que se citan.*

1. Entidade adxudicadora.

1.1. Organismo: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

1.2. Dependencia que tramita: Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

1.3. Nºs de expedientes: 16, 17 e 20/2010.

2. Obxecto de cada contrato.

2.1. Descrición do obxecto: obra de adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos urbanos do concello de Meira (Lugo). Cofinanciada polo Feder nun 31,50% (nº expediente: 16/2010).

2.1.1. Prazo máximo de execución: catro (4) meses.

2.1.2. Orzamento base de licitación: trescentos catro mil catrocentos dezanove euros con sesenta céntimos (304.419,60 €), máis corenta e oito mil setecentos sete euros con catorce céntimos (48.707,14 €) que corresponden ao 16% do IVE, o que supón un total de trescentos cincuenta e tres mil cento vinte e seis euros con setenta e catro céntimos (353.126,74 €), IVE incluído.

2.1.3. Garantía provisional: non se exige.

2.1.4. Clasificación: non se exige.

2.1.5. Criterios de adxudicación (puntos): 1. Oferta económica (ata 40); 2. Programa de execución das obras (ata 10,45); relación de equipos, maquinaria e medios auxiliares (ata 8,38); plan de control de calidade da obra e dos materiais (ata 6,28); persoal asociado á obra (ata 4,41); emprego de materiais e/ou produtos de reciclaxe (ata 4,19); melloras técnicas (ata 4,19); aspectos relativos á publicidade e difusión das obras (ata 2,10).

2.2. Descrición do obxecto: obra de adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos urbanos de Monte de Veigas de Camba en Vilariño de Conso (Ourense). Cofinanciada polo Feder nun 31,50% (nº expediente 17/2010).

2.2.1. Prazo máximo de execución: doce (12) semanas.

2.2.2. Orzamento base de licitación: douscentos trinta mil setecentos sesenta e catro euros con oitenta e sete céntimos (230.764,87 €), máis trinta e seis mil novecentos vinte e dous euros con trinta e oito céntimos (36.922,38 €) que corresponden ao 16% do IVE, o que supón un total de douscentos sesenta e

sete mil seiscentos oitenta e sete euros con vinte e cinco céntimos (267.687,25 €), IVE incluído.

2.2.3. Garantía provisional: non se exige.

2.2.4. Clasificación: non se exige.

2.2.5. Criterios de adxudicación (puntos): proposición económica (ata 40); programa de execución das obras (ata 10,45); relación de equipos, maquinaria e medios auxiliares (ata 8,38); plan de control de calidade da obra e dos materiais (ata 6,28); persoal asociado á obra (ata 4,41); emprego de materiais e/ou produtos de reciclaxe (ata 4,19); melloras técnicas (ata 4,19); aspectos relativos á publicidade e difusión das obras (ata 2,10).

2.3. Descrición do obxecto: obra de adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos urbanos do concello da Gudiña (Ourense). Cofinanciada polo Feder nun 50% (nº expte. 20/2010).

2.3.1. Prazo máximo de execución: catro (4) meses e 18 días naturais.

2.3.2. Orzamento base de licitación: seiscentos cincuenta e un mil cincocentos doce euros con noventa e oito céntimos (651.512,98 €), máis cento catro mil douscentos corenta e dous euros con oito céntimos (104.242,08 €) que corresponden ao 16% do IVE, o que supón un total de setecentos cincuenta e cinco mil setecentos cincuenta e cinco euros con seis céntimos (755.755,06 €) IVE incluído.

2.3.3. Garantía provisional: non se exige.

2.3.4. Clasificación: grupo A, subgrupo 2, categoría d).

2.3.5. Criterios de adxudicación (puntos): proposición económica (ata 40); programa de execución das obras (ata 10,45); relación de equipos, maquinaria e medios auxiliares (ata 8,38); plan de control de calidade da obra e dos materiais (ata 6,28); persoal asociado á obra (ata 4,41); emprego de materiais e/ou produtos de reciclaxe (ata 4,19); melloras técnicas (ata 4,19); aspectos relativos á publicidade e difusión das obras (ata 2,10).

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación das obras.

3.1. Tramitación: ordinaria.

3.2. Procedemento: aberto.

3.3. Forma: oferta economicamente máis vantaxosa, tendo en conta os criterios de adxudicación que figuran no cadro resumo do prego de cláusulas administrativas particulares.

4. Documentación e información.

4.1. Documentación:

Os proxectos que rexerán estas contratacións estarán a disposición dos interesados durante o prazo de

presentación de proposicións, na copistaría *Copy Nino*, sita na rúa Rosalía de Castro, nº 58, en Santiago de Compostela. Teléfono: 981 58 89 38.

4.2. Portal informático onde figuran as informacións relativas á convocatoria e onde se poden obter os pregos:

1º <http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=14203>

2º <http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=14204>

3º <http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=14205>

4.3. Entidade: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas-Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

4.4. Enderezo: rúa San Lázaro, s/n.

4.5. Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

4.6. Teléfono: 881 99 97 26.

4.7. Fax: 981 54 17 50.

5. Presentación das ofertas.

5.1. Data límite da presentación: as proposicións presentaranse, en días e horas hábiles, no prazo máximo de vinte e seis (26) días naturais contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no DOG. De coincidir o último día en sábado ou festivo, o prazo para a presentación de proposicións rematará o primeiro día hábil seguinte.

5.2. Documentación que é preciso presentar: a sinalada no punto 3.4. do prego de cláusulas administrativas particulares.

5.3. Lugar de presentación:

a) Entidade: Rexistro Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

b) Enderezo: San Lázaro, s/n.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

d) No suposto de que se participe en máis dun procedemento destas tres obras, a documentación xeral contida no sobre A presentada para un deles producirá plenos efectos nos demais en que se presenten proposicións, facendo constar expresamente como contido do sobre A a clasificación, ou solvencia, de ser o caso, e a referencia do procedemento en que se presenta a documentación xeral.

e) Cando a proposición se envíe por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da mencionada oferta mediante telegrama ou fax (981 54 17 50) no mesmo día.

f) Hora límite no último día de presentación de proposicións: ás 14.00 horas.

6. Apertura das ofertas.

A apertura do sobre B será realizada pola mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en Santiago de Compostela, ás 9.00 horas do décimo cuarto día natural a partir do seguinte ao da finalización do prazo de presentación das proposicións. Se ese día coincidise en sábado ou festivo, a mesa reunirase o primeiro día hábil seguinte, á mesma hora. A data de apertura do sobre C convocarase oportunamente.

7. Gastos do anuncio: serán por conta dos adxudicatarios.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2010.

José Antonio Fernández Vázquez  
Secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Infraestruturas

*Cédula do 7 de maio de 2010, do Servizo de Mobilidade de Ourense, pola que se notifican as denuncias por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servizo de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar. (Expediente OU-00063-O-2010 e seis máis).*

Por medio desta cédula notificaselles aos denunciados, cuxos datos e último enderezo coñecido se sinalan no anexo, as denuncias que se formularon contra eles. Por ese motivo iniciáronse, cos números que se indican, os correspondentes expedientes sancionadores que poden dar lugar ás sancións que tamén se citan.

Fáiselles saber o dereito que os asiste de alegaren por escrito ante o Servizo de Mobilidade o que consideren conveniente, achegando ou propondo as probas que coiden oportunas, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da publicación desta cédula.

Para que conste e lles sirva de notificación aos citados denunciados, en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula.

Ourense, 7 de maio de 2010.

José Enrique Rivera Sáez  
Xefe do Servizo de Mobilidade de Ourense

ANEXO

| -Expediente<br>-Matrícula<br>-Denunciante    | -Denunciado<br>-Último endereço coñecido                                                            | -Feito denunciado<br>-Data-hora-estrada-p.k.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     | -Precepto<br>infrinxido                 | -Precepto<br>sancionador                  | -Sanción<br>proposta |
|----------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|-------------------------------------------|----------------------|
| OU-00063-O-2010<br>0589-GGZ<br>G.C. Tráfico  | <i>Tuy Sanitarios Móviles e Higiene, S.L.</i><br>R/ Rosales, s/n<br>15003 Boqueixón (A Coruña)      | Non levar a bordo do vehículo arrendado o contrato de arrendamento ou copia deste.<br>19-10-2009; 12.0; OU-536; 6,500                                                                                                                                                                                                                                                                                            | R(CE) 3821/1985                         | Art.143.1º h) LOTT<br>Art. 201.1º h) ROTT | 1.001 euros          |
| OU-00218-O-2010<br>9105-BVL<br>G.C. Tráfico  | <i>Transportes Auto Radio, S.A.</i><br>Gambrinus, 58 (políg. A Grela)<br>15008 A Coruña             | Circular co vehículo citado (en baleiro), sen achegar o imposto normalizado que recolle a Directiva 2006/22/CE do Parlamento Europeo (e as súas modificacións), ao manifestar o condutor que conduce habitualmente vehículos exentos do ámbito de aplicación do Reg. CE 561/06 ou do convenio AETR. Conduciu na xornada de onte e anteriores (presenta discos días 4, 5 e 10).<br>11-2-2010; 11.30; N-532; 8,400 | R(CE) 3821/1985                         | Art.143.1º g) LOTT<br>Art. 201.1º g) ROTT | 2.001 euros          |
| OU-00241-O-2010<br>9184-CTY<br>G.C. Tráfico  | <i>Distribución Logística Daja, S.L.</i><br>Armórica, 42-B<br>27002 Lugo                            | Circular transportando leite sen realizar a revisión periódica do aparato tacógrafo no prazo debido. Data en placa de montaxe 20-2-2008 (válida por dous anos).<br>26-2-2010; 9.00; A-52; 188                                                                                                                                                                                                                    | R(CE) 3821/1985                         | Art.143.1º f) LOTT<br>Art. 201.1º f) ROTT | 1.501 euros          |
| OU-00254-O-2010<br>5014-FNJ<br>G.C. Tráfico  | <i>Gerrard Fomento y Construcciones, S.L.</i><br>Arenal, 103-baixo<br>9200 Miranda de Ebro (Burgos) | Circular co vehículo arrendado sen levar a bordo o contrato de arrendamento ou copia deste. Achega un contrato de aluguer nº C07/13622 caducado o 22-5-2009.<br>11-12-2009; 18.12; A-52; 160                                                                                                                                                                                                                     | Art. 17 OM 20-7-1995<br>(BOE 2/8)       | Art.143.1º e) LOTT<br>Art. 201.1º e) ROTT | 1.001 euros          |
| OU-00274-O-2010<br>2773-FRY<br>G.C. Tráfico  | <i>Gerrard Fomento y Construcciones, S.L.</i><br>Arenal, 103-baixo<br>9200 Miranda de Ebro (Burgos) | Circular sen levar a bordo do vehículo arrendado o contrato de arrendamento ou copia deste. Achega o contrato nº CE/4710/2007020728, válido ata o 27-7-2009, que non están en vigor.<br>15-1-2010; 20.30; A-52; 160                                                                                                                                                                                              | Art. 17 OM 20-7-1995<br>(BOE 2/8)       | Art.143.1º e) LOTT<br>Art. 201.1º e) ROTT | 1.001 euros          |
| OU-00276-O-2010<br>7885-CNW<br>G.C. Tráfico  | José Antonio Gómez Taboada<br>San Paio, 26-3º<br>32001 Ourense                                      | Circular transportando 996 caixas de fregonas realizando un transporte público de mercadorías en vehículo pesado carecendo de autorización. Non achega ningunha autorización.<br>2-2-2010; 12.10; A-52; 193                                                                                                                                                                                                      | Art. 47 e 90 LOTT<br>Art. 41 e 109 ROTT | Art.143.1º i) LOTT<br>Art. 201.1º i) ROTT | 4.601 euros          |
| OU-00361-O-2010<br>LE-5611-S<br>G.C. Tráfico | José Emiliano Machado de Encarnación<br>Relva Torneiros, 37<br>36410 O Porriño (Pontevedra)         | Circular conducindo un vehículo provisto de aparello de control conforme o anexo I do RGTO (CE) 3821/1985, sen anotar na folla de rexistro o nome e apelido do condutor. Circula baleiro.<br>12-3-2010; 17.15; N-533; 20,500                                                                                                                                                                                     | R(CE) 3821/1985                         | Art.143.1º h) LOTT<br>Art. 201.1º h) ROTT | 3.301 euros          |

*Anuncio do 20 de abril de 2010, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se empra a interesada para ser notificada por comparecencia no expediente PO-RES-2010-014.*

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal dúas veces, emprázase a interesada que se sinala no anexo para ser notificada por comparecencia.

O acto foi adoptado polo xefe territorial.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, na sede deste departamento territorial, sito na rúa Fernández Ladreda, 43-4ª planta, de Pontevedra, en horario das 9.00 horas ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte.

Pontevedra, 20 de abril de 2010.

Evaristo Juncal Carreira  
Xefe territorial de Pontevedra

ANEXO

Expediente: PO-RES-2010-014.  
Interesada: *Granitos de Vigo, S.L.*  
Acto notificado: acordo de iniciación.

*Anuncio do 6 de maio de 2010, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, polo que se fai pública a Decisión do 5 de maio de 2010 de non someter a modificación puntual número 3 do Plan especial do núcleo histórico do concello de Allariz (Ourense) ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.*

En cumprimento do disposto no artigo 4 da Lei 9/2006, do 28 de abril, de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, faise pública a decisión de non someter a modificación puntual número 3 do Plan especial do núcleo histórico do concello de Allariz (Ourense) ao procedemento establecido no seu artigo 7.

Esta decisión pódese consultar na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no seguinte endereço da internet:

<http://aae.medioambiente.xunta.es/>

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2010.

Justo de Benito Basanta  
Secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA**

*Resolución do 26 de abril de 2010, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Cambados. (Expediente IN407A 10/91-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: travesía de Vigo, 204, 36207 Vigo.

Denominación: L.M.T. e C.T. Alameda Vella.

Situación: Cambados.

Características técnicas: L.M.T. subterránea a 20 kV de 235 m, con orixe na cela de M.T. do C.T. San Tomé e final na L.M.T.S. Fefiñáns-Cambados, entre os CC.TT. Os Olmos e San Tomé. C.T. con relación 20.000/400-230 V, de 250 kVA, na zona das rúas Montesacro e Alameda Vella.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste departamento territorial, ed. administrativo avda. Fernández Ladreda, 43-5º, 36003 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 26 de abril de 2010.

Ignacio Rial Santomé  
Xefe territorial de Pontevedra

*Resolución do 26 de abril de 2010, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Vigo. (Expediente IN407A 10/92-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: travesía de Vigo, 204, 36207 Vigo.

Denominación: L.M.T.S. e C.T. Ramón Nieto, 213.

Situación: Vigo.

Características técnicas: L.M.T. subterránea a 15 kV de 26 m, con orixe na L.M.T. Ramón Nieto e final na orixe. C.T. con relación 15.000/400-230 V, de 250 kVA, na planta baixa do edificio.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste departamento territorial, ed. administrativo avda. Fernández Ladreda, 43-5º, 36003 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 26 de abril de 2010.

Ignacio Rial Santomé  
Xefe territorial de Pontevedra

*Resolución do 27 de abril de 2010, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello da Guarda. (Expediente IN407A 09/928-4).*

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: travesía de Vigo, 204, 36207 Vigo.

Denominación: L.M.T. e C.T. rúa Coruña.

Situación: A Guarda.

Características técnicas: L.M.T. subterránea con condutor tipo R.H.Z.1, de 52 m de lonxitude, con orixe na L.M.T. Sobrelavilla entre os CC.TT. rúa Tui e rúa Tomiño 4. C.T. con relación 20.000/400-230 V de 250 kVA na rúa Coruña.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico e no capítulo II, título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás

condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co artigo 131 do Real decreto 1955/2000, será de doce meses, a partir da recepción desta resolución. Para os efectos da posible solicitude de prórroga, o petionario deberá ter en conta o disposto no capítulo IV do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente ao seu dereito.

Pontevedra, 27 de abril de 2010.

Ignacio Rial Santomé  
Xefe territorial de Pontevedra

*Resolución do 28 de abril de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello da Coruña. (Expediente IN407A 07/456).*

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., varios CC.TT. Sector 4 de Vio.

Situación: concello da Coruña.

Características técnicas: alimentación ao polígono industrial de Vio por tres liñas de media tensión subterránea 15/20 kV, cunha lonxitude total de 15.830 m en condutor R.H.Z.1 de 240 mm<sup>2</sup> Al, que parten da subestación da Grela e final no polígono de Vio.

Liña denominada Cero desde subestación a CC.TT. de reflexión nº 14.

Liña 1 desde subestación e alimenta os CC.TT. nº 9, 8, 10, 11, 12 e 13.

Liña 2 desde subestación e alimenta os CC.TT. nº 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 14.

Catorce centros de transformación prefabricados, oito de 630 kVA, tres de (400+630) kVA e trafos de (2×630) kVA modelos Ormaset e PFU-5. Concello da Coruña.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 28 de abril de 2010.

Tristana Moraleja Gómez  
Xefa territorial da Coruña

*Resolución do 30 de abril de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello da Coruña. (Expediente IN407A 09/374).*

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S. e C.T. nº 6 en Monte Patelo.

Situación: concello da Coruña.

Características técnicas: liña eléctrica subterránea de media tensión a 15/20 kV, de 40 m de lonxitude en condutor R.H.Z.1 (AS) de 400 mm<sup>2</sup> Al, con orixe e final na L.M.T.S. denominada nº 1 expediente 305/09, pasando polo novo C.T. nº 6 denominado de Monte Patelo 6 sito en zona glorieta 3ª rolda Oeste tipo 4L+2P e dous trafos de 630 kVA c/u. A Grela. Concello da Coruña.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 30 de abril de 2010.

Tristana Moraleja Gómez  
Xefa territorial da Coruña

*Resolución do 30 de abril de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Arteixo. (Expediente IN407A 09/389).*

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.A.T. 66 kV D.C. Sabón-Ártabra e Sabón-Repsol II variante entre os apoios AP4-AP12 (Porto Exterior da Coruña).

Situación: concello de Arteixo.

Características técnicas: liña eléctrica de alta tensión subterránea a 66 kV, cunha lonxitude de 1.611 m, con orixe no apoio PAS nº 6-1 para instalar, con condutor tipo A1630+H165, e final no apoio PAS nº 11-1, para instalar. Concello de Arteixo.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 30 de abril de 2010.

Tristana Moraleja Gómez  
Xefa territorial da Coruña

*Resolución do 30 de abril de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello da Coruña. (Expediente IN407A 09/407).*

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S. e CC.TT. subterráneos nº 7A-7B-7C (triplo habitáculo), en Monte Patelo.

Situación: concello da Coruña.

Características técnicas: liña eléctrica subterránea de media tensión a 15 kV, cunha lonxitude de 0,116 km, tramo 1 con orixe e final na liña 3 do proxecto (expediente IN407A 305/2009) unha vez entre e saia do centro de seccionamento S9, tramo 2 con orixe e final na liña 2 do proxecto (expediente IN407A 305/2009) unha vez entre e saia dos centros de transformación S7-A, S7-B e S7-C, en condutor R.H.Z.1-OL (AS) 3x1x400 mm<sup>2</sup>.

Edificio non prefabricado, con triplo habitáculo para instalación dos seguintes centros de transformación:

-S7A centro de transformación cunha potencia de 3x630 kVA (ampliable a 3x1.000 kVA) relación de transformación de 15.000-20.000/400/230 V.

-S7B centro de transformación cunha potencia de 3x630 kVA (ampliable a 3x1.000 kVA) relación de transformación de 15.000-20.000/400/230 V.

-S7C centro de transformación cunha potencia de 3x630 kVA (ampliable a 3x1.000 kVA) relación de transformación de 15.000-20.000/400/230 V.

-S9 centro de seccionamento con 3 celas telecomandadas.

Concello da Coruña.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 30 de abril de 2010.

Tristana Moraleja Gómez  
Xefa territorial da Coruña

*Resolución do 5 de maio de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados polas instalacións eléctricas L.M.T., C.T.A. e R.B.T., Campo-Peizás (Boimorto e Mesía). (Expediente 406/2008).*

